4

DOCUMENTOS E INFORMES

A COMUNICACIÓN EN GALICIA 2007

COORDINADOR
Xosé López García

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 1

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 2

cap_01_v2.qxd 27/6/07 16:53 Página 3

A COMUNICACIÓN EN GALICIA 2007

COORDINADOR
Xosé López García

DOCUMENTOS E INFORMES

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN

cap_01_v2.qxd 27/6/07 16:53 Página 4

A comunicación en Galicia 2007 / coordinador, Xosé López García. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, 2007. — 186 p. ; 28 cm. — (Documentos e Informes ; 4)
D.L. C 2368-2007. — ISBN 978-84-96530-33-1
1. Medios de comunicación social-Galicia. I. López García, Xosé. II. Consello da Cultura Galega. Sección de Comunicación. III. Título

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957202 Fax 981 957205
correo@consellodacultura.org
Web: http://www.consellodacultura.org

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
MANUEL JANEIRO

Depósito legal C 2368-2007
ISBN 978-84-96530-33-1

Realización
Galicia Media

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 5

ÍNDICE

Presentación..... 7

Francisco Campos
Prensa e grupos de comunicación: hai vida máis adiante do papel..... 9

Xosé López e o equipo do Arquivo de Comunicación
Os medios impresos: tempos de redefinición de estratexias..... 61

Xosé Ramón Pousa
A radio en Galicia..... 81

Xaime Fandiño Alonso e Alberto Dafonte Gómez
A televisión en Galicia: actualidade e previsión de futuro..... 91

Miguel Anxo Fernández
Cine. A evolución do sector en Galicia..... 113

Emilio C. García Fernández
A exhibición do cine producido en Galicia..... 123

Alberto Pena e Emma Torres
A comunicación corporativa e publicitaria en Galicia..... 135

Xosé López, Manuel Gago e Xosé Pereira
A internet en Galicia..... 145

Miguel Túñez
A información dos gobernos. Os gabinetes de prensa nas administracións autonómica
e local en Galicia..... 157

Antonio Sanjuán Pérez e José Juan Videla Rodríguez
A industria multimedia..... 173

Domingo Docampo
As telecomunicacións..... 181

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 6

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 7

PRESENTACIÓN

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega presenta esta nova entrega dos seus informes sobre a situación da comunicación en Galicia. Esta contribución supón un banzo máis na arela da Sección de fornecer ferramentas para unha mellor comprensión do hipersector en Galicia. Para isto, convidouse a expertos das distintas disciplinas a ofrecer a súa mirada rigorosa e exhaustiva e, como en ocasións anteriores, a resposta foi plural e altamente enriquecedora. Grazas ao traballo de pescuda e análise dos diversos profesionais, esta achega súmase ás ofrecidas en 1993, 2000, 2002 e 2004, o que nos permite unha perspectiva histórica interesante para entender polo miúdo a evolución do tecido mediático do país.

A presente radiografía permite explicar as razóns dos cambios acontecidos no último bienio e como as transformacións empresariais e políticas afectan aos produtos informativos. Os últimos dous anos foron convulsos para os medios de comunicación en España e, por suposto, para Galicia. Tal e como sinalan os expertos deste volume, a forte irrupción da prensa gratuíta en Galicia, a implantación da televisión dixital terrestre, a polémica das concesións dixitais no escenario autonómico, a reivindicación dun lugar propio para a prensa local, a consolidación da internet como soporte de acceso á información ou os cambios producidos nos cargos da radio e televisión de titularidade pública ocasionados polos relevos electorais repercuten inevitablemente na oferta informativa e de entretemento dos cidadáns galegos. Dende o punto de vista lingüístico os cambios non foron tantos nin, desgraciadamente, tan relevantes. Á espera do que aconteza coas novas concesións dixitais, o crecemento desmesurado da oferta radiofónica e televisiva por un lado e as reticencias manifestas da prensa tradicional a abrir espazos ao noso idioma polo outro provocan que o galego vaia ficando atrás no inmenso abano mediático ao que cada cidadán pode acceder na actualidade. A oferta mediática aumenta, pero a lingua non camiña ao seu mesmo ritmo. Neste sentido, só podemos destacar como elementos significativos a aparición do xornal gratuíto *LV*, do grupo El Progreso, unha cabeceira con edición diaria de luns a venres nas principais cidades galegas e redacción íntegra en lingua galega, e tamén o incremento dos cadernos de bitácora persoais na internet, o que significou o salto da lingua galega das páxinas institucionais ao seu uso público, voluntario e individual na rede.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 8

A perspectiva que nos ofrece o vindeiro bienio non se prevé máis estática ca a presente. Os cambios que acompañan o apagamento dixital e a multiplicación do abano mediático afectarán, inevitablemente, ao panorama galego e, con iso, á oferta informativa, cultural e lingüística á que terán acceso os cidadáns. Consciente da importancia dos medios de comunicación nunha sociedade globalizada, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega seguirá atenta aos cambios que se produzan.

Finalmente, como coordinador do informe, quero agradecerlles a todos os expertos que colaboraron neste volume a súa dispoñibilidade e o traballo realizado. Sen eles non sería posible esta visión poliédrica e rica sobre a cada vez máis densa e omnipresente sociedade da información.

Xosé López García

Coordinador da Sección de Comunicación

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 9

PRENSA E GRUPOS DE COMUNICACIÓN: HAI VIDA MÁIS ADIANTE DO PAPEL

FRANCISCO CAMPOS

Universidade de Santiago de Compostela

Os cambios nos modelos de negocio, nas empresas e grupos mediáticos, nos hábitos e formas de consumo marcan as tendencias da industria da comunicación a través da converxencia non só tecnolóxica e telemática, senón tamén dos contidos da información cos do entretemento e lecer. A economía da información e das ideas mestúrase e retroaliméntase coa economía da atención e da influencia (publicidade e propaganda), convertendo o coñecemento en produto, o tempo de uso e consumo en prezo (intercambio) e a propia comunicación e difusión en paradigma. Algúns (Toffler, 2006) falan dunha nova revolución da riqueza e tamén, por suposto, das contradicións e da súa cara negativa: pobreza, desigualdade, fenda dixital... A escala mundial as previsións de crecemento anual da industria da comunicación sitúanse por riba do 6,5% ata máis aló de 2010. Reestruturación de medios e modelos tanto a escala xeral como local, a prensa de pago fronte á gratuíta, a televisión en transición da analóxica á dixital e da xeralista á temática, a multimedia cara á hipermedia, a internet no seu propio espazo como novo medio e os usuarios (lectores e espectadores) tratando de compartir o poder mediático.

Cando aquí, no noso ámbito de referencia, *La Voz de Galicia* celebra o seu 125 aniversario e *A Nosa Terra* e *El Progreso* preparan os seus centenarios para 2008, a televisión pública autonómica perde o monopolio territorial a mans das novas concesións dixitais privadas repartidas entre os principais grupos mediáticos da prensa e da radio de Galicia. De 2005 a 2007 cambia de forma notable a estrutura da televisión en España e tamén as súas empresas e grupos de comunicación. Mentres a televisión pública estatal estrea marco legal e novo plan de reconversión económico e laboral, a autonómica culmina o seu proceso de crecemento en trece comunidades. A televisión privada, a pesar do incremento de canles e competencia, consolida o liderado e o crecemento en beneficios. O líder español das comunicacións (Telefónica) abandona paseniñamente o negocio dos media, mentres Prisa-Sogecable avanza na radiotelevisión en Latinoamérica e Portugal. Na prensa de pago, guerra de medios e de márketing ideolóxico entre *El Mundo* e *El País*, co *ABC* no centro do campo da batalla, de vítima conxuntural, precisamente no intre en que o seu grupo (Vocento) debutaba na Bolsa. Pola súa parte, a prensa gratuíta e as revistas especializadas presentan saldos negativos ou estancados, con reestruturacións e concentracións á vista.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 10

A finais de decembro de 2006 o xornal máis antigo do mundo, o *Post Och Tidningar*, de Suecia, creado en 1645, deixaba de imprimirse en papel, despois de 362 anos de publicación ininterrompida, para pasar a editarse na internet por conta da Oficina de Rexistros das Compañías Suecas. Polo momento, a prensa en papel en España ten aínda saudable vida por diante e, entre a de pago e a de balde, difunde diariamente preto de nove millóns de exemplares, case chegando á cota dos 200 xornais por cada mil habitantes. En Galicia difúndense tamén diariamente máis de medio millón de exemplares entre a prensa de pago e a gratuíta.

A industria dos contidos é un sector novo, con importante peso na economía moderna, pero sometido a procesos acelerados de transformacións e reestruturación. Os 30 principais grupos mediáticos españois representan un volume de negocio de máis de 15 000 millóns de euros anuais e danlles ocupación a 60 000 persoas, sen contar a actividade da principal compañía de comunicacións, Telefónica. A facturación do sector en Galicia, medios escritos e audiovisuais, acada os 500 millóns de euros e máis de 4000 postos de emprego. O volume de emprego da prensa escrita en Galicia sumaba 1615 persoas en 2005, e os ingresos totais uns 191 millóns de euros, cuns beneficios netos de 10,2 millóns. O audiovisual, dominado pola TVG na parte pública e polo Grupo R na privada, está formado por unhas 350 empresas, a maioría delas microempresas, de menos de dez traballadores, que viven das subvencións e da televisión autonómica, con escasa proxección exterior, inferior ao 20% da súa actividade. No ránking deses 30 principais grupos españois de comunicación hai presenza de catro directamente relacionados con Galicia.

Estrutura económica dos grupos de comunicación

Grupo	Cadro de persoal		Volume negocio		Resultados		Fondos propios		Endebedamento	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005
TELEFÓNICA	173 384	207 641	30 280	37 882	3175	4445	12 342	16 158	30 067	23 694
Telefónica Media	5860	5734	1219	1269	-40,6	78,8				
ONO	5580	5500	1311	1726	-87	-466				
RTVE	9369	9366	1625	1536	-723	-618	760	795	6892	7550
SOGECABLE	1721	1811	1477	1518	-161	8,14	263,08	98,71		
PRISA	9114	9636	1276	1425	105	152	735	730		
FORTA	10 900	11 176	990	1107	-300	-400			1500	1746
CRTV Galicia	750	910	126	129	2,89	2,74	26	29	74,60	43
PLANETA	3226	4654	913,95	1015		18,30				
Antena 3	2475	2430	769,85	932	105,27	226,01	354,68	333,62	180,70	330,17
TELECINCO	1223	1185	793,38	931	203,99	290,33	464,13	477,95	201,51	181,35
VOCENTO	3460	3480	718,40	794	114,20	149,00	543,00	607,50	172,90	194,50
ZETA	2350	2400	449	485	21,20	6,80			46,18	103,95

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 11

Grupo	Cadro de persoal		Volume negocio		Resultados		Fondos propios		Endebedamento	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005
RBA-Edipresse	380	629	377	407	26	19	4,35	9,15	10,41	10,22
UNEDISA	950	1000	232,49	315	20,53	30	88,92		103,42	
GODO	1529	1586	292,63	311	19,73	21,90	121,03	138,1		
PRENSA IBÉRICA	2350	2400	284	305						
Faro de Vigo	175	175	29,66	31,5	3,27	3,86	7,98	11,39	9,57	7,30
La Opinión A Coruña	75	75	3,86	4,4	-1,00	-0,76	0,19	0,43	1,20	1,71
RECOLETOS	2000	2050	255,93	290						
HOLA	147	147	117,67	119	0,53	4,85	123,32	128,18	40,42	35,12
GRUPO VOZ	623	625	85,00	90	5,48	5,22	24,78	28,83	42,00	48,26
GRUPO R	178	178	63,11	89	-5,45	3,45	11,89	15,35	393,27	408,44
HACHETTE	325	325	71,70	69	-3,30	-4,80	24,49	29,37	56,27	54,90
GRUPO G+J	363	247	52,20	60	5,6	1,9	12,21	8,57	14,92	21,90
HERALDO DE ARAGÓN	281	284	41,45	46	5,77	6,00	47,91	52,11	10,80	8,94
MOTORPRESS	382	382	38,02	42	1,11	2,37	6,80	7,67	24,70	24,08
CONDÉ NAST	176	179	36,43	41	3,44	6,27	12,18	18,46	10,94	11,50
DIARIO DE NAVARRA	195	195	36,77	39	7,39	7,96	12,21	13,40	7,04	7,13
GRUPO HERES	29	36	37,80	38	8,80	9,60	105,7	113,9	8,03	9,11
GRUPO SERRA	220	226	26,07	29	1,09	1,05	10,60	11,66	24,98	23,36
AXEL SPRINGER	150	157	23,30	28	4,10	2,80	11,76	14,59	8,27	13,90
GRUPO JOLY	40	47	11,10	21	2,52	3,18	10,65	9,90	35,75	50,54
GLOBUS	35	49	19,35	19	1,04	0,04	6,28	6,32	15,29	17,15
INTERECONOMÍA	49	106	12,84	13	-4,32	-8,49	3,34	3,02		
DIARIO BURGOS	64	63	10,33	11	4,49	4,60	7,59	7,44	10,87	10,56

Fontes: Datos económicos en millóns de euros. Elaboración propia seguindo fontes do Rexistro Mercantil, Ardán, Fomento da Produción, Comisión do Mercado das Telecomunicacións e Comisión Nacional do Mercado de Valores

Entre eses 30 grupos mediáticos aparecen tres entidades galegas, unha pública e dúas privadas: a Compañía de Radio Televisión de Galicia, o Grupo R e La Voz de Galicia, estas dúas últimas con preto dos cen millóns de euros, consolidando a suma dos seus respectivos negocios, no caso do xornal galego coa agregación da súa cabeceira do *Diario de León*, que en 2007 foi vendida ao Grupo Begar, propiedade do construtor José Luis Ulibarri. E tamén están outras dúas empresas xornalísticas galegas (Faro de Vigo e La Opinión), pertencentes a un mesmo grupo, Prensa Ibérica, do catalán Francisco Javier Moll. En total, 30 compañías mediáticas que suman máis de 60 000 empregados, un saldo negativo de case 500 millóns de euros producido polas altas perdas das televisións públicas, as operadoras de telecomunicacións e as plataformas de satélite, así como tamén, en particular, dalgúns grupos inter-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 12

nacionais editores de revistas. O volume de endebedamento do sector supera os 10 000 millóns de euros, de novo avultado polo desequilibrio negativo das radiotelevisións públicas.

Se a estas 30 compañías de medios de comunicación presentes no mercado español lles agregamos os datos totais da actividade de Telefónica, resulta un saldo de 270 000 empregados, 50 000 millóns de facturación, 4000 millóns de beneficios netos, preto de 20 000 millóns de fondos propios e 23 000 millóns de euros de endebedamento total. Telefónica, despois da absorción de Vía Digital por Sogecable e da venda de Antena 3 e Onda Cero, aínda mantén a propiedade da produtora de contidos Endemol e varias compañías de prensa e televisión en Arxentina. Malia a significativa presenza estranxeira no accionariado de varias compañías (Ono, Sogecable, Telecinco, Antena 3, Unedisa, RBA), é maioritario o control español sobre eses 30 grupos mediáticos, con apenas seis empresas –todas elas editoras de revistas– de capital multinacional integramente exterior.

Dimensión da converxencia mediática

Concepto	Fonte	Ano	Facturación	Emprego
Actividade cultural	Anuario M. Cultura	2004	30 000	500 000
Actividade das TIC	CMT	2005	40 878	92 475
Mercado das TIC	AETIC/PWC	2005	87 878	214 000
Industria dixital	IDATE/ENTER	2005	51 410	
30 principais grupos mediáticos de España	Elaboración propia datos R. Mercantil	2005	53 125	270 000
Publicidade medios convencionais	INFOADEX	2005	6694	
Ingresos totais de publicidade	INFOADEX	2005	13 706	

Fonte: Elaboración propia. Datos en millóns de euros

A dimensión económica e sociolaboral da converxencia das tecnoloxías da comunicación cos contidos mediáticos e culturais ten unha importancia relevante en España, segundo verifican os datos de seis fontes distintas, con modelos metodolóxicos e estatísticos diversos. O *Anuario de estatísticas culturais* do Ministerio de Cultura reflicte a actividade económica e laboral das industrias culturais a partir das táboas anuais da CNAE, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións é moi precisa nos datos que abranguen as súas competencias, a Asociación de Empresas de Tecnologías de la Información y la Comunicación (AETIC) é rigorosa na sistematización dos datos e Infoadex contabiliza os investimentos anuais de publicidade por medios. No noso caso, traballamos cun modelo de indicadores de grupos, tomando como fonte principal os datos do Rexistro Mercantil.

De 30, polo menos 25 grupos están presentes no sector audiovisual, a pesar de partir de empresas matrices de prensa ou de telecomunicacións. Máis do 70% son compañías de capital fa-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 13

miliar e sete deses grupos cotizan na Bolsa. En canto ao seu talle, sete compañías sitúanse por riba dos mil millóns de euros de facturación, tres máis entre esa cifra e os 500 millóns, outras sete entre 500 e 100 millóns e as restantes por debaixo desa última cifra. Os movementos accionariais e concentracións entran na previsión da busca de máis talle e sinerxías. Mentres a matriz italiana Rizolli de UNEDISA consumaba a súa oferta de 1100 millóns de euros polo grupo Recoletos, Vocento saía á Bolsa coa vocación de cazador para dinamizar a súa fortaleza da prensa rexional con novas participacións audiovisuais. A fusión do grupo de revistas do holding RBA coa suíza Edipresse abre expectativas para máis movementos nese subsector lastrado polo alto endebedamento e a perda de competitividade. A prensa de balde gáñalle mercado e rendibilidade á prensa de pago, con alta preocupación para os grupos grandes e medianos endebedados, que ven reducidos os seus ingresos sen poder conter os gastos constantes.

Xunto aos tradicionais operadores de redes de comunicacións, de equipamento de tecnoloxías e provedores de contidos, aparecen nestes últimos anos tamén novos xogadores especializados en integración de contidos e accesibilidade. Son os novos agregadores de contidos, motores de busca ou buscadores de información, os chamados portais de servizos e contidos. Estes novos axentes pasan en menos de cinco anos a situarse no vértice da pirámide da converxencia do negocio da infocomunicación. Convértense nas compañías líderes en valoración financeira da galaxia mediática porque logran reconstruír virtualmente e aproveitar o valor de uso a través da accesibilidade a todos os elos da cadea da infocomunicación. Unha mostra relevante –como poderiamos citar Google– resulta en 2005 a compra da primeira compañía europea de telefonía pola internet (Skype) por 3300 millóns de euros por conta da norteamericana eBay (especializada en poxas a través da rede). As dez operacións mediáticas de compra-venda máis importantes de Europa en 2005 superaban os 12 000 millóns de euros e todas elas arredor da multimedia.

Grandes operacións mediáticas de 2005

Valor	Vendedor	País	Comprador	País
3304	Skype	Luxemburgo	eBay	Estados Unidos
1864	BBS Broadcasting	Luxemburgo	PKB Media	Reino Unido
1825	Yellow Brick	Holanda	Macquarie	Australia
1130	IIR Hokings	Reino Unido	T&F Inf.	Reino Unido
922	Recoletos/Pearson	Reino Unido	Recoletos Cartera	España
842	Findeua AB	Noruega	Enro AB	Suíza
705	HIT Ent.	Reino Unido	Bunhsine AC	Reino Unido
660	GWR G.	Reino Unido	Capital Rad	Reino Unido
660	TDC Fortag	Dinamarca	Macquarie	Australia

Fonte: Global Entertainment and Media Outlook 2005-2010, PricewaterhouseCoopers, 2006

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 14

Outra mostra da nova recomposición e reorganización da industria audiovisual é a posta en marcha en 2006 en España da nova canle de televisión xeralista La Sexta, que lograba a finais de 2005 do Goberno do Estado a concesión da licenza de frecuencia analóxica –xunto coa de Sogecable para Cuatro– para poder emitir en aberto. O accionariado de La Sexta está formado polo Grupo Audiovisual de Medios (GAMP), que representa o 60% do capital, e pola mexicana Televisa, co 40% restante. Á súa vez, GAMP está formada polo Grupo Árbol (40%), Mediapro (38%), Drive (10%), El Terrat (7%) e Bainet (5%). O Grupo Árbol-Globomedia está liderado por Emilio Aragón, Xosé Miguel Contreras e Andrés Varela Entrecanales, este último tamén accionista significativo de Prisa e do grupo industrial Acciona. Mediapro está encabezada por Jaume Roures, especialista en xestión de dereitos e produción de acontecementos deportivos. Drive foi creada polo galego Xosé Manuel Lorenzo, ex-directivo de Antena 3 e Canal Plus. Detrás de El Terrat e Bainet están, respectivamente, Buenafuente e Arguiñano. Drive, a produtora de Lorenzo, vendeu as accións de La Sexta a finais de 2006.

O que revelan esas relacións son o salto cualitativo da participación das principais empresas produtoras audiovisuais españolas dende a súa especialización en creación de contidos á conversión en programadores e emisores. Entre as principais produtoras españolas de programas de televisión podemos situar as novas donas de La Sexta, ademais de Gestmusic-Endemol, participada por Telefónica e liderada por Tony Cruz, que factura máis de 900 millóns de euros ao ano; a citada Árbol-Globomedia, con preto de 350 millóns; Europroducciones, participada por Vocento e Arturo Vega, con máis de 30 millóns; Videomedia, tamén con capital de Vocento e Jorge Arqué, que rolda os 20 millóns; e Bocaboca, igualmente de Vocento e César Benítez, con máis de 18,5 millóns. De novo, como se ve, entrecruzamento de capital de artistas creadores, xestores e de grupos mediáticos.

O mercado mundial de televisión amosa unha boa saúde económica aínda que sacudida polas fusións e integracións empresariais. En Asia e Estados Unidos domina a televisión por cable, mentres que en Europa e América Latina, a difusión por satélite e ondas hertzianas. A publicidade e o *triplo play* son os modelos emerxentes de negocio a escala mundial do sistema audiovisual. Tanto Digiworld 2006 como Media 2005 de PWC estiman o crecemento anual sectorial 2006/10 por riba do 6%. E, sobre todo, emerxe como un maremoto o negocio do xogo virtual (casinos e videoxogos), para o que se estima un volume de facturación superior aos 25 000 millóns de euros nos tres próximos anos, malia que as apostas *on-line* só están regulamentadas ou autorizadas en tres países europeos (Reino Unido, Suecia e Malta).

A internet e os videoxogos convértense en motores do crecemento da industria multimedia de Estados Unidos, China e India. Segundo as estimacións de Global Entertainment and Media Outlook 2005-2010, a distribución dixital e móbil chegará a ser unha das bases do mercado da infocomunicación. Os formatos físicos continuarán dominando, pero cun crecemento máis lento debido á migración dos consumidores cara ao ecosistema dixital e móbil. O aumento da distri-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 15

bución *on-line*, o progreso das novas tecnoloxías dixitais e a mellora das terminais móbiles son os principais factores de desenvolvemento da infocomunicación. A industria cinematográfica, discográfica, de videoxogos, de xogos de azar e de libros xerou en 2005 uns 19 000 millóns de dólares e calcúlase que en 2010 chegará a 67 000 millóns. Todo un reto para os novos modelos de negocio dixital, a propiedade intelectual, os dereitos cívicos, a democracia e a ciberparticipación.

O mercado de ocio e medios de comunicación mundial, como reflicten as tendencias, seguirá medrando ata 2010. A radio verase afectada pola aparición de novas tecnoloxías (a internet, DAB e DRM) que fragmentarán máis o seu mercado. Consolidaranse os modelos de televisión de pago de oferta temática e especializada por cable, satélite, novas redes dixitais e internet. A difusión da TDT incorporará novos servizos de valor engadido e de prestacións ao consumo tradicional de televisión. A previsión de crecemento para os próximos catro anos da industria mediática, de entretemento e lecer no mundo rolda o 6,6. No que se refire ao consumo, o estudo global ACNielsen *Consumer and Opinion* destaca que os españois pensan, unha vez cubertas as necesidades imprescindibles, en gastar os cartos sobrantes en vacacións (49%), en entretemento e lecer fóra do fogar (48%), en mercar roupa (39%), en novas tecnoloxías (33%) e en mobles ou decoración dos fogares (29%).

Previsión de crecemento mediático

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2005-2010
Cine	-1,8	2,9	4,9	6,0	6,6	6,0	5,3
Televisión	6,5	7,8	5,6	8,1	4,9	6,9	6,6
TV pago	7,2	9,0	7,6	9,2	7,3	8,5	8,3
Discografía	1,2	5,0	6,0	5,9	4,9	4,5	5,2
Radio/P. ext.	5,2	6,5	5,6	6,4	6,1	6,3	6,2
Internet	19,1	17,3	15,5	12,8	10,6	8,8	12,9
Videoxogos	3,3	15,0	18,4	11,2	7,5	5,6	11,4
Inf. empresr.	5,8	5,8	6,2	5,8	5,4	4,9	4,4
Revistas	3,6	3,6	3,8	4,1	3,5	3,0	3,6
Xornais	2,3	3,0	2,9	3,7	2,7	3,3	3,1
Libros	3,9	1,3	4,7	2,2	3,3	3,2	2,9
Parques tem.	3,3	4,8	4,3	4,4	4,1	4,8	4,5
Casinos	10,9	10,1	10,0	9,2	7,7	6,9	8,8
Deportes	3,5	13,5	1,2	9,9	1,3	9,5	7,0
Media sector	5,9	7,5	6,6	7,3	5,6	6,2	6,6

Fonte: Global Entertainment and Media Outlook 2005-2010, PricewaterhouseCoopers, 2006

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:56 Página 16

O consumo de televisión en España supera as 50 000 horas de televisión ao ano, con 217 minutos diarios, 6000 spots e 2000 minutos de media entre todas as canles, do que resulta que cada telespectador ve ao día 100 anuncios e 650 á semana. Sostéñense as cifras estatais do cine español, que mellorou en 2005 a súa cota de produción (142 novas películas) e de pantalla, a pesar do preto que lle seguen as novas tecnoloxías e outras formas de consumo audiovisual. Nese mesmo ano a industria dos videoxogos facturou en España 800 millóns de euros, máis que o DVD e a música xuntos, e rexistráronse 500 millóns de descargas musicais e 80 millóns de cine da rede sen control de dereitos de propiedade intelectual.

Ocupación publicitaria de TV 1995-2005

ANO	NÚMERO DE SPOTS	MINUTOS DE PUBLICIDADE
1995	1 008 597	332 937
1996	1 008 221	344 877
1997	1 200 255	413 357
1998	1 313 405	455 419
1999	1 434 180	506 467
2000	1 470 378	506 425
2001	1 588 023	542 001
2002	1 806 628	627 151
2003	2 111 071	741 436
2004	2 214 095	768 765
2005	2 264 813	755 479

Fonte: Elaboración propia con datos do *Anuario de audiencias 2005* de TNS, 2006

Non só pola aparición de novas canles en aberto e pola estimación do apagamento analóxico a catro anos vista, 2005 foi o punto de inflexión na loita da competencia. O mercado da televisión está cambiando porque cambia o consumo. A primeira canle de TVE perde o liderado e a referencia de audiencia nos espazos informativos, a mans de Telecinco e Antena 3 respectivamente. O liderado da competencia, o mesmo que no resto de Europa, xógase con cotas de audiencia arredor do 20% e con tendencia á baixa. As canles privadas sobrancean en rendibilidade e saturación publicitaria. A televisión pública estatal sométese á reestruturación e redución de custos mentres se completa o modelo autonómico cun total de trece entes radiotelevisivos. As televisións públicas perden a bandeira dos principais dereitos deportivos (mundiais e Champions de RTVE e a LNFP da FORTA), mentres que a competencia, as privadas e as novas canles locais, respectivamente, presiónanas por riba e por baixo.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 17

O mercado da TV en España

Anos	TVE1	TVE2	T5	A3	C+/Cuatro	Forta	Sexta	Temática	Local
1993	29,8	9,6	21,4	21,1	1,9	15,6			
1994	27,6	9,8	18,0	25,7	1,9	15,2			
1995	27,6	9,2	18,5	26,0	2,3	15,4			
1996	26,9	9,0	20,2	25,0	2,2	15,4			
1997	25,1	8,9	21,5	22,7	2,5	17,4			
1998	24,9	8,1	21,0	22,8	2,4	16,5		3,6	
1999	24,9	8,1	21,0	22,8	2,4	16,3		4,5	
2000	24,5	7,9	22,3	21,6	2,4	17		1,8	1,5
2001	24,8	7,8	21,1	20,5	2,6	17,2		2,6	1,6
2002	24,7	7,7	20,3	20,3	2,3	17,9		2,8	2,1
2003	23,4	7,2	21,4	19,5	2,4	18,4		2,8	2,1
2004	21,4	6,8	22,1	20,8	2,1	17,7		5,9	3
2005	19,6	5,8	22,3	21,3	0,8/1,6	17,6		7,4	3,5
2006	18,3	4,8	21,2	19,4	6,4	15,4	1,8	8,9	3,4

Fonte: Elaboración propia con datos do *Anuario de audiencias* de 2005 e de xaneiro a novembro de 2006 segundo TNS

O 2006 remata confirmando o liderado de Telecinco por terceiro ano consecutivo, seguido de Antena 3 e coa TVE1 en terceiro lugar. A consolidación ascendente da televisión en aberto de Prisa (Cuatro), o lanzamento de La Sexta, a perda de audiencia das grandes canles xeralistas (Telecinco, Antena 3 e TVE sumaban o 69 do *share* en 2005 e quedan co 63,7 en 2006) e da FORTA (pasa do 17,6 ao 15,4%) así como a subida das temáticas e outras formas de consumo de televisión (dixitais e canles pola internet) marcan as tendencias da fragmentación audiovisual. A fragmentación das audiencias encamiña a televisión cara á especialización temática, ideolóxica, de estilo, de formas e programas segmentados. Os contidos máis demandados seguen sendo os informativos, seguidos polos *magazines* e *talk-shows*, cine, telefilmes, as series estranxeiras e nacionais e os *shows* de horario principal.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 18

Xéneros e porcentaxes de emisión

Xéneros	Cota de pantalla	% de tempo de emisión
Cine e telefilmes	9,99	8,4
Deportes	4,82	7,9
Documentais e divulgativos	2,90	7,1
Informativos e actualidade	12,13	18,5
Magazines e *talk-shows*	10,94	12,2
Musicais	0,19	1,8
Infantís	2,77	12,8
Series estranxeiras	9,71	14,1
Series nacionais	6,09	3,8
Shows de *prime time*	5,30	2,7
Telerrealidade	2,22	2,1
Variedades e concursos	4,35	8,2
Outros	0,15	0,4
Total	71,55	99,9

Fonte: Elaboración con datos de TNS Sofres

A gran tendencia que amosa o mercado de audiencias da televisión en España é o importante crecemento da televisión temática e local, así como das novas canles xeralistas que se incorporan en 2006, sobre todo Cuatro, porque La Sexta non arrancou ata a metade do ano, aínda que dispuxo para o seu lanzamento comercial da exclusiva en aberto dos dereitos do Campionato Mundial de Fútbol e, a partir de setembro, do partido semanal da primeira división da Liga Nacional de Fútbol Profesional, que posuían dende 1979 as televisións autonómicas asociadas á FORTA.

A penalización nas audiencias das televisións autonómicas é importante e quizais será maior a medio prazo polo dobre efecto diferenciador tanto dos telespectadores en particular como do modelo de audimetría en xeral. Só dúas canles autonómicas, Cataluña e Valencia, conservan eses dereitos deportivos, en virtude dos acordos individuais que mantiñan cos equipos das súas respectivas comunidades. En termos de audiencia, TV3 recupera o liderado das autonómicas e debutan Asturias cun 4,7 de *share*, Aragón cun 3, Baleares cun 6,7 e Murcia cun 1,5%.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 19

Audiencias das TV autonómicas

	CSUR	C2A	TV3	K33	ETB1	ETB2	TVG	TVM	C9	PUNT2	TVCAN	CMT
1993	18,9		19,2	5,6	5,5	10,7	15,5	18,8	19,9			
1994	16,6		22,5	5,2	5,1	12,4	14,6	17,8	17,7			
1995	16,4		21,4	4,3	5,9	14,8	15,4	20	18,5			
1996	16,3		19,1	6,9	6,7	16,1	16,5	19	17,3			
1997	19,5		22	7,1	7,5	17,2	18,5	20,3	20,6	0,5		
1998	19,5	1	23,6	5,7	6,7	16,5	18,1	20,6	18,2	0,9		
1999	18,8	2,1	22,1	5,2	5,4	15,6	18,6	20	18,7	1,4	2,9	
2000	17,8	3,5	21,2	5,1	4,6	16,3	19	19,7	20,2	2	5,4	
2001	17,3	4,2	21,8	6,1	5,3	17,8	18,3	17,8	18,7	2	7,1	
2002	17,2	4,6	21,4	7	5,6	18,5	16,7	17,2	18,4	1,8	11,1	7,3
2003	17,9	5,2	21,1	6,8	6,2	18	18	17,1	18,2	2	12,7	11,1
2004	19,2	5,5	19,9	6,2	5,3	17,1	17,4	14,9	17	2,1	10,3	11,6
2005	20,2	5,5	19,6	5,3	5	18,4	17,2	14,4	16,3	2,4	9,9	12,8
2006	17,5	4,2	18,2	4,3	4,4	15,8	14,4	11,6	14,3	2,1	9,2	12

Fonte: Datos de *share* medio anual segundo a audimetría de TNS

Volvendo ao panorama económico, destaca o contraste de resultados e endebedamento entre a radiotelevisión pública e a privada, lastrada a primeira por unha situación estrutural sobrecargada de equipo (3500 empregados nas dúas canles de capital privado fronte á suma de 20 000 funcionarios de RTVE e FORTA), escasos fondos propios e déficit estrutural encadeado. No balance neto de resultados dese conxunto de 30 grupos mediáticos máis importantes de España volven sobresaír, sobre todo, as dúas televisións privadas en aberto, Telecinco e Antena 3, con 290 e 226 millóns de euros de beneficios respectivamente. Estes resultados do presente reafirman con contundencia a resistencia do modelo económico da televisión analóxica en aberto, neste caso con respecto a 2005, cando aínda non comezaran a emitir as dúas novas canles (Cuatro e La Sexta) autorizadas a finais dese mesmo ano polo Goberno. Tamén se poden comparar os ingresos da televisión en aberto coa de pago e coas subvencións da televisión pública.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 20

Ingresos e subvencións da televisión 2003-2005

	Con subv. 2003	Sen subv. 2003	Con subv. 2004	Sen subv. 2004	Con subv. 2005	Sen subv. 2005
TV en aberto	3558,26	2255,90	3995,47	2502,85	5625,20	2800,35
TV de pago	1835,69	1835,69	1692,89	1692,89	1854,60	1854,60
Total	5393,95	4091,59	5688,36	4195,71	7479,80	4654,95
Subvencións	1455,60		1493,30	1493,3	2825,50	

Fonte: CMT, 2005

A evolución das subvencións da televisión pública está vinculada tamén aos procesos de crecemento, reestruturación e saneamento de cada unha das canles. A televisión pública do Estado remata 2006 cunha débeda acumulada de 9220 millóns, que asumirá o Estado nos próximos tres anos. Esa cantidade será asumida polo Estado a partir de 2007 e a compañía da radiotelevisión pública comeza a súa nova xestión sen esa pesada carga financeira. O Estado comprométese a amortizala nos tres próximos anos; preto de 3500 millóns de euros en 2007, outros 1700 millóns en 2008 e a parte restante entre 2009 e 2010. Pero a débeda acumulada das radiotelevisións públicas tanto de ámbito estatal como autonómico supera os 11 000 millóns de euros, e concéntrase principalmente na RTVE e nas radiotelevisións autonómicas de Cataluña, Valencia e Madrid.

Débeda acumulada das RTV públicas

	Longo prazo	Curto prazo	Total
RTVE	9 220 000 000		9 220 000 000
CCRTV Cataluña	867 000 000	136 000 000	1 003 000 000
CRTV Valencia	508 000 000	110 000 000	618 000 000
RTM Madrid	153 000 000	89 000 000	242 000 000
RTVA Andalucía	36 000 000	78 000 000	114 000 000
CRTVG Galicia	9 000 000	34 000 000	43 000 000
EITB País Vasco		37 000 000	37 000 000
CRTC Canarias		11 000 000	11 000 000
CCTM Castela-A Mancha		18 000 000	18 000 000

Fonte: Elaboración propia a partir dos orzamentos públicos de cada unha das RTV públicas

Polo que se refire ao espazo regulamentario, a mediados do ano 2007, a escala europea queda aprobada a revisión da Directiva da televisión sen fronteiras. No ámbito do Estado español foi aprobada a reforma da Lei marco de xestión da televisión pública, acordado o novo plan de recon-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 21

versión empresarial e a designación dos novos órganos (Presidente e Consello de Administración) do Grupo RTVE, a aplicación da Lei 10/2005, da TDT e da liberalización das comunicacións, a creación do Consello Audiovisual estatal e a previsión de seis máis de carácter autonómico (entre eles o de Galicia), a reformulación das competencias das comunidades autónomas en materia de comunicación audiovisual (tal como apuntan os novos estatutos aprobados en Cataluña e Valencia), as cinco novas leis e tres máis en previsión sobre a publicidade institucional das administracións públicas, o funcionamento de catro novas televisións autonómicas (Aragón, Asturias, Estremadura e Murcia), a creación e posta en marcha nalgunhas comunidades e entes de radiotelevisión pública da figura do Defensor dos Telespectadores, ademais do atraso sobre a prometida Lei xeral estatal do audiovisual.

A elaboración dos novos estatutos de autonomía abriu novas fronteiras para o desenvolvemento das competencias en materia de comunicación. Hai que ter en conta que a televisión, a diferenza doutros sectores, é unha actividade económica fortemente regulada pola Administración ata o presente. Pero o marco está a cambiar. A diversificación de canles e, sobre todo, a incorporación da televisión á internet están rompendo esas barreiras de entrada á difusión audiovisual. A televisión non só se pode emitir por ondas terrestres, senón tamén por satélite, cable e agora pola internet, que é o *boom* revelación de 2007.

A televisión dixital, fronte á analóxica, propicia unha optimización técnica do sistema de difusión por ondas terrestres a través da multiplexación de sinais. A emisión dixital ocupa menos ancho de banda que a analóxica, de modo que polo espectro radioeléctrico necesario para unha canle analóxica poden emitir catro dixitais. O cadro seguinte amosa o número de frecuencias (estatais, autonómicas e locais) que posibilita o plan técnico da TDT por cada unha das comunidades autónomas. No caso das frecuencias autonómicas, as dispoñibilidades técnicas permiten un ou dous múltiples e, incluso, a posibilidade de tres (caso de Cataluña), que multiplica por catro o número de canles ata un total de doce. Segundo o número de múltiples locais por cada Comunidade, a suma total para o conxunto estatal supera as mil canles posibles, aínda que non todas as comunidades autónomas convocaron os concursos de adxudicación nin, onde o fixeron, se presentaron solicitudes para todas as demarcacións e frecuencias. Estas son as previsións técnicas, pero a oferta de contidos diferenciados e viables xa é outro cantar...

Número de canles planificadas de TDT

Comunidade Autónoma	Estatais	Autonómicas	Locais
ANDALUCÍA	20	4/8	244
ARAGÓN	20	4/8	64
ASTURIAS	20	4/8	32
BALEARES	20	4/8	28
CASTELA E LEÓN	20	4/8	80

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 22

Comunidade Autónoma	Estatais	Autonómicas	Locais
CASTELA-A MANCHA	20	4/8	104
CANTABRIA	20	4/8	24
CATALUÑA	20	4/12	104
CANARIAS	20	4/8	44
ESTREMADURA	20	4/8	68
GALICIA	20	4/8	46
A RIOXA	20	4/8	12
MADRID	20	4/8	44
MURCIA	20	4/8	32
NAVARRA	20	4/8	20
PAÍS VASCO	20	4/8	60
VALENCIA	20	4/8	72
CEUTA E MELILLA	20	4/8	8

Fonte: CMT, 2005, con datos de Intermedios

O primeiro repartimento do espectro radioeléctrico dixital terrestre data de abril de 2002, sobre a base do plan técnico aprobado en 1998 para a creación dunha plataforma de 14 canles denominada Quiero TV, que resultou inviable e fracasou totalmente. Nesa mesma data foron adxudicadas tamén as canles dixitais estatais Veo TV e Net TV aos grupos mediáticos Vocento e Unidisa, editores de *ABC* e *El Mundo*, respectivamente, así como outra por cada unha das emisoras analóxicas de TVE, Antena 3, Telecinco e Canal Plus. Máis tarde o Goberno central aprobou o 25 de novembro de 2005 a nova redistribución das canles estatais vacantes da fracasada plataforma Quiero TV. A Televisión Española correspondéronlle cinco, catro delas de frecuencia múltiple. Tres desas novas frecuencias únicas foron para Cuatro, Antena 3 e Telecinco. Net TV, Veo TV e La Sexta recibiron dúas canles en múltiples de frecuencia única. O 30 de novembro dese ano 2005 comezaron a emitir en dixital todos os operadores, aínda que simultaneamente coa mesma difusión de analóxico.

Un ano despois do arranque da TDT en España, a finais de novembro de 2006, as estimacións oficiais cifran a súa cobertura real nun 14% da poboación e, ao mesmo tempo, os expertos comezan a poñer en cuestión que se poida producir o apagamento analóxico en 2010, tendo en conta a tripla complexidade da implantación masiva da televisión dixital terrestre. Para que sexa posible esa implantación masiva da TDT e o apagamento analóxico previsto, é preciso que todos os televisores existentes nos quince millóns e medio de fogares que hai en España, segundo o Instituto Nacional de Estatística, dispoñan dun sintonizador dixital, dentro do aparato ou en forma de descodificador;

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 23

que todas as antenas individuais e colectivas de televisión dispoñan da correspondente adaptación; e que a cobertura dixital terrestre sexa do cen por cen en todo o territorio estatal.

O cumprimento real desas tres condicións depende: no primeiro caso, dos usuarios ou telespectadores; no segundo, dos propietarios ou comunidades de veciños dos edificios, así como da capacidade técnica dos instaladores para readaptar as antenas; e, no terceiro, dos plans de cobertura territorial que corresponden ao Estado e ás comunidades autónomas. Membros da Comisión do Mercado das Telecomunicacións advertían a finais de 2006 que o prazo para a migración dixital da televisión era «extremadamente curto» e demandaban do Goberno unha potente campaña de comunicación para lles explicar aos cidadáns as vantaxes do novo sistema de radiodifusión. A Unión de Televisiones Comerciales Asociadas (UTECA) pedía tamén nas mesmas datas máis accións institucionais de impulso da TDT e algún tipo de «plan renove» para ir transformando en chatarra o parque de televisores analóxicos e acelerando a renovación dixital.

Os outros dous problemas están relacionados coa limitada capacidade material do censo actual de antenistas para acelerar a readaptación das instalacións e co Plan Técnico Nacional da TDT. Neste caso, as previsións estiman que en 2007 a cobertura nacional total debería acadar o 85%, o 88% en 2008, o 90% en 2009 e o 96% en 2010. Estes obxectivos presentan ao mesmo tempo outro novo problema relacionado co número de reemisores ou estacións terrestres difusoras, que supón pasar de 147 necesarias para o 80% de cobertura a 1500 para chegar ao 96% da poboación española.

Así, en termos de relación custo-servizo, os investimentos para os operadores poden supoñer un forte incremento engadido para o cumprimento do apagamento analóxico e a plena implantación da televisión dixital terrestre. Como alternativa, o Goberno baralla a posibilidade da difusión da TDT dende o satélite, ben a través dos operadores tradicionais de *carrier* ou ben mediante a obriga temporal de difusión gratuíta aberta de *must carry*, a través da plataforma de difusión satelital (Sogecable), como ocorre actualmente coas redes de cable.

Neste escenario de incerteza técnica estase configurando a nova televisión dixital terrestre, que dá entrada a novos operadores privados multimedia, a maioría deles procedentes da prensa e da radio, pero tamén doutros sectores económicos emerxentes. Novas canles estatais, autonómicas e locais con contidos xeralistas e temáticos, dentro dun mesmo modelo de negocio baseado na publicidade e na incerta (aínda que posible) combinación dalgún tipo de servizos de valor engadido relacionados coa interactividade. De entrada, xorde a necesidade de alta demanda de novos contidos, pero, ao mesmo tempo, a grandísima dificultade económica de como e con que ingresos podelos pagar. A curto ou medio prazo, aínda que a lei o impide taxativamente, esas múltiples novas canles dixitais irán converxendo cara a redes unificadas e integradas de contidos. Hoxe en día, é a alternativa visible máis viable, aínda que certamente non a permitida nin a desexable.

En Galicia, a adxudicación das concesións autonómicas e locais, que neste caso corresponde ás competencias da Xunta, foi realizada no primeiro caso o 26 de maio de 2005 (a cinco días do traspa-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 24

so de poderes) polo Goberno saínte do Partido Popular ás solicitudes presentadas por La Voz de Galicia e pola COPE, mentres que as segundas xa foron outorgadas polo novo bipartito do PSOE-BNG aos outros principais medios de prensa e radio local afincados en Galicia e conectados cos grupos estatais Prisa (emisoras asociadas da SER) e Prensa Ibérica (*Faro de Vigo* e *La Opinión A Coruña*). Non lograron entrar nas concesións nin nas alianzas establecidas as produtoras audiovisuais máis dinámicas nin tampouco outras arelas que enfatizaban no seu favor a bandeira da lingua e da cultura propias do país.

Nese aspecto, os grupos mediáticos tradicionais, da prensa e da radio locais, fortalecen a súa posición multimedia e quedan coa responsabilidade de buscar as alternativas de viabilidade das novas empresas mediáticas. Pola súa banda, as empresas de produción audiovisual, altamente dependentes da Televisión de Galicia, como cliente practicamente único, perderon unha oportunidade estratéxica de incrementar internamente o seu mercado, sen que tampouco fosen capaces nos últimos anos de romper as fronteiras e barreiras dos mercados exteriores.

A Televisión de Galicia, como imprescindible locomotora audiovisual dos últimos vinte anos, cun investimento agregado total superior aos 1880 millóns de euros nesas dúas décadas, está comprometida coa posta en marcha da súa segunda canle dixital e coa responsabilidade de seguir tirando dun sector audiovisual que precisa maior proxección estratéxica, cando a televisión pública estatal está en proceso de reconversión e o marco legal autonómico en vésperas de reordenación. O escenario das reformas do marco legal audiovisual autonómico prevé para Galicia –igual ca para outras comunidades autónomas– a creación do propio Consello Audiovisual e a nova Lei dos medios de comunicación públicos galegos e da comunicación audiovisual. Nese marco legal debaterase o modelo de medios de comunicación públicos e o exercicio das competencias sobre as novas concesións audiovisuais; en definitiva, o futuro do audiovisual en Galicia.

Entre as propostas que optaban ás licenzas autonómicas, quedou desbancada pola COPE no último intre o grupo que lideraba Xulio Fernández, o produtor audiovisual da Fonsagrada, afincado en Cataluña, á fronte de Filmax Comunicación SAL, xuntamente con Inversiones Saona S.L. (do coruñés Xoán Carlos Cebrián) e mais coas editoras locais e provinciais de prensa de Faro de Vigo, La Capital, Editorial Compostela, El Progreso e La Región. Filmax é cabeceira dunha das principais produtoras audiovisuais de España, que dispón en Galicia de cines, unha factoría de produción de animación (Bren Entertainment) e outros investimentos. Á parte de Filmax e das divisións audiovisuais das cabeceiras de prensa de Galicia, ningunha outra produtora audiovisual importante logrou participar nos concursos da TDT autonómica e local, circunstancia de carácter estratéxico que non pode ser pasada por alto á hora de avaliar a evolución do audiovisual en Galicia.

A polémica envolveu tanto as concesións das licenzas autonómicas como as de carácter local, tanto ao Goberno saínte do PP como ao Executivo entrante do PSOE-BNG. No primeiro caso as disputas sobre a COPE e o Grupo Filmax/Prensa local galega e con respecto aos informes técnicos para o repartimento das licenzas de TDT local, así como de seis emisoras radiofónicas dixitais autonómicas e 66 locais, dificultaron a primeira parte da concesión –resolta a favor de La Voz de Galicia e da cadea de Radio Popular– e impediron a segunda. A polémica herdanza recibida

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 25

polo Goberno entrante do PSOE-BNG resolveuse tamén con enfrontamento entre ambos os socios do bipartito, prevalecendo o criterio socialista de non modificar o concurso e adxudicar a partir das ofertas presentadas mentres os nacionalistas apostaban por deixalo deserto para volvelo convocar co fin de que se puidesen presentar novas propostas.

De cara ao futuro non hai que perder de vista as condicións de adxudicación e os compromisos de investimento, creación de emprego, emisión en galego e posta en marcha de servizos interactivos comprometidos polas empresas. O investimento directo comprometido nas distintas ofertas das empresas adxudicatarias da televisión dixital terrestre autonómica e local rolda os 150 millóns de euros; a creación de emprego consignada, os 1500 postos de traballo, o desenvolvemento de servizos interactivos e unha porcentaxe media de emisión en galego por riba do 85%.

Concesións de TDT en Galicia

Grupo empresarial	Empresa	Demarcación	Investimento	Emprego	% galego
LA VOZ DE GALICIA	Medios Digitales de Galicia	Galicia (autonómica)	97 258 026	148	85
COPE	TV Popular Galicia	Galicia (autonómica)	2 639 346	40	52
PRENSA IBÉRICA	Faro de Vigo SAU	Ourense	1 300 902	35	89
		Pontevedra	1 305 025	35	89
		Santiago	1 358 401	46	89
		Vigo	1 305 025	62	89
	La Opinión A Coruña	Carballo	1 215 258	35	89
		Coruña	1 750 016	46	89
		Ferrol	1 336 969	35	89
EL IDEAL GALLEGO	Editorial La Capital	Carballo	1 208 125	61	89
		A Coruña	1 208 125	61	89
		Ferrol	1 208 125	61	100
		Vilagarcía	1 208 125	61	100
	Multimedia de Comunicaciones del Atlántico	Lalín	1 208 125	34	100
		Ribeira	1 208 125	34	100
LOCALIA/SER	UTEGA	Coruña	1 793 000	60	100
		Lugo	994 000	60	100
		Ourense	990 000	60	100
		Vigo	1 799 000	60	100
	Radio Coruña	Ferrol	1 132 000	60	100
	Compostela Visión	Santiago	1 538 000	60	100
	Televisión Pontevedra S.A.	Pontevedra	1 483 000	60	100
EL CORREO GALLEGO	Editorial Compostela	Lalín	1 208 125	34	100
		Ribeira	1 208 125	61	100
		Santiago	1 208 125	61	100
		Vimianzo	1 208 125	61	100
EL PROGRESO DE LUGO	Telelugo El Progreso	Lugo	321 570	11	77,6
		Monforte	167 786	4	77,6
		Vilalba	113 643	4	77,6
		Viveiro	167 504	4	77,6
	Lérez Canal 29	Pontevedra	324 003	11	90,8
		Vilagarcía	176 593	5	77,6

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 26

Grupo empresarial	Empresa	Demarcación	Investimento	Emprego	% galego
LA REGIÓN	Telemiño	O Carballiño	321 892	13	80
		Monforte	321 892	13	80
		Ourense	209 116	32	80
		Verín	321 892	13	80
	Rías Baixas de Producciones de Vídeo y TV	Ponteareas	321 892	13	80
		Vigo	1 577 380	32	80
Jesús Fidel Fernández Bello	TV7 Monforte	Monforte	80 000	4	60
		Vilalba	150 000	6	60
Joaquín Barreiro Cajareville	Televisión Mancomunidade do Salnés	Ribeira	404 500	5	100
		Vilagarcía	404 500	5	100
Marco A. Pombo	Salitre	Carballo	1 280 280	26	70
Roberto Sánchez Sánchez	Chantada Comunicación	Chantada	80 000	2	60
José Manuel Romero Sánchez	Deza Visión	Lalín	347 400	9	60
Eurostar Producciones	Alternativas de Medios Audiovisuales	Lugo	4 521 251	30	53
Josefa López Pousa	Josefa López Pousa	Ponteareas	296 600	2	60

Fonte: Elaboración propia con datos das ofertas presentadas aos concursos convocados pola Comunidade Autónoma

La Voz de Galicia e a COPE son as dúas empresas mediáticas adxudicatarias das respectivas licenzas de televisión dixital autonómica, outorgadas pola Xunta de Galicia o 26 de maio de 2005, aínda que ambas xa constituíron novas sociedades promotoras para desenvolver esas concesións. Medios Digitales de Galicia S.A., constituída por La Voz de Galicia o 30 de marzo de 2006 na Coruña, cun capital social de dous millóns de euros, do que se desembolsa o 50% na data da constitución, ten como presidente a Santiago Rey Fernández-Latorre e como administradores a José Gabriel González Arias e Santiago Pérez Otero.

Televisión Popular de Galicia S.A., constituída o 9 de xaneiro de 2006 con domicilio social en Santiago, ten un capital social integramente desembolsado dun millón de euros, presidida por Ramón Otero Couso e con Jenaro González del Yerro como conselleiro delegado; conta tamén como administradores con Alejandro Samanes Prat, Luciano Javier Armas Vázquez, Javier Castro Dopico, Joaquín Rolland Andrade, José Rodríguez Gallego, Dictino Maceira Fernández e como secretario con Daniel Carlos Lorenzo Santos, representantes da canle radiofónica COPE e das dioceses galegas.

Se as concesións da televisión dixital autonómica foron para La Voz de Galicia e a COPE, as de carácter local corresponderon tamén maioritariamente para os outros grupos editores de prensa e da radio local-estatal, neste caso con vínculos respectivos por unha banda a Prensa Ibérica (*Faro de Vigo-La Opinión*) e ás emisoras asociadas da SER (Prisa) en Galicia. Por outra banda, as outras concesións repartíronas, pola seguinte orde, entre os editores de *La Región*, *La Capital-El Ideal Gallego*, *El Progreso* e *El Correo Gallego*. Outras dúas, respectivamente, foron para a TV do Salnés (Ribeira-Vilagarcía) e para Radio Principal de Monforte-Vilalba. E as cinco restantes corresponderon a outras tantas televisións locais de Lalín, Ponteareas, Chantada, Carballo e para Alternativa de

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 27

Medios Audiovisuales (AMA), do grupo Eurostar, a de Lugo. Corenta e cinco concesións de vinte demarcacións para outras tantas sociedades, tendo en conta que a das Pontes quedou deserta.

O grupo estatal Prensa Ibérica, editor das cabeceiras galegas *Faro de Vigo* e *La Opinión A Coruña*, propiedade da parella formada por Francisco Javier Moll de Miguel e María Aranzazu Sarasola Ormazabal, e a agrupación de emisoras de radio galegas asociadas á Cadena SER, de Prisa, foron os principais adxudicatarios –en número de licenzas e audiencia potencial das demarcacións, respectivamente– das concesións de televisión local dixital outorgadas polo Consello da Xunta de Galicia o 6 de xullo de 2006. Prensa Ibérica recibiu sete concesións en Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense e Carballo, e as emisoras locais galegas asociadas á SER outras sete concesións en Santiago, A Coruña, Lugo, Ferrol, Pontevedra, Vigo e Ourense, sobre unha cobertura potencial de 1 462 824 e 1 529 095 habitantes respectivamente.

As concesións das emisoras asociadas á SER en Galicia foron catro a través da Unión de Televisiones Gallegas S.A. (UTEGA), na Coruña, Vigo, Lugo e Ourense; unha a Radio Coruña S.L., en Ferrol; para Compostelavisión S.L., en Santiago; e outra a Televisión Pontevedra S.A., na cidade do mesmo nome. Nas dúas últimas sociedades tamén se cruza a participación societaria de UTEGA, Javier Otero, Jorge Hermida e en todas elas a familia Hervada, propietaria de Radio Coruña S.L.

Unión de Televisiones Gallegas S.A., con domicilio social na Coruña, foi constituída o 20 de novembro de 2000, ten un capital desembolsado de 11 067 000 euros e 45 empregados, segundo os datos do Rexistro Mercantil. Presidida por Ángel e Ignacio Gómez Hervada, forman parte de UTEGA tamén Francisco Javier Losada de Azpiazu (Radio Lugo), José Antonio Carvajal, Roberto Carlos Pérez Álvarez (R. Ourense), Sobrinos de José Pastor S.A., Eugenio González de Haz e Vizcaíno (R. Vigo); Jorge Juan Hermida Aldao (R. Pontevedra); e Guillermo Polanco Soutullo (Prisa). O seu capital social está integrado polo Grupo de Radios Gallegas S.A. (30%); Promotora de Emisoras de Televisión S.A. (28,8%) e outros socios financeiros. Pola súa banda, participa nas sociedades Radiotelevisión Compostela S.L, Compostelavisión S.L. e Televisión Pontevedra S.A. Na evolución das súas contas de resultados dos tres últimos anos contabiliza vendas entre 456 081,62 e 945 398,30 euros, e uns resultados negativos sucesivos que no último exercicio de 2004 chegan a -1 468 370,94 euros.

Compostelavisión S.L., administrada por Javier Otero Llovo e Ángel Gómez Hervada, está participada por UTEGA e pola Promotora de Emisoras de Televisión S.A.; conta cun capital social de 264 445,28 euros, 17 empregados e foi constituída o 11 de febreiro do ano 2000. As súas vendas acadaron en 2005 os 282 120,95 euros, e as perdas, tamén precedidas doutros dous anos por riba dos 336 000 euros en negativo, reducíronse no último exercicio a -268 106,31 euros. Pontevedra Televisión S.A., constituída o 15 de maio de 1995, ten un capital social de 270 400 euros e 8 empregados. Figuran no órgano de administración desta sociedade Alfredo Magín Froiz Planes, Carlos García Pradín, José Carlos Hermida Aldao e Jorge Juan Hermida Aldao, así como vinculación financeira coa Promotora de Emisoras de Televisión S.A. e a UTEGA. Rexistra tamén nos tres últimos exercicios 2002-04 perdas entre 238 506,60 e 303 424,14 euros.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 28

Radio Coruña S.L., nova concesionaria de Ferrol, foi constituída o 19 de febreiro de 1965 e conta cun capital social de 16 563,89 euros, con 37 empregados, está participada por Rafaela Hervada Carnerero, 74,38%; Paz Hervada Carnerero, 12,81%; e Victoria Hervada Carnerero, 12,81%. Integran o seu máximo órgano administrador, presidido por Rafaela Hervada, Mari Paz Hervada, Victoria Hervada, Ángel Gómez Hervada e Carmen Rivas Hervada. As súas vendas superaron os 2,8 millóns de euros en 2004, cuns beneficios de 251 086,47 euros.

A Editorial Prensa Ibérica S.A., cabeza do grupo xornalístico do mesmo nome que dispón en Galicia de *Faro de Vigo* e de *La Opinión* na Coruña, reparte o seu capital ao 50% entre a parella formada por Francisco Javier Moll de Miguel e Aranzazu Sarasola Ormazabal. Participa en 52 sociedades, entre elas ao cen por cen en Euro Pacific Holdings PTY Ltd de Australia, Liberduplex S.L., Diari de Girona S.A., Framol S.L., La Opinión de Málaga, La Opinión de A Coruña e Faro de Vigo. Esta sociedade cabeceira dun grupo de periódicos rexionais e locais, que nos últimos anos se estendeu tamén á radio e televisión de carácter local mediante as súas cabeceiras de prensa, rexistrou en 2004 vendas por 4 162 168,51 euros, con 207 180 917,56 de fondos propios, 22 935 579,02 de endebedamento e 36 511 734,31 de beneficios.

Faro de Vigo S.A., con 2,2 millóns de capital social, rexistrou no 2004 vendas por 29 057 372,70 euros, con 7 980 769,25 de fondos propios, 9 580 501,17 de endebedamento e 3 275 599,69 de beneficios. Participa en Faro de Portugal, Celta de Artes Gráficas S.L., Faro de Vigo Media S.L., Guga S.G.P.S. Lda. e R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A. A outra editora galega de Prensa Ibérica, La Opinión de A Coruña S.L., constituída o 21 de setembro de 1983, ten un capital social de 1,2 millóns de euros, 75 empregados e unhas vendas en 2004 de arredor de 3,5 millóns de euros. Nos tres últimos exercicios rexistrou perdas de arredor dun millón de euros por ano, cun endebedamento de 1,9 millóns. Se no caso do Faro, o decano da prensa española, a rendibilidade financeira e económica é do 41,04 e 18,52% respectivamente, no da cabeceira coruñesa do grupo é de evolución significadamente negativa.

A familia ourensá Outeiriño, accionista de *La Región/La Región Internacional* e *Atlántico Diario* de Vigo, está detrás de Telemiño S.A. e Rías Baixas Televisión S.L. Telemiño, constituída en 1996, ten 318 650,20 euros de capital social e 16 empregados, con vendas por 408 198,44 euros en 2004, un endebedamento de 308 949,35 e uns resultados negativos de -13 694,53. O seu capital social figura no 52,72% a nome de La Región S.A. e o resto repartido entre as empresas ourensás Hispamoldes S.A., Energía de Galicia S.A., Diseño de Ingeniería y Comunicación S.A. e Ignacio de las Cuevas S.A. A sociedade, presidida por Alfonso Sánchez Izquierdo, ten como conselleiro delegado a Óscar Outeiriño Vila e como administradores aparecen Manuel Santos Voz, Beatriz Bermello Arce, José Luís Outeiriño Vila, Antonio Tabarés Lezcano, Esteban Solleiro Pereira, Benito Fernández González e Alfredo Alemparte Blanco. Rías Baixas Televisión, que leva parte do nome da editora viguesa de *Atlántico Diario*, foi constituída en 2000 cun capital social de 9000 euros, sen apenas actividade.

O grupo La Capital, editora de *El Ideal Gallego* e dos xornais comarcais de Ferrol, Bergantiños e Arousa, está liderado por Juan Ramón Díaz á fronte dun grupo empresarial coruñés de matriz diversa. Esta sociedade, constituída en 1988, ten un capital social de 1 754 920,01 euros, 168 em-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 29

pregados, está participada por Editorial Celta S.A., 84,3%, e por Artes Gráficas La Capital S.A., 15,7%. Pola súa banda, participa en dúas sociedades relacionadas coas actividades do Grupo R Galicia, CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. e Inversiones Gallegas del Cable S.A. Integran o seu máximo órgano de administración o empresario galego-arxentino Florencio Aldrey Iglesias, como presidente; Juan Ramón Díaz García, como xerente; Manuel Ferreiro Regueiro, como administrador; e Isabel Noya Aldrey, como secretaria. Os resultados económicos desta editora nos últimos tres anos son positivos, con vendas en 2004 por 8 198 121,14 euros, con 2 119 818,86 de fondos propios, 2 712 646,38 de endebedamento e 274 910,40 de beneficios.

A outra sociedade concesionaria vencellada á xerencia de La Capital é Multimedia de Comunicaciones del Atlántico S.L., constituída en 1998, cun capital social de 30 050 euros, sen apenas actividade ata ao presente e participada por FILNA Gabinete Empresarial S.A. e ESMILTA Consultores S.A., ambas constituídas en 2003, a primeira presidida por Juan Ramón Díaz García e a segunda por José Francisco Verdía Rodríguez e Milagros Abelleira Montes.

As concesións de Lugo, Monforte, Vilalba e Viveiro, na provincia luguesa, e Pontevedra e Vilagarcía corresponden ás dúas sociedades da familia Cora, editora de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*. No caso das catro primeiras foron a nome da sociedade Telelugo El Progreso S.L., constituída en 1995, cun capital social de 907 528,27 euros e 22 empregados. Esta sociedade rexistrou no exercicio de 2004 vendas por 840 178,53 euros, con 777 647,32 de fondos propios, 465 179,01 de endebedamento e 7971,73 de beneficios. A concesionaria das dúas licenzas de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa é Lérez Canal 29 S.L., constituída en 2005, sen actividade ata agora, cun capital de 3100 euros, por Antonio Purificación de Cora García, que é o fillo maior da viúva editora de *El Progreso* de Lugo, Blanca García-Montenegro. Antonio Purificación de Cora García-Montenegro é tamén o xerente de Lérez Ediciones S.L., a editora do *Diario de Pontevedra*.

A Editorial Compostela S.A., editora de *El Correo Gallego* e *Galicia Hoxe*, é a concesionaria das emisoras de Santiago, Ribeira, Lalín e Vimianzo. Sociedade constituída en 1938, ten un capital dun millón de euros, 193 empregados, vendas por importe de 24 557 000 euros en 2004, con 3,8 millóns de fondos propios, 16 millóns de débeda e 361 000 euros de resultado positivo. O seu capital social corresponde a Feliciano Barrera Fernández, 56,99%; Jaber Ibrahim Ghaleb, 11,3%; José Manuel Rey Novoa, 10,1%; Isabel Morate Roy, 8,57%; Manuel Martínez Antelo, 2,66%; e Alfredo Goyanes Vilarino, 2,66%. O seu consello de administración está presidido por Antonio Castro García, con Feliciano Barrera e José Manuel Rey Novoa como conselleiros delegados; e con Alberto Casal Rivas, Alfredo Goyanes Vilarino, Manuel Martínez Antelo, Julio Souto Boo, Joaquín Yebra Pimentel e Juan Antonio Rodríguez Villasante como administradores. A televisión do Grupo Correo, que é propietario tamén da produtora audiovisual Telecable Compostela, comezou a emitir en analóxico o 7 de xaneiro de 2007 a través da frecuencia que viña empregando ilegalmente Código TV, empresa que non logrou concesión e que logo foi absorbida pola editora compostelá.

A TV7 Monforte S.A., concesionaria de Vilalba e Monforte, foi constituída en 1995, ten un capital social de 60 101,21 euros e 6 empregados, está participada no 50% por Radio Principal S.A., das

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 30

mesmas localidades luguesas, e presididas ambas as sociedades por Jesús Fidel Fernández Bello. As súas vendas en 2004 ascenderon a 76 192,62 euros, con fondos propios negativos de -32 474,21, 156 016,55 de endebedamento e resultados tamén negativos de -42 401,65 euros.

A Televisión da Mancomunidade do Salnés S.L., concesionaria de Ribeira e Vilagarcía de Arousa, foi constituída en 1994, con 90 151,82 euros de capital social e 16 empregados, administrada por Joaquín Barreiro Cajaraville e Julio Portas Baúlde. En 2004 as súas vendas ascenderon a 522 333,99 euros, 129 834,13 de fondos propios, 247 696,47 de endebedamento e 22 105,20 de beneficios.

Deza Visión S.A., de Lalín, foi creada en 1999, conta cun capital social de 165 516,85 euros, 6 empregados, vendas por 73 606,91 en 2004, endebedamento de 102 495,06, fondos propios e resultados negativos de -31 978,48 e 33 020,01 respectivamente. Chantada de Comunicación S.L., constituída en 1998, con 96 762,95 euros de capital social e 4 empregados, tivo vendas de 79 966,37 euros en 2004, con 52 390,93 de endebedamento, 71 400,92 de fondos propios e 3544,67 de resultados positivos. Figuran como administradores da concesionaria de Chantada Roberto Sánchez Sánchez, Mercedes Vázquez Vázquez e Aníbal Anache. A concesionaria de Ponteareas, Josefa López Pousa, figura como empresaria individual constituída en 1994, en Bueu, vencellada societariamente tamén a Manvimon S.L. e Cable Tenda S.L. Salitre Multimedia, de Carballo, está relacionada con Fotografía Pombo e Canle de Comunicación da Coruña.

Unha rede estatal de televisións locais, Alternativas de Medios Audiovisuales S.A., constituída en 2004, con domicilio social en Madrid, cun capital social de 6 006 000 euros, do cal figura como desembolsado a metade, é a concesionaria dunha das emisoras da demarcación de Lugo. Esta sociedade, sen apenas actividade ata o momento da concesión, está participada por Eurostar Producciones S.L. e administrada por Gerardo Iracheta Vallés, presidente; Enrique Campos Led e Javier Busnadiego, conselleiros delegados; e Luis Miguel Hernández Cardona, secretario. A sociedade matriz, Eurostar, propiedade de Luis Miguel Hernández e Gerardo Iracheta, participa en Gestión de Televisiones Locales S.L., Produción Integrada Local S.L. e Canal Saludable S.L., con vendas superiores a 2,3 millóns de euros. Están relacionados con sociedades de televisión local de Navarra, País Vasco, A Rioxa, Toledo, Madrid e Murcia, entre outras. Esta última concesión de Lugo corresponde ao grupo estatal Local Media, que asocia 191 emisoras nas dezasete comunidades autónomas, entre elas Deza Televisión de Lalín e Televinte de Chantada, nuns casos mediante propiedade directa e noutros a través de acordos ou alianzas comerciais de programación e publicidade.

Nove das sociedades presentan relacións de carácter multimedia con editoras de prensa, cinco con empresas de radio e seis con televisións locais. Só unha concesionaria (Alternativas de Medios Audiovisuales) ten rexistrado o seu domicilio social fóra de Galicia, en Madrid, mentres que noutros dous casos máis (emisoras de UTEGA, Pontevedra Televisión, Compostelavisión e Radio Coruña) e Faro de Vigo-La Opinión o vencellamento é de carácter estatal, respectivamente, coa Cadena SER-Prisa e Prensa Ibérica. As outras dezasete empresas son de capital galego.

As convocatorias dos concursos da televisión dixital terrestre de Galicia establecían catro canles de ámbito autonómico (dúas públicas e dúas privadas, as primeiras para a actual emisión

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 31

analóxica e para a segunda da TVG). Para o ámbito local establecían 84 televisións, 21 públicas e 63 privadas, das cales o novo Goberno bipartito PSOE-BNG adxudicou o 6 de xullo de 2006 un total de 45 entre as 100 ofertas presentadas. As licenzas son por un prazo de dez anos, que poderá ser prorrogado por períodos iguais, ata un máximo de medio século. A prestación do servizo esixe a emisión de 32 horas semanais de programas orixinais, como mínimo, e fomenta a difusión de servizos de carácter autonómico e local ao tempo que emprega o galego de xeito usual nas súas emisións. A produción propia debe representar, polo menos, o 60% da emisión, a metade dela como mínimo en lingua galega. Estará prohibido emitir en cadea e formar parte dunha cadea de televisión, así como o incumprimento das cotas de produción europea e galega establecidas.

A Lei da televisión dixital terrestre local prevía o apagamento analóxico desta modalidade en 2008, pero foi prorrogado ata 2010, co mesmo prazo que para as frecuencias de carácter autonómico e estatal. Esta moratoria está propiciando que os concesionarios da TDT local que xa emitían en analóxico (Localia, Telelugo de El Progreso e Telemiño de La Región) poidan respirar máis tranquilos e aqueles que non o facían preparen as súas emisións para 2007; aínda que ata agora, como se pode ver nas súas contas de resultados, todas as televisións locais en analóxico eran un saco sen fondo de perdas acumuladas. Polo tanto, o que está por ver é de onde sairán e canto serán os ingresos para facer viable este modelo. Así arrancaba a televisión de El Correo Gallego e tamén se preparaba a do grupo de La Capital-El Ideal Gallego para 2007. A televisión da COPE conecta con Popular TV de Madrid tamén en analóxico e La Voz de Galicia busca socios e capital para integrar nunha empresa audiovisual a produtora de programas e a súa concesión autonómica. Unha desas dúas concesións, ou as dúas, non tardarán en considerar as súas emisións regulares analóxicas para todo o país, rompendo o monopolio autonómico da Televisión de Galicia.

Eses tres operadores autonómicos comprometéronse a xestionar conxuntamente a capacidade dese múltiplex. Neste caso, no futuro, queda por ver tamén que papel terá o operador da rede de difusión galega, a empresa pública autonómica Retegal S.A., segregada no seu día da Compañía de Radio Televisión de Galicia. A este respecto, no mes de febreiro de 2006 os tres adxudicatarios das canles do múltiplex autonómico (TVG, La Voz de Galicia e COPE) acordaron a explotación e a titularidade común da capacidade do devandito múltiple.

A oferta de televisión de pago, con diferentes sistemas de transmisión de sinal, está inmersa tamén nunha importante transformación dos seus modelos de negocio. As barreiras tecnolóxicas, comerciais e económicas son moi febles. As empresas necesitarán crear novas cadeas de valor exclusivas para reforzar as súas vantaxes competitivas. Se o sistema de difusión a través de satélite que opera en España, a plataforma Digital Plus de Sogecable, se anticipou na televisión de pago e logrou chegar aos dous millóns de abonados, as tecnoloxías do cable e de ADSL permítenlles ás empresas de telecomunicacións e telefonía impoñerse mediante novos modelos de negocio de *triplo play* (liña de teléfono, conexión á internet e televisión) por menos prezo de abono que as cotas daquela. Así se está a notar na evolución dos abonados e das audiencias das distintas tecnoloxías: medra o cable e a ADSL, estáncase a televisión por satélite.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 32

A televisión de pago debe reconfigurar o negocio á vista de como se está a organizar a televisión dixital terrestre en España, cunha oferta posible de 33 canles nacionais (nove de RTVE e catro de cada unha das seis canles privadas) e mais oito de carácter autonómico e local (dúas públicas e dúas privadas nalgunhas comunidades e catro máis por cada unha das demarcacións locais, ata 84 en Galicia). Cunha oferta múltiple conxunta de preto de 40 canles gratuítas, a TDT apunta a un modelo de programación temática moi semellante ao que actualmente ofrece a plataforma de satélite de pago, o que permite deducir que o público deixará de pagar por canles ou contidos que recibirá gratuitamente. No cadro reflíctese a evolución da TV de pago satelital, cable e ADSL.

Abonados da TV de pago 2000-2005

Anos	2000	2001	2002	2003	2004	Marzo 2005	Xuño 2005	Setembro 2005	Decembro 2005
Digital+	2 683 000	2 956 000	2 715 000	2 500 000	2 093 000	2 093 000	2 053 000	2 050 000	1 960 000
Canal+	998 000	920 000	720 000	705 000	441 000	393 000	277 000	196 000	
Cable	298 000	387 000	811 000	996 000	1 124 000	1 143 000	1 177 000	1 205 000	1 228 000
Imagenio					6000	19 000	57 000	92 000	200 000

Fonte: Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV)

A televisión de pago tradicional satelital vese atacada, polo tanto, por dous lados: polas ofertas conxuntas doutros servizos de comunicación (conexión á internet e ata teléfono fixo e móbil) e polo interese da exclusividade en determinados contidos temáticos. Nese reto, a televisión de pago encamíñase cara á comercialización do pago por consumo e por evento. ADSL, cable de fibra óptica e internet presentan vantaxes tecnolóxicas, en capacidade e accesibilidade, fronte á difusión de televisión dixital vía satélite, que xa queda nunha tecnoloxía máis vella, polo menos mentres non sexa capaz de reconfigurar ese negocio.

A introdución de servizos de comunicación a través de cable de fibra óptica –que se remonta aos últimos anos do século pasado, cando na metade da década dos noventa rompe o monopolio de Telefónica a través da Lei da telecomunicacións por cable (1995)– tivo un desenvolvemento lento a través de pequenas operadoras vencelladas ás adxudicacións administrativas de cada unhas das demarcacións en que se dividiu o país. Auna (da empresa eléctrica Endesa) e Ono foron integrando a maior parte das concesións, ata a absorción da primeira pola segunda. Ono concentra a maioría da oferta de cable, salvo en Galicia (R), Asturias (Telecable) e no País Vasco (Euskaltel). Ono está liderado (16,8%) por Multitel (Eugenio Galdón) co apoio de varios fondos canadenses e norteamericanos (Tomas H. Lee, 14,8%; Providence Equity, 14,8%; J.P. Morgan, 14,8%; Caise des Depot Queboquoise, 6,5%; Quadrangle Capital, 7,6%; J.P. Morgan, 14,8%; General Electric Structure Finance, 8,6%), Santander, 9,1%; e Sodinteleco (Ferrovial), 7,1%.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 33

O Grupo R Galicia rexistrou en 2005, segundo os datos da Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), uns ingresos de 18,38 millóns de euros por servizos de televisión por cable. A escala de España, a pesar de que a cota é do 0,99% do total, o mercado do Grupo R é cuarto en maior volume, por detrás de Sogecable, Ono e Telecable Asturias. Hai que ter en conta que o mercado da televisión de pago en España rexistra as maiores cotas de concentración entre os mercados de servizos audiovisuais e de telecomunicacións segundo a CMT. Sogecable concentra con 1519 millóns de euros de ingresos o 81,90%; Ono, o 12,61%; Telecable Asturias, o 1,08%; e R Galicia, o 0,99%.

Ingresos e cotas de TV de pago 2005

Sogecable	1518,96	81,90%
Grupo Ono	233,93	12,61
Telecable de Asturias	20,12	1,08
Grupo R Galicia	18,38	0,99

Telefónica de España	17,58	0,95
Euskaltel	10,42	0,56
Procono	8,78	0,47
Resto	26,44	1,43
Total	1854,60	100,00

Fonte: En millóns de euros. O concepto «resto» suma 77 provedores de TV de pago cun máximo de cota de 0,25. CMT 2005

O operador global de comunicacións por cable de Galicia comezou a desenvolver os seus servizos a partir do mes de maio de 1999, aínda que a sociedade concesionaria, R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., foi constituída o 1 de agosto de 1994. A agosto de 2006, segundo datos do Rexistro Mercantil, ten un capital social desembolsado de 80 578 774,50 euros e 178 empregados. Ao peche do seu exercicio económico de 2005 declara unhas vendas totais de 89,8 millóns de euros, unhas débedas de 408 millóns de euros e contabiliza, por primeira vez dende a súa posta en funcionamento, un resultado positivo de 3,4 millóns de euros, tendo en conta que nos dous anos anteriores as perdas foran de 14,6 e 5,4 millóns respectivamente.

Seguindo a mesma fonte rexistral, a participación social do Grupo R está integrada por Unión Fenosa Inversiones S.A., co 35,92% do capital; Caixanova, co 30,41; Inversiones Gallegas del Cable S.A., co 10,56% (repartido, á súa vez, entre Dielectro Industrial S.A., co 11,6%; La Región S.A., co 11,6%; Editorial Compostela S.A., co 1,12%; Editorial La Capital, Jealsa, Gallega de Distribuidores de Alimentación S.A., El Progreso, José Nogueira García); Banco Pastor, co 10,04%; Cable Total S.A. (Chantal Mosbah e Jessica Asensio Mosbah, a través de Dialbergia S.L.), co 9,85%; e Faro de Vigo S.A., co 2,1%. Pola súa parte, o Grupo R participa na totalidade do capital de Estudio de Reingeniería y Renovación Empresarial S.L., no 91% de R Cable y Telecomunicaciones Coruña S.A., no 80% de CINFO Contenidos Informáticos Personalizados S.L., no 33,88% da Agrupación de Operadores de Cable AIE e no 4,67% de Estreno Digital AIE.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 34

O elevado nivel de endebedamento do Grupo R corresponde a distintas operacións de financiamento emprendidas para estender a rede de telecomunicacións. En 2004 xa asinara un crédito co Banco Europeo de Investimentos por valor de 120 millóns de euros. Este investimento engádese tamén aos 228 millóns de euros asinados en 2001 e aos 200 millóns de fondos propios, cun investimento acumulado de 429 millóns de euros. En xuño de 2006 pon en marcha unha nova operación de financiamento participada por 22 entidades bancarias de España, Portugal e Reino Unido, coordinada por Caixanova-Caixa Catalunya e o ICO, por un importe de 220,1 millóns de euros para estender a súa rede de fibra óptica a corenta núcleos de poboación galegos e a introdución de servizos interactivos. O operador galego de cable ten como obxectivo chegar en 2008 a medio millón de fogares e a cen mil empresas. A rede galega de cable a 2006 cubría más de 250 000 quilómetros de fibra unindo as principais cidades galegas a través dun dobre anel troncal con outras poboacións de menor tamaño de máis de vinte polígonos industriais, segundo os datos da propia entidade.

No 2005 o operador de telecomunicacións galego logra os primeiros resultados operativos positivos e prevé para o 2006 un beneficio neto próximo aos dez millóns de euros. Nos últimos anos comeza a saír a flote pola súa cifra de vendas e pola mellora do valor engadido, aínda que está por debaixo da media do sector. Mantén unha produtividade e *cash flow* altos, de 5,52 e 33 157,54 respectivamente, por riba da media do sector; unha rendibilidade económica do 0,81% e financeira do 22,51%; e un fondo de manobra tamén bastante mellor que a media do sector. As vendas, resultado, fondos e endebedamento evolucionaron como se amosa a continuación.

Resultados do Grupo R

	Balance 2003	Balance 2004	Balance 2005	% valor prod. empresa	Sector	Diferenza
Vendas	41 543,50	63 111,00	89 838,99	81,76	97,64	-15,88
Valor engadido	22 974,88	41 208,19	53 689,07	48,86	24,53	24,34
Resultado	-14 620,94	-5455,77	3456,59	3,58	-2,02	5,17
Fondos propios	17 352,89	11 897,69	15 354,28	% sobre activo		
Endebedamento	385 281,84	393 272,89	408 446,95	F. propios 3,58	27,63	-24,06
Total activo	403 711,44	406 703,26	429 280,31	Endbmt. 95,15	72,37	22,78

Fonte: Datos do Rexistro Mercantil

R Galicia conseguiu a concesión do servizo de telecomunicacións por cable para as demarcacións territoriais de Galicia e Santiago mediante Ordes do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1998 (publicadas no BOE do 20 de xuño dese mesmo ano). No mes de agosto seguinte solicitou a transformación do título habilitante, que obtén en sucesivas Resolucións do 23 de outubro de 2000 e do 13 de xullo de 2001 da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a sociedade da información. Tamén o 6 de maio de 1999 e o 8 de novembro de 2001 obtén da

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 35

CMT unha autorización xeral tipo C para prestar servizos de mensaxaría electrónica, subministración de conmutación de datos por paquetes e circuítos e acceso para usuarios da internet, correo electrónico, acceso a bases de datos, acollemento telemático, servizo de novas, todo iso como provedor de acceso á internet. A licenza de concesión do servizo de telecomunicacións por cable para a demarcación da Coruña conséguea tamén mediante Orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio e, a continuación, o mesmo que no caso das outras dúas demarcacións galegas, tramita a transformación do título de habilitante e a autorización para a prestación de servizos da internet.

ESPECIALIZACIÓN E CALIDADE NA PRENSA

A prensa de pago é un produto mediático cun mercado que se comercializa catro veces: venda de exemplares e subscricións, publicidade, promocións e subvencións ou patrocinios. Pero o corazón do negocio radica na economía da atención e a influencia e a súa función editorial cada vez é máis ideolóxica e menos informativa. Para unha alta porcentaxe de lectores, o xornal poucas informacións novas achega cada día pola mañá. O lector xa coñece esas informacións dende varias horas antes grazas á internet, á radio e á televisión. Pero, en cambio, mantén o costume do xornal para recoñecerse como cidadán na lectura e interpretación deses acontecementos. Non se trata só de opinión, senón tamén da interpretación da información. O papel ideolóxico da prensa, xa que logo, é cada vez máis evidente. Esa especialización editorial, porén, tampouco é exclusiva da prensa porque a radio e a televisión están asumindo tamén esa posición.

Fronte á multiplicación e diversificación de fontes informativas, álzase a segmentación de públicos e contidos. Os medios son e serán cada vez máis segmentados e personalizados. Os lectores, os cidadáns, toman partido fronte aos acontecementos e aos contidos. A comunicación interpersoal sempre foi así, e agora os medios tratan de achegarse ás formas desa comunicación. Nas tendencias de consumo en xeral, cada vez cobra máis vida a demanda segundo o estilo persoal de cada un. O vello modelo clásico da comunicación dun para moitos xa non funciona nunha soa dirección porque os usuarios ou lectores non só queren ser receptores senón tamén partícipes e interlocutores directos. Os consumidores, por fin, déronse conta consciente ou inconscientemente de que o auténtico poder do vello cuarto poder está na súa capacidade de atención e demanda. Xa non se trata de epístolas ou arengas de opinadores ou editoriais dos medios en función dos seus intereses de caste ou grupo. Trátase de que esas opinións e/ou interpretacións conecten cos intereses do receptor, que quere participar tamén na cadea de valor.

Así, hoxe en día os medios, xunto á batalla da competencia, teñen outro importante problema relacionado coa calidade, credibilidade e confiabilidade. A calidade é un concepto abstracto mentres non se mide. Os enfoques abstractos de pouco nos serven se non poden ser medidos e percibidos polos receptores. Por iso, defendemos que a calidade nos medios, como en calquera outro sector, poida ser medida e avaliada. Para iso, hai na actualidade varios modelos operativos

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 36

que se están empregando en moitos outros sectores e que haberá que aplicar á xestión mediática, non tanto como dogmas ou instrumentos de santificación, senón máis ben como ferramentas proactivas para a mellora continua dos seus procesos e contidos. Os sistemas de avaliación da calidade son os instrumentos máis democráticos e útiles para a mellora continua, para recuperar credibilidade e incrementar a confiabilidade dos receptores.

Calidade e credibilidade son o punto crítico da vantaxe competitiva que a prensa pode ofrecer se reformula os seus procesos e a súa cadea de valor. Calidade e credibilidade son esenciais para que os lectores e usuarios se recoñezan con fidelidade na interpretación e na opinión do xornal de cada día. Se acontece ese proceso de interacción do produto editorial co seu público, estaremos ante un xornal con estilo e referencia que gaña en confiabilidade. O que significa que o xornal ten o valor necesario ou superior ao demandado. Ese valor agardado, precisamente, é o punto crítico do paradigma dos prezos. Valor e prezo son a ecuación esencial para diferenciar hoxe en día a prensa de pago da gratuíta. Os xornais de balde verificaron a elasticidade da demanda e, se conseguen incrementar o valor sen que exista prezo monetario, acabarán gañándolle a batalla da competencia á prensa de pago. O valor, máis que o prezo, é clave do produto.

Outras dúas cuestións esenciais desta actividade son a economía do tempo e da atención. A xente cada vez ten menos tempo e espazo máis pequeno para a atención, porque está saturada de actividade e información. Máis oferta de medios e menos tempo para o seu consumo. E resulta que o tempo de consumo dos medios convértese no seu prezo exclusivo de intercambio naqueles modelos de difusión gratuíta. Os medios loitan polo tempo de atención das persoas e receptores que intercambian por márketing ou comunicación publicitaria pagada. Non hai polo momento estudos rigorosos sobre o tempo de uso e atención da comunicación, o que se emprega para a comercialización é a medición do contacto e o impacto máis que a receptividade. Que unha mensaxe contacte cunha persoa non supón que sexa recibida ou percibida con atención. A atención é a recepción consciente e activa da comunicación.

Os grupos saen de caza

A comprensión deses matices e tendencias da demanda xunto á diversificación da competencia obriga as empresas a modificar e innovar as súas estratexias. Diferenciación, diversificación, concentración e incremento de valor para os produtos editoriais e busca da eficacia e da eficiencia nas empresas. A concentración empresarial procura a eliminación da competencia e as sinerxías produtivas, organizativas e financeiras. En catro categorías ou tipos podemos clasificar os grupos privados de comunicación españois: os que cotizan na Bolsa, con máis de 500 millóns de facturación; os medianos, de entre 500 e 100 millóns de facturación; os pequenos, de entre 100 e 50 millóns; e os restantes, por baixo dos 50 millóns de euros. Ata 2006 eran sete os grupos de comunicación presentes na Bolsa, pero é previsible que en 2007 cheguen ao mercado de valo-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 37

res outros dous ou tres máis, a través de fusións e absorcións entre os de menor talle. No mercado de capitais, sexa no sector que sexa, ou se é cazador ou cazado.

Prisa-Sogecable, o principal grupo mediático español, retírase da prensa local (vende a cabeceira andaluza Odiel) mentres medra na radio de Latinoamérica e lanza unha oferta pública de compra de accións do cen por cento de Media Capital, a empresa propietaria da televisión líder de Portugal. O grupo que está mercando Prisa en Portugal, ademais da televisión líder TVI, está formado por Farol, Portugal Diario, Agencia Financeira, Radio Comercial, Radio Clube Portugués, Cidade FM, Best Rock, a produtora NBP, IOL, MaisFutebol e Cotonete. O seu volume total de ingresos en 2005 ascendeu a 221 247 000 euros, dos cales 159,4 millóns correspondían á televisión, 14,9 millóns á radio, 16,5 millóns a publicidade exterior e 30,2 millóns a outras actividades. Ata agora as accións de Media Capital estaban repartidas ao 33%, cada unha, entre Prisa e UFA Film (Bertelsmann-RTL), xunto con Berggruen Holding Ltd, 6,05; o seu presidente, Miguel Paes do Amaral, 5,58%; Caixanova, 4,22%; UBS AG, 3,38%; JPMorgan Chase, 2,14%; e Credit Suisse Securities (Europe) Ltd, 2,01%.

A carteira de ingresos do grupo Prisa en 2005 ascendeu a 1483 millóns de euros, 521,89 millóns por publicidade, 403,86 millóns de libros e dereitos; 203,90 millóns de periódicos e revistas; 149,28 millóns de produtos promocionais; 58,74 millóns de servizos de impresión; 36,93 millóns de música e audiovisuais; e 108,49 millóns doutros ingresos. Dos ingresos de publicidade corresponden 206,05 millóns á radio, 190,12 millóns a *El País*, 65,65 millóns a medios internacionais; 42,58 millóns á prensa especializada; 17,45 millóns á televisión local (Localia) e 5,99 millóns a Prisacom de Internet. Nese ano o 35% do negocio correspondeu a España e Portugal, o 17% a México, o 15% a Brasil, o 3% respectivamente a Colombia e Arxentina e un 27% máis a outros países americanos.

As operacións máis destacables do campión mediático español, tanto a escala nacional como internacional, consistiron en conseguir autorización administrativa para unha canle xeralista de televisión en España (Cuatro), aumento da participación maioritaria de control na plataforma monopolística da televisión de pago por satélite (Digital Plus) de Sogecable, compra do grupo portugués Media Capital e da televisión líder dese país (TVI), autorización da concentración de frecuencias radiofónicas españolas recorrida diante do tribunal da competencia, adquisición do 15,5% do capital de Le Monde, e acordo con Clear Channel para a explotación comercial dunha radio hispánica para a área de Los Angeles e Sur de California.

Este grupo empresarial, ademais das televisións en aberto de España e Portugal, controla a televisión de pago por satélite, a primeira editora de libros e a principal cabeceira de prensa escrita, xunto cunha rede radiofónica que ten 1235 emisoras propias ou asociadas en España, Estados Unidos, México, Colombia, Costa Rica, Panamá, Arxentina e Chile. O seu modelo hispánico de asociación de emisoras radiofónicas (Cadena SER) reproduciuno tamén na televisión local (Localia), que, polo momento, aínda non lle reporta beneficios. Na prensa local (con cabeceiras en Andalucía: *El Correo* en Sevilla, *Odiel Información* de Huelva, *Diario de Jaén* e *La Voz de Almería*)

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 38

está tratando de desfacer posicións (venda de *Odiel* ao empresario Alfonso Gallardo, asociado en Estremadura para a produción audiovisual) e concentrando esforzos na apertura de delegacións e edicións rexionais (a de Galicia saíu o 22 de novembro de 2006). O grupo, que cotiza na Bolsa a través de Prisa e Sogecable, ten carácter familiar e está presidido polo seu patriarca, Jesús de Polanco, que nomeaba en novembro de 2006 o seu fillo maior, Ignacio Polanco, como herdeiro e futuro presidente da compañía. Esta transición no liderado crea incerteza fronte á fortaleza estratéxica do grupo español mediático máis potente despois de Telefónica e que ten como retos inmediatos a consolidación internacional e a próxima saída á Bolsa da Cadena SER.

Outro grupo de forte presenza internacional é Planeta, editor de libros e outras publicacións, prensa e revistas, con máis de 80 compañías europeas e americanas, que controla en España a segunda canle televisiva xeralista Antena 3, a cadea radiofónica de Uniprex (Onda Cero e Europa FM), a cabeceira xornalística *La Razón* e o gratuíto *ADN*, Lanetro Zed para contidos da internet e móbiles, Movirecord de exclusivas de cine, Unipublic para a organización de eventos (ciclismo) e a xestora de publicidade Atres Advertising para televisión, radio e prensa (en alianza con *Joly*, *Diario de Navarra*, *La Gaceta de Salamanca* e outros).

Planeta, propiedade da familia Lara, comparte o accionariado de Antena 3 co grupo De Agostini italiano, RTL luxemburgués (tamén dono da principal produtora audiovisual internacional Freemantle) e co Banco Santander. Arredor de Antena 3, cunha valoración na Bolsa de 4200 millóns de euros, roldou a finais de 2006 a entrada do magnate de medios australiano Rupert Murdoch, representado en España polo ex-presidente do Goberno José María Aznar. O Grupo Planeta conseguiu fortalecer a súa posición, fronte a Murdoch, logrando que o 5,7% das accións en venda de Antena 3 fosen mercadas polo construtor Félix Abánades, de Guadalajara, a cambio da entrada de capital de Astroc, propiedade da familia Lara, na súa inmobiliaria Rayet.

Outro grupo que debutou na Bolsa a finais de 2006 con vocación de cazador é Vocento, tamén de orixe familiar, propietario dun periódico nacional (*ABC*), doce xornais rexionais, unha axencia nacional de novas (Colpisa), tres suplementos de prensa, participación principal na primeira televisión xeralista (Telecinco), unha cadea radiofónica (Punto Radio), unha rede de 48 televisións locais, tres produtoras de cine e televisión, así como portais locais, xeralistas, verticais e de negocios pola internet. Vocento é froito da unión dun grupo de familias industriais e banqueiras vascas que absorberon a principios deste século a empresa propietaria de *ABC* (da familia andaluza e madrileña Luca de Tena). A saída á Bolsa serviu tamén para que varias desas familias (Entrecanales de Acciona, Castellanos de Recoletos e Ybarra) vendesen con plusvalías as súas participacións, quedando algúns outros herdeiros xunto aos Bergareche e Luca de Tena.

Vocento desprendeuse dunha participación do 1,8% do capital social da COPE, a cadea radiofónica da Conferencia Episcopal, que foi mercada por La Gaceta de los Negocios, de Juan Pablo Villanueva. Incompatibilidade ideolóxica e comercial entre a COPE e a cadea radiofónica Punto Radio de Vocento. O enfrontamento ideolóxico-mediático de *El Mundo* e a COPE (Federico Jiménez Losantos, que renovou o seu contrato ata 2008 coa radio propiedade dos bispos) pola

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 39

dereita con *El País*, dende a esquerda, bateu coa posición centrista en que o director de *ABC*, José Antonio Zarzalejos, quixo manter o buque insignia madrileño do grupo Vocento. Nun escenario de radicalización política, a vitoria comercial en audiencias correspondeu en 2006 aos contendentes máis punzantes (*El Mundo* e COPE) fronte ás posicións máis moderadas de *ABC*. A crise empresarial de Vocento estalou en 2007 co relevo do seu conselleiro delegado José María Bergareche por Belarmino García, que procedía da xestión de France Telecom en España.

Empresarial e ideoloxicamente os grupos reposicionan as súas participacións e os seus produtos. Coa entrada de La Gaceta de los Negocios na COPE barállase a constitución dunha multimedia católica (radio, xornal económico, revistas, televisión e internet), seguida con atención polos bispos. Ideoloxicamente está próxima tamén ás posicións que abandeira o grupo Intereconomía (radio, revistas e televisión), que lidera Julio Ariza xunto ao galego Balbino Fraga, un dos homes clave do desenvolvemento comercial de *El Mundo*. O grupo propietario do xornal que dirixe Pedro J. Ramírez, o italiano Rizzoli-RCS Mediagroup, editor de *Corriere della Sera* e *Gazzetta dello Sport*, barallou a compra de Recoletos por mil millóns de euros. Recoletos, que preside Jaime Castellanos, é o principal grupo español de prensa especializada (*Marca*, *Expansión*, *Actualidad Económica*, *Telva*, o xornal gratuíto *Qué!*, compañías de márketing, así como outras revistas en España, Portugal e Arxentina). Foi creado por un equipo de profesionais españois, logo vendido ao grupo británico Pearson e recuperado polos creadores hai un par de anos.

Arredor deses grupos citados e dos outros intermedios con sede en Cataluña (Zeta, Godó e Prensa Ibérica) andarán as próximas operacións de concentración, fusións e saídas á Bolsa a partir de 2007. Algúns xa chegaron a acordos e alianzas entre eles para determinadas operacións comerciais e industriais (xestión de publicidade, distribución, impresión, prensa gratuíta, negocio de radio, canles de televisión). O negocio da comunicación en xeral, pero sobre todo o da prensa, esixe a reinvención, reenxeñaría e reconfiguración da súa cadea de valor, é dicir, saber onde radica, precisamente, o seu valor. Na calidade, credibilidade e confiabilidade que antes xa citabamos. Polo tanto, as empresas teñen que revisar urxentemente os seus procesos para determinar con precisión os puntos críticos e o seu valor agregado.

Desa revisión das cadeas de valor xorden as alianzas para a xestión conxunta da publicidade, para compartir os custos de distribución e impresión e mesmo para fusionar ou integrar produtos, como *El Mundo* e *El Correo Gallego* experimentaron en Galicia. Nesas alianzas e reflexións estratéxicas anda tamén o resto da prensa galega, que se enfronta á competencia por todas as esquinas.

Os retos estratéxicos das empresas xornalísticas galegas, hoxe como hai 25 anos, seguen a ser parecidos aínda que a forza e a potencia da competencia cambiou moito a peor para elas. Retos que podemos repetir como aqueles relacionados coa sucesión da empresa familiar; a necesidade de formación de capital para afrontar os procesos de diversificación multimedia; as dificultades para a cada vez máis necesaria reconversión industrial; os cambios na sociedade e na demanda; as relacións de poder e o poder que aspiran a compartir as novas audiencias; a necesidade de posta ao día na nova cultura da calidade e da responsabilidade social corporativa, entre outras. O máis inme-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 40

diato, resolver o modelo de explotación das concesións de televisión autonómica e local dixital terrestre outorgadas en 2005 e 2006.

A prensa galega en conxunto multiplicou por catro a súa facturación nos últimos quince anos e tamén o saldo dos seus beneficios, mentres que o seu volume de emprego aumentou en 400 persoas, de 1216 en 1989 a 1615 en 2005. A facturación por empregado subiu de 102 918 a 118 520 euros e os custos de persoal mantéñense arredor do 30% dos seus orzamentos. Hai, en cambio, notables diferenzas en número de traballadores e rendibilidades entre as distintas cabeceiras. Analizando en detalle os datos do conxunto e de cada unha das empresas, cobran novo interese as alianzas e sinerxías produtivas que poidan acadar entre elas. A estrutura de propiedade da prensa galega, formada por seis empresas editoras e catorce cabeceiras diarias, segue sendo familiar.

O proxecto de integración de plantas industriais de impresión, que xa se barallaba na metade da década dos oitenta do século pasado entre os xestores de *La Región* e *El Progreso*, volveu e volve estar presente nas conversas entre os editores. Mentres tanto o Grupo Correo compostelán merca rotativa para a impresión das súas cabeceiras (*El Mundo*, *El Correo Gallego*, *Galicia Hoxe*, *Tierras de Santiago*), *El Ideal Gallego* busca a renovación da súa e *La Región* negocia prezos de impresión con *El Progreso* e *Faro de Vigo*. Na planta deste último xa se imprimiron as edicións extraordinarias do 24 e 31 de decembro de *La Región* e *Atlántico Diario* para dar cabida a toda a demanda de paxinación e cor da publicidade dos xornais da editora ourensá. *El Progreso*, pola súa parte, ademais da súa cabeceira do *Diario de Pontevedra*, estreou a finais de 2006 a impresión dunha revista económica da Axencia Galega de Noticias e o gratuíto galego de *Luns a Venres* (*LV*).

Resultados da prensa galega

	INGRESOS				BENEFICIO NETO				EMPREGADOS			
	1989	1995	2000	2005	1989	1995	2000	2005	1989	1995	2000	2005
LVG	27,2	52,4	70,1	80,4	2 008 150	502 458	1 947 928	5 224 178	386	469	526	542
Faro	10,1	17,1	23,5	31,5	1 899 547	2 068 545	2 956 986	3 863 790	195	184	148	175
Correo	4,7	11,4	14,5	28,5	52 456	69 561	179 486	343 279	120	179	178	199
Progreso	3,8	6,3	10,8	15,1	207 986	69 176	486 718	891 506	94	92	116	130
Región	8,0	9,0	12,9	14,0	102 238	2 227 802	1 482 973	300 751	179	158	151	186
Ideal	2,0	2,9	6,8	8,3		-49 391	282 908	274 910	108	110	127	168
Atlántico	1,4	2,3	3,2	3,6	-1,4	-348 942	10 319	53 294	40	42	57	74
Opinión				4,4				-760 513				75
Diario P.				5,2				95 472				66
Total	55,7	101,7	142,1	191,4	2 365 920	83 607	7 347 319	10 286 668	1216	1234	1303	1615

Fonte: Elaboración propia con datos do Rexistro Mercantil. Cifras de ingresos en millóns de euros

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 41

O conxunto das dez empresas xornalísticas galegas analizadas supera os 183 millóns de euros en activos netos, cifra que supón unha rotación sobre o total de ingresos do 102% en 2005, do 109% en 2004 e do 104% en 2003. Nos exercicios anteriores a ratio non superaba o cen por cento. A prensa en Galicia é un sector rendible, cunha taxa de rendibilidade do 62% sobre o capital subscrito e unha dotación de fondos propios do 32,70% sobre o pasivo total. Pódese afirmar que o sector dispón de recursos propios suficientes pero dun financiamento desaxeitado, pois está baseado no pasivo a curto prazo. A complicada estrutura financeira do sector e de varias das súas empresas reflicte non só a importancia das débedas a curto prazo no total do pasivo, senón tamén dos indicadores negativos do capital circulante. A capacidade de xeración de fondos (*cash flow* de explotación) permite que esa situación de permanente desequilibrio non se traduza en importantes problemas de tesouraría.

La Voz de Galicia e *Faro de Vigo* encabezan os mellores resultados netos, practicamente o 80% do sector. As empresas de prensa galegas no seu conxunto tributan por imposto de sociedades preto de 5 millóns de euros, que ascenderon a 26 millóns no último quinquenio. En conxunto teñen uns 16,3 millóns de capital subscrito e máis de 33 millóns de euros en reservas. En 2005 as débedas a longo prazo non chegaban a 18 millóns e os acredores a curto prazo sumaban 103,3 millóns de euros. As mellores ratios de produtividade corresponden a *Faro de Vigo*, con 180 000 euros de facturación por empregado, seguidos por *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, con 144 295 e 143 580 respectivamente.

Produtividade da prensa galega

	FACTURACIÓN POR EMPREGADO				GASTOS DE PERSOAL			
	1998	1999	2000	2005	1989	1995	2000	2005
LVG	158 138	170 505	150 751	144 295	9 586 942	17 021 246	19 203 899	23 934 096
Faro	130 572	150 654	159 262	180 439	3 043 129	5 298 547	5 495 474	7 665 387
Correo	74 136	78 186	81 765	143 580	1 681 728	4 484 668	5 273 118	8 269 401
Progreso	86 398	95 560	93 170	116 375	1 493 413	2 729 478	3 362 897	4 890 014
Región	80 945	86 078	85 869	75 348	3 346 003	3 297 922	3 830 827	5 279 025
Ideal	58 338	85 074	53 605	49 732		1 206 231	1 796 654	2 616 355
Atlántico	62 605	59 382	56 833	49 023	605 369	679 612	1 240 020	1 650 715
Opinión				58 776				1 890 231
Diario P.				80 171				2 173 064
Media/Total	102 918	120 116	109 061	118 520	19 993 587	34 717 705	40 202 890	58 368 287

Fonte: Elaboración propia con datos do Rexistro Mercantil

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 42

Datos de relevante importancia son os da evolución da publicidade na prensa en Galicia. Ao contrario que a prensa a escala nacional, a publicidade nos xornais galegos baixa nos últimos anos. A tendencia, moi importante para a empresa xornalística, merecería unha análise en profundidade. A evolución do mercado publicitario en España e Galicia nos últimos sete anos, entre 1999 e 2005, rexistra un crecemento cualitativa e cuantitativamente significativo na televisión, superior ao 30%, dun 38,8 e 33,2% respectivamente, mentres que a publicidade exterior medra arredor do 200%, a radio un 44,8% e a internet un 91,3. A prensa a escala estatal apenas aumenta nun 8,92% neses sete anos, mentres que en Galicia retrocede nun 11,7%. Hai que ter en conta que aínda que a escala estatal o mercado publicitario total medrou nun 32,7% no mesmo período deses sete anos, en Galicia apenas incrementou nun 2,4%. Iso quere dicir, entre outros aspectos, que a parálise do mercado publicitario galego afectou moito máis á prensa que á televisión; é dicir, que os investimentos publicitarios se concentraron nos medios masivos e de maior difusión.

Mercado publicitario de Galicia e España 1999-2002

Medios/GALICIA	1999	2000	2001	2002
TELEVISIÓN	24 450 799	25 424 644	24 506 601	24 537 972
DIARIOS	103 770 035	110 607 396	107 975 513	94 288 278
EXTERIOR	3 827 441	7 266 078	6 930 163	8 598 473
CINE	1 761 887	2 064 121	1 791 381	1 630 335
Total GALICIA	133 810 162	145 362 239	141 203 658	122 625 642
TELEVISIÓN	2 071 670 350	2 274 446 325	2 113 640 806	2 144 823 994
DIARIOS	1 529 917 567	1 692 089 937	1 593 778 965	1 521 213 979
EXTERIOR	123 190 763	272 281 355	232 110 517	351 599 857
INTERNET			43 672 226	52 199 999
RADIO	395 567 891	403 194 885	428 281 091	435 233 379
REVISTAS	566 817 071	618 411 087	619 870 902	590 125 163
SUPLEMENTOS	108 644 967	116 576 024	111 295 113	106 799 930
CINE	42 437 444	55 209 011	44 559 028	45 355 979
TOTAL XERAL	4 838 246 053	5 432 208 624	5 187 208 648	5 247 352 280

Fonte: Infoadex, 2006, e elaboración propia

No período 2003-2005 o crecemento do investimento publicitario no mercado da televisión mantivo parecidas ratios ás do 1999-2002. No resto dos medios a evolución foi parecida ao conxunto total do período 1999-2005, salvo no que respecta ao cine, porque mentres no resto de España o descenso é máis variable e acusado, en Galicia rexistra recuperacións significativas, como no 2005, quizais debidas á transformación do sistema de exhibición, concentrado a través

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 43

de cadeas de exhibición e multicines. Segue a continuación a secuencia de 2003-2005, así como totais acumulados e porcentaxes para o conxunto 1999-2005.

Mercado publicitario de Galicia e España 2003-2005

Medios/GALICIA	2003	2004	2005	Total acumulado	% incremento 1999-2005
TELEVISIÓN	26 130 702	28 659 089	32 569 800	186 279 607	33,2
DIARIOS	86 220 820	89 261 040	91 592 722	683 715 804	-11,7
EXTERIOR	8 719 459	10 388 539	11 024 375	56 754 528	188
CINE	1 554 661	1 358 285	1 774 403	11 935 073	0,7
Total GALICIA	122 625 642	129 666 953	136 961 300	938 685 012	2,4
Medios/ESPAÑA					
TELEVISIÓN	2 270 699 541	2 611 698 066	2 876 420 567	16 363 399 649	38,8
DIARIOS	1 495 987 286	1 583 699 483	1 666 392 000	11 083 079 217	8,92
EXTERIOR	357 100 050	375 400 197	386 071 719	2 097 754 458	213
INTERNET	74 599 990	65 419 162	83 525 577	319 416 954	91,3
RADIO	460 149 963	503 527 219	572 735 736	3 198 690 164	44,8
REVISTAS	601 211 440	664 259 657	674 564 848	4 335 260 168	19,0
SUPLEMENTOS	105 920 736	110 045 924	119 257 715	778 540 409	9,8
CINE	47 557 025	40 720 114	42 859 884	318 698 485	1,00
TOTAL XERAL	5 413 226 031	5 954 769 822	6 421 828 046	38 494 839 504	32,7

Fonte: Elaboración propia sobre datos contabilizados por Infoadex, 2006

En termos de competencia, a disputa do mercado da prensa en Galicia merece tamén as súas consideracións, sobre todo dende a perspectiva do repartimento da difusión e da «torta publicitaria». Se contemplamos a difusión conxunta da prensa de pago e da gratuíta, que en definitiva loitan no mesmo mercado, resulta que o 60% dos xornais que se reparten en Galicia corresponden a empresas de fóra do país. As empresas xornalísticas galegas, tomando como referencia datos de OJD de 2005, distribúen 197 550 exemplares fronte a 266 078 que entregan as de fóra de Galicia.

Entre 1981 e 2005 o conxunto dos xornais de Galicia incrementan a súa difusión no país nun 40,38% fronte ao 234,88% que medra nesta Comunidade a prensa de fóra, sen ter en conta a gratuíta. En particular, a prensa de información xeral (*El Mundo*, *El País* e *ABC*) incrementa nun 319,44% a súa difusión en Galicia neses 25 anos. A alianza de *El Mundo* con *El Correo Gallego* tivo un alto valor estratéxico para o xornal de Unedisa, que pasou a converterse no primeiro periódico nacional en termos de difusión, por diante de *El País*. Por iso a resposta do grupo Prisa en 2006 foi investir a fondo en Galicia para recuperar o liderado a través da creación dunha delegación e edición propia, un alto investimento só entendible en termos de loita polo liderado.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 44

Difusión da prensa en Galicia

XORNAIS DE GALICIA	1981	1985	1990	1995	2000	2005
Voz de Galicia	76 078	78 130	95 879	108 753	107 850	103 032
Faro de Vigo	37 771	40 491	31 845	37 814	42 639	41 637
Correo Gallego	8143*	8143*	15 454	16 878	18 238	(***)
El Progreso	11 849	11 911	11 848	13 784	15 526	15 446
La Región	11 816	12 209	11 689	12 322	12 598	11 157
Ideal Gallego	14 616	11 235	8617	9358*	9358*	9358*
Diario Pontev.	5000*	5000*	5000*	6700	5582	6913
La Opinión					6004**	6289
Atlántico			5455	5620	4332	4593
Región Internc.	44 103	39 185	28 098	8500	8529	8483
Total Galicia	120 181	117 315	208 885	210 371	215 294	197 550
XORNAIS DE FÓRA						
Marca	3207	3648	10 195	32 871	25 845	23 769
El Mundo		3338	11 074	11 074	8691	21 739***
El País	6369	11 217	12 329	14 438	17 152	19 595
AS	9365	9076	9820	5836	7447	9242
ABC	2197	3784	6391	6624	5480	6904
Mundo Deport.						1730
Cinco Días	393	409	875	578	1185	706
Prensa gratuíta						204 132
TOTAL FÓRA DE GALICIA	21 531	31 472	50 684	71 421	65 800	266 078

Fonte: Elaboración propia sobre datos de OJD. Cando se sinala cun asterisco corresponde a estimacións aproximadas por ser anos non controlados, os dous asteriscos corresponden a datos do ano 2001, e os tres asteriscos indican o control de difusión integrada de *El Mundo-El Correo Gallego*, que se distribúen conxuntamente. Os datos da prensa gratuíta corresponden á difusión total en Galicia das catro cabeceiras estatais de *Metro*, *20 Minutos*, *Qué!* e *ADN*. Non está contemplada a difusión de *LV*, cabeceira gratuíta en galego do grupo El Progreso, porque saíu aínda a finais de 2006

Sobre a prensa electrónica e outras publicacións periódicas, cómpre sistematizar distintos datos dispoñibles, tomando como referencia fontes homoxéneas tales como os controis de difusión ou os datos do Rexistro Mercantil. O grupo de Promocións Culturais Galegas S.A., cun capi-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 45

tal social de 646 088 euros, edita o semanario *A Nosa Terra*, que factura 1 101 862 euros, aínda que os seus datos máis recentes do Rexistro Mercantil son de 2003. Á súa fronte como xerente segue Xosé Fernández Puga, xuntamente con Xoán Piñeiro Cochón, Miguel Barros, Xan Carballa, Manuel Veiga Taboada e Xosé María Dobarro Paz como administradores; con participacións tamén de Comercial Gráfica Nós S.A., Norprint Artes Gráficas e Sogarpo.

Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A., que edita a revista *Tempos Novos*, factura 118 052 euros, cun capital social de 134 927 euros e uns fondos propios de 82 524, cun endebedamento de 39 414 e un activo total de 121 938 euros en 2005. Con data de nomeamento de 2004 figuran Ana María Fernández Puentes como presidenta, Luís Álvarez Pousa como conselleiro delegado, Xosé de Paz Villasenín como secretario e como administradores Xulián Maure Rivas, Xosé Luís Díaz Arias de Castro e Xoán López Facal. Equinoccio S.A., que edita a revista económica *Eco*, factura 372 559 euros, presidida por Antonio Couto Rego e dirixida por Gonzalo Vázquez Pozo. Código Cero, que edita unha revista de tecnoloxías da información e puxo en marcha unha canle de televisión local en Compostela, facturaba en 2004 uns 145 930 euros. Esta empresa, que a principios de 2007 cedeu o equipamento da súa televisión ao Grupo Correo Gallego, está participada por Carlos Ballesteros Giménez, Xosé María Fernández Pazos e Marcos Fernández Otero.

Na prensa electrónica, Xornal Galinet S.A., editor de *xornal.com*, está participado maioritariamente por Udramedios, filial do grupo construtor San José, e por Xosé Luís Gómez Gómez, que posúe a presidencia. Figuran tamén como administradores Antonio Sangiao Novo, que é o director, xunto con Vicente Martín Egana e Enrique José García Sánchez. Sen datos recentes no Rexistro Mercantil, a súa facturación de 2003 ascendeu a 134 393 euros e un capital social desembolsado de 87 000 euros. Vieiros Información en Rede S.L., con 3200 euros de capital social, é propiedade de Lois Carlos Rodríguez Martínez, que fundou e participou tamén na Editora Nacional Galega ITEM AGA S.L., de Ferrol, xunto con Rubén López Pereira. Esta última factura 421 617 euros. Vieiros, un proxecto pioneiro da internet dende 1996, ten formato informativo continuado a partir de 2002 baixo a sucesiva dirección dos xornalistas Rocío Castro, Anxo Quintela, María Yáñez e Ramón Vilar. *Galiciadiario.com* corresponde á Cadena Noroeste de Medios de Comunicación S.A., representada por Manuel Casal Costa, Jacobo Couceiro Molina, Juan Ramón Madera Míguez e Luis Lino Couceiro Molina. Este grupo promove tamén as emisoras de Radio Líder, asociadas a Punto Radio de Vocento e varias publicacións comarcais.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 46

Prensa electrónica galega

Medio	Data creación	Usuarios OJD	Visitas OJD	Páxinas
El Correo Gallego	1995	154 294	475 877	3 060 606
Vieiros	1996			
Diario de Pontevedra	1997			
La Región	1998	34 857	84 432	384 054
Xornal.com	1999			
Faro de Vigo	1999	123 802	449 029	2 448 530
El Progreso	2000			
La Voz de Galicia	2000	563 294	2 172 702	16 398 785
La Opinión	2000			
El Ideal Gallego	2000			
Diario de Ferrol	2000			
Código Cero	2000			
Diario de Arousa	2001			
Galiciadiario.com	2002			
A Nosa Terra	2002			
Noticiasgalicia.com	2002			
Galicia Hoxe	2003			
Atlántico.net	2004			

Fonte: Elaboración propia con datos das propias empresas, de OJD Interactiva e do Rexistro Mercantil

Os grupos de prensa gratuíta

Os resultados da prensa gratuíta en España presentan un avultado déficit de máis de quince millóns de euros, alto endebedamento e desigual evolución do seu valor engadido. A perspectiva temporal, en cambio, é pequena e esixe algo máis de traxectoria para facer unha avaliación do seu modelo de negocio. A evolución das empresas de prensa gratuíta amosa un crecemento espectacular da difusión, a consecución de novos lectores, en definitiva, pero non tanto ou moito menos, dende logo, de mercado de publicidade, de anunciantes, a base fundamental deste modelo de negocio. Así, pódese constatar que hai base para a distribución, para o consumo deste produto editorial, pero aínda non foi capaz de captar ou desenvolver o intercambio e valorización desa atención acadada. En calquera caso, un serio aviso e unha ameaza latente para a prensa de pago, en primeiro lugar, e para os outros medios de comunicación en xeral, no que respecta á irrupción desta nova canle de difusión publicitaria.

Nos países nórdicos, precisamente os que encabezan as estatísticas de lectura de xornais, xorde a prensa gratuíta a mediados da década dos anos noventa do pasado século. En 1995 xorde en Suecia a cabeceira *Metro*, do grupo británico Metro International S.A., que actualmente

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 47

conta xa con 59 edicións en tres continentes (Europa, América e Asia), en 21 países (Suecia, Dinamarca, España, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, Chequia, Rusia, Croacia, Canadá, Chile, Estados Unidos, México, China e Corea do Sur) e 18 idiomas. O grupo noruegués Schibsted, fundado en 1839, a través da sociedade 20 Min Holding, lanza tamén a finais da década dos noventa a súa cabeceira internacional *20 Minutos* con edicións en Noruega, Suecia, Dinamarca, Suíza, España, Estonia, Finlandia e Francia.

Estes dous grupos mediáticos internacionais aterran en España a finais da década dos noventa e comezan as súas actividades aquí co inicio do novo século, primeiro *20 Minutos* en Madrid, a partir do 3 de marzo de 2000, e logo a edición de Barcelona, o 16 de novembro dese mesmo ano. No capital de *20 Minutos* participa tamén o Grupo Zeta español da familia Asensio. *Metro Directo* publica a primeira edición española en Barcelona en marzo de 2001 e a segunda en Madrid en agosto dese mesmo ano. A réplica do mercado tradicional nacional de prensa non chegará ata o 18 de xaneiro de 2005, a través de Recoletos, o maior conglomerado español de prensa especializada, particularmente deportiva e económica, que lanza o diario *Qué!*, no que participa tamén o grupo catalán Godó, editor de *La Vanguardia* e socio, por outra parte, de Prisa en operacións e alianzas radiofónicas. A principios de marzo do ano seguinte, en 2006, o Grupo Planeta e as principais editoras da prensa rexional independente (Joly de Andalucía, La Voz de Galicia, Heraldo de Aragón, Grupo Serra en Baleares, Diario de Navarra e o Grupo Promotor Salmantino) sacan á rúa *ADN*, a última cabeceira de prensa gratuíta de cobertura xeral estatal.

Dous grupos internacionais e dous estatais controlan polo tanto o 80% da difusión e do negocio empresarial da prensa gratuíta en España, un fenómeno de menos de vinte anos en Europa e de apenas un lustro no noso mercado. Entre as catro principais cabeceiras difunden máis de 3,6 millóns de exemplares, dos 4,6 millóns de xornais que reparte a prensa gratuíta en España en 2006, e as súas respectivas empresas facturan menos de 100 millóns de euros, arredor de 75 millóns en 2005, segundo as súas contas de explotación. Esas catro empresas (Multiprensa y Más S.L., que edita a cabeceira *20 Minutos*; Factoría de Información S.A., de *Qué!*; Editorial Página Cero S.A., de *ADN*; e Metro News S.L., de *Metro Directo*) declaran un capital social subscrito de 74 millóns de euros e un cadro de persoal de 515 empregados.

Os catro xornais gratuítos estatais difunden diariamente en Galicia 204 132 exemplares, aos que lles podemos engadir 81 821 xornais de fóra que cada día se venden aquí, para obter un saldo comercial difusor externo de 289 953 fronte á difusión total da prensa de pago galega de 218 143 unidades. Resulta así que a prensa de pago editada fóra de Galicia e mais os xornais gratuítos repartidos aquí superan en máis de 71 800 exemplares a difusión diaria acadada polas empresas xornalísticas galegas no seu propio mercado. A desvantaxe competitiva para a prensa galega é notable, tanto polo incremento da difusión da prensa de pago de fóra coma pola penetración da nova prensa de balde, como reflicte a tendencia do seguinte cadro.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 48

Evolución da difusión da prensa en Galicia

Tipo de difusión	Difusión 1981	Difusión 2005	Evolución 1981-2005
Difusión p. de pago Galicia	184 829	299 964	62,29
Difusión p. gratuíta Galicia		204 132	
Difusión p. galega Galicia	155 396	218 143	40,38
Difusión p. fóra en Galicia	24 433	81 821	234
Difusión p. inf. xeral Galicia	11 469	48 104	319

Fonte: Elaboración propia a partir de datos controlados por OJD

A prensa galega de pago afrontou a competencia da penetración dos xornais de fóra, esencialmente os editados en Madrid, que irrompen con forza no mercado galego a partir da década dos noventa do século pasado, a través da especialización local e o xornalismo de proximidade. A estratexia da prensa de Madrid primeiro foi aproximarse ao mercado –chegar antes ao punto de venda e mellorar a distribución– e logo achegarse aos intereses locais dos lectores. Acertou na primeira estratexia pero non tanto na segunda, non en balde varios intentos de edicionalización (*El Mundo* e *ABC*) sufriron distintas peripecias e posteriormente foron reducidas. A experiencia máis recente neste senso –a de *El País*, a finais de 2006– veremos que resultados produce en termos de incremento da difusión. Así, antes, a pregunta resultaba obvia: Por que se merca un xornal de Galicia e outro de Madrid? Pero, agora, xa no século XXI, cunha oferta moito máis ampla e diversa, a pregunta é moito máis complexa: Por que se merca e se le un xornal de pago? Por que se merca un de Galicia e/ou outro de Madrid? Por que se le un xornal gratuíto e non se compra un de pago? Por que non se le o xornal e se busca a información noutros medios (radio, televisión), mesmo na internet?

A diferenza de Cataluña, en Galicia o desenvolvemento masivo da prensa gratuíta corresponde a empresas de fóra. Apenas se poden mencionar unhas cantas experiencias, algunhas de carácter local-comarcal e outras ensaiadas por empresas xornalísticas da prensa de pago. *La Voz de Galicia* adiantábase hai anos coa súa cabeceira *Urbe* á entrada dos xornais gratuítos de ámbito estatal, pero a experiencia resúltalle frustrante e distorsionadora do seu propio mercado, ata o punto de facela desaparecer.

En 2006, a editora de *El Correo Gallego* responde á competencia dos gratuítos en Compostela co lanzamento da cabeceira semanal *Tierras de Santiago*. Tamén reacciona o Grupo de El Progreso de Lugo, que edita tamén en Pontevedra o xornal da capital do Lérez, co lanzamento o 21 de decembro de 2006 doutro gratuíto en galego (de luns a venres) titulado xustamente así, *LV*, dirixido por Alfonso Álvarez Riveiro. Este lanzamento coincide coa incorporación de Blanca de Cora García como adxunta á presidenta da compañía luguesa de propiedade familiar, Blanca García Montenegro, e de Eugenio Caeiro González como director comercial de todo o grupo. O xornal de balde da editora luguesa, repartido nas sete principais cidades galegas, saíu á rúa cun triplo

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 49

reto de marca (*LV*) fronte ao líder do mercado galego (*LVG*), fronte á oferta da prensa gratuíta de fóra de Galicia e en galego fronte á outra cabeceira diaria de pago (*Galicia Hoxe*, do grupo compostelán Correo Gallego).

De carácter comarcal e periodicidade semanal, quincenal e mensual hai outras diversas experiencias tales como *El Foro Metropolitano* de Vigo, *Entorno Metropolitano* de Oleiros, *Periódico das Mariñas* de Bergantiños, *Periódico de Lalín Comarca*, *Confidencial da Costa da Morte*, *Confidencial de Xallas-Barcala*, *Confidencial Entre Rías e O Sil* en Valdeorras. Non teñen moita periodicidade nin difusión estas cabeceiras, pola estrutura dispersa da poboación galega e polas estratexias de xornalismo de proximidade que a prensa de pago desenvolve a partir da década dos oitenta do século XX mediante as catorce edicións de *La Voz de Galicia*, as seis de *Faro de Vigo*, as dúas de *El Progreso* e as outras dúas de *La Región* de Ourense. La Capital, a editora de *El Ideal Gallego*, desenvolve en cambio unha estratexia de diversificación de cabeceiras de información local e especializadas (*Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa*, *Diario de Bergantiños*, *Deporte Campeón*).

Desde o punto de vista conceptual, cómpre entender a prensa e a información de proximidade non só no senso xeográfico –de aproximación da distribución e a redacción– senón tamén no aspecto identitario e relacional. A esa tripla dimensión (distribución, identidade e relación emocional) tamén se lle podería engadir unha consideración –que a prensa de pago, conservadora no seu negocio coma ninguén, case nunca se formulou– sobre a estimación e a elasticidade do prezo como variable de márketing. Así entra no escenario mediático a prensa gratuíta, converténdose nun novo soporte máis do mercado da atención (intercambiar tempo e atención dos lectores por venda de publicidade) e da influencia. Rompe, polo tanto, o modelo clásico da tripla ou tetravenda da prensa de pago: exemplares e subscricións, publicidade, promoción e influenza.

A prensa gratuíta, a diferenza da de pago, innova tamén o tradicional e obsoleto modelo de distribución, mantido a través de arcaicos puntos de venda desigualmente atendidos e orograficamente repartidos polas cidades e vilas. Mentres que para o modelo da prensa de pago había que acudir ao punto de venda, a distribución de balde acode directamente ao lector, nos lugares e puntos de confluencia máis oportunos e interesantes. Así se estendeu nas grandes cidades (Madrid, Barcelona, Valencia) a través dos medios de transporte colectivos (suburbano e autobuses), chegando a tomar o nome dalgúns deles, aproveitando un tempo de uso alto e crecente de grandes masas de poboación. Pero tamén chega a outras cidades e lugares, como é o caso da súa penetración en Galicia. E, no futuro, tamén será distribuída a domicilio.

A tipoloxía e perfil do lector de prensa de pago e gratuíta é bastante diferente, aínda que non está suficientemente estudado o impacto da segunda sobre as vendas de exemplares da primeira. O lector da prensa de pago ten unha media de idade de 48 anos fronte a 27 o da gratuíta. O primeiro dedica un tempo de 45 minutos á lectura mentres que o segundo só arredor de 20 minutos, en medios de transporte, sobre todo. Ambos os modelos teñen estruturas diferentes, a metade de páxinas os gratuítos e novas moito máis curtas. A prensa de pago é ideolóxica e política mentres que na de balde predomina o social e a proximidade. A prensa gratuíta introduciu de

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 50

cheo o márketing de innovación no mercado da prensa, intocable e inamovible en canto a prezos e profundamente conservador nos sistemas de distribución.

A cabeceira *20 Minutos*, que edita en España catorce edicións, dúas delas en Galicia, ten no noso país unha difusión de 54 521 exemplares, na Coruña (26 846) e Vigo (27 675), dos 969 999 do conxunto estatal. A segunda cabeceira en difusión estatal é *Qué!*, con 969 721 exemplares, en doce edicións, reparte en Galicia 59 707 xornais nas súas respectivas da Coruña (29 862) e Vigo (29 845). *ADN*, con catorce edicións, reparte en España 913 556 exemplares, dos cales 54 170 en Galicia (A Coruña 24 853 e Vigo 29 317). *Metro Directo*, con doce edicións, reparte en España 766 326 exemplares, dos cales 35 734 corresponden a Galicia. Este é o único gratuíto que ten unha única edición para Galicia, fronte aos outros tres que ofrecen dúas, para Vigo e A Coruña respectivamente.

A prensa gratuíta en España

Cabeceira	Empresa Grupo	Orixe	Relacións	Edicións España	Difusión España	Difusión Galicia	Vendas	Capital social	Beneficios	Emp.
20 Minutos	Multi-prensa y Más S.L.	1999	Noruega, Suíza, Francia	14	969 999	54 521	31,5 millóns	44,5 millóns	(-1,2)	155
Qué!	Factoría de Informc.	2005	Recoletos España	12	969 721	59 707	18,3 millóns	13,3 millóns	(-16,5)	207
ADN	Editorial Página Cero S.A.	2006	Planeta e prensa rexional	14	913 556	54 170		16 millóns		50
Metro Directo	Metro News S.L.	2000	R. Unido, Europa e América	12	766 326	35 734	24 millóns euros	0,55 millón	2,4 millóns	103

Fonte: PGD-OJD para o control da difusión e Rexistro Mercantil para emp. (empregos declarados no momento de constitución da sociedade) e contas de capital social, vendas en beneficios: Metro News S.L., datos de 2004; Editorial Página Cero S.A. aínda está en 2006 no seu primeiro exercicio; Factoría de Información S.A., datos de 2005; e os de Multiprensa y Más S.L. son tamén de 2005

A empresa Multiprensa y Más S.L., editora de *20 Minutos*, constituíuse en Madrid o 4 de novembro de 1999, cun capital social de 44 569,06 euros e 155 empregados, segundo consta no Rexistro Mercantil. Presenta nos tres últimos exercicios económicos unhas vendas de entre 16,2 millóns de euros a 26,4 millóns entre 2003-2004 e 31,5 millóns en 2005. Declara neses tres exercicios respectivamente uns resultados de 2,5 millóns de perdas en 2003, uns 3,3 millóns de beneficios en 2004 e, de novo, 1,2 millóns de perdas en 2005. O seu endebedamento evoluciona de 10,5 millóns en 2003 a 7,8 millóns en 2005. Os fondos propios pasan de 1,2 millóns en 2003 a 6,9 millóns de euros en 2005. O activo total en 2003 ascendía a 11,8 millóns e en 2005 a 14,8 millóns.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 51

Á fronte de Multiprensa figura en 2006 como director xeral José Antonio Martínez Soler, e Sverre Christian Munck como administrador único. Desempeña a vicepresidencia da editora española de *20 Minutos* o máximo representante e herdeiro da familia propietaria do Grupo Zeta, Antonio Asensio Mosbah, en virtude do 20% de participación de capital que ten nela. Figuran como accionistas principais desta empresa o grupo corporativo empresarial da Caja de Ahorros de Navarra e Invercartera Capital S.A. A empresa participa, á súa vez, nas sociedades International Horse Magazine S.L., Edigolf, En Cartel Multimedia S.L. e Edigolf Reservas S.A. A sociedade mercantil ten rexistradas e vixentes as marcas comerciais de Negocios 20, Sacorroto 20 Minutos e 20 Semanal.

Metro News S.L., a empresa editora de *Metro Directo*, constitúese en Barcelona o 25 de outubro de 2000 cun capital social de 550 000 euros e 103 empregados, como filial da británica Metro International LTD, representada por Alejandro Graf Von der Pahlen como presidente, Alberto Díaz como director xeral, e Steve Nylund e Robert Patterson como administradores. As vendas deste gratuíto evolucionan dende os 10,8 millóns de 2002 aos 16,7 millóns de 2003 e aos 24 millóns de euros de 2004, último exercicio do que se teñen datos a finais de 2006. Rexistra perdas de 2,4 e 845 000 euros en 2002 e 2003 respectivamente, así como beneficios de 2,4 millóns en 2004. O seu endebedamento oscila entre os 19 millóns de euros de 2002 ata os 18,7 millóns de 2004. Presenta tamén fondos propios negativos de 9,5 millóns en 2002 e de 6,4 millóns en 2004.

A empresa Factoría de Información S.A., editora do xornal gratuíto *Qué!*, do grupo Recoletos, constitúese en Madrid o 16 de novembro de 2004, cun capital social de 13,3 millóns de euros e 207 traballadores, a través de Recoletos Medios Digitales S.L., presidida por Luis Infante Bravo e con administradores solidarios como Alejandro Kindelán Jaquotot, Ignacio de la Rica Aranguren, Carlos de Godó Valls, Aurora Cata Sala, Santiago Nolla Zayas e Javier Albacar Rodríguez. Esta empresa declara no seu primeiro ano de exercicio, 2005, unhas vendas de 18,3 millóns de euros, perdas de 16,5 millóns, 5,8 millóns de euros de endebedamento e uns activos de 17,9 millóns. Esta empresa ten rexistradas e vixentes as marcas comerciais da cabeceira aplicadas a radio e televisión e tamén a de Apuestasque.

Por último, da Editorial Página Cero S.A., a editora de *ADN*, non se teñen máis datos solventes –por ser 2006 o seu primeiro ano de actividade comercial– que os constitutivos da sociedade en Barcelona, o 2 de febreiro de 2005, cun capital social de 16,012 millóns de euros, dos cales inicialmente só desembolsan 4,9 millóns. Preside a sociedade o titular do Grupo Planeta e Antena 3, José Manuel Lara Bosch, con José Sanclemente Sánchez como conselleiro delegado e como administradores representantes do Grupo Promotor Salmantino S.A., La Voz de Galicia S.A., Federico Joly y Cía. S.A., La Información S.A. de Navarra, Carmen Serra Magraner, Heraldo de Aragón S.A. e José Creuheras Margenat. Figuran, polo tanto, como accionistas as empresas editoriais de La Voz de Galicia S.A, neste caso cun 6,67%; Heraldo de Aragón S.A.; Voz de Galicia Radio S.A.; Hora Nova S.A.; Planeta Medios Escritos S.L. e Grupo Promotor Salmantino S.A.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 52

CONCENTRACIÓN DAS REVISTAS

A actividade editorial e económica da prensa escrita de pago non diaria en España ten bastante importancia no conxunto do sector mediático pero, case sempre, queda diluída ou relegada pola representación e influencia da de difusión diaria, sectorialmente organizada a través da potente Asociación de Editores de Diarios Españoles (AEDE), creada en 1978. Aínda que non resulta fácil establecer unha estatística estable pola alta variabilidade de datos e número de cabeceiras e empresas, a prensa escrita non diaria agrupa máis de 200 títulos que difunden trece millóns e medio de exemplares, facturan anualmente arredor de mil millóns de euros e dan emprego a máis de 3000 persoas. Case o 90% da difusión e facturación corresponde a grupos empresariais internacionais alemáns, suízos, suecos e dos Países Baixos. A penetración do capital internacional neste sector en España é maioritaria, con apenas dúas ou tres excepcións entre os dez principais grupos editores de revistas.

As contas de resultados dos dez principais grupos de revistas revelan un estancamento ou retroceso nas súas vendas nos últimos anos, en definitiva unha crise latente moito máis evidente e acusada que na prensa escrita. Para o conxunto destes dez principais grupos editores de prensa non diaria –que integran o 50% dos títulos do sector– os resultados económicos dos últimos exercicios sitúanse por debaixo dos 40 millóns de euros, sobre unha facturación total de arredor de mil millóns, tendo en conta que os ingresos de publicidade do total aumentaron nun 19% entre 1999 e 2005, porcentaxe que, en cambio, se reduciu notablemente nos últimos exercicios.

Os ingresos de publicidade das revistas ascenderon de 664 millóns de euros en 2004 a 674 millóns en 2005, segundo datos de Infoadex. Con este volume de ingresos, sobre unha facturación total superior aos mil millóns, podemos concluír que o peso da publicidade nas revistas é moi superior ao da súa venda, ao contrario do que ocorre ata agora na prensa diaria, que está no 36% fronte ao 54% respectivamente. Resulta evidente tamén o peso na prensa diaria de pago do capítulo doutros ingresos, especialmente das promocións e accións especiais, que rexistraron un forte incremento nos últimos anos, convertendo este soporte nunha nova canle de distribución.

Así, en comparanza, sobre os datos do *Libro branco da prensa* de AEDE, as empresas españolas de información diaria escrita rexistraron en 2004 uns ingresos totais de 2595 millóns de euros fronte a 2333 millóns de 2003, un 11,23% máis. Pola venda de exemplares contabilizaron 1360 millóns de euros en 2004 e 1270 millóns en 2003, e por publicidade 1280 e 1151 millóns de euros respectivamente, un 11,73% máis. Diferenza notable tamén ata agora na presenza de capital internacional na prensa diaria española, que polo contrario se expandiu a outros países a través dos principais grupos mediáticos. Quizais esta última variable estea a punto de cambiar se se confirma a fusión ou absorción dalgúns grupos de presenza internacional sobre outros españois.

A competitividade e fragmentación dos mercados editoriais, non só pola concorrencia de empresas e cabeceiras, senón pola alteración do modelo tradicional de negocio que supón a en-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 53

trada da difusión a través da internet, obriga aos grupos editoriais a buscar novas alternativas estratéxicas a través da concentración, diversificación, redución de custos e loita por novas marxes de negocio que non sempre son fáciles de atopar. A cadea de valor da produción da información alterouse e rompeu pola entrada de novos actores alleos ao sector –agregadores e motores de busca– que provocaron e están provocando cambios importantes nos hábitos e formas de consumo dos contidos xornalísticos. Os movementos das compañías editoriais e o cadro estatístico dos grupos de revistas apuntan e confirman esas tendencias.

Grupos editores de revistas

Grupo	Propiedade	Capital social	Cadro de persoal 2005	Vendas 2004	Vendas 2005	Resultados 2004	Resultados 2005	Débeda 2005	Títulos
RBA	España	2,2	390	317	345	20,5	24	10,2	16
HOLA	España	0,6	147	117,6	119,3	0,53	4,8	35,1	1
Hacchette Filipacchi	Francia	20,6	325	71,7	69,5	-3,3	-4,8	54,9	25
Edipresse	Suíza	1,9	239	59,82	61,95	1,01	-5,10	38,1	13
G+J	Alemaña	5	247	52,2	60,02	5,6	1,9	21,9	9
Motorpress	Alemaña	0,5	382	38,02	42,13	1,11	2,37	24,08	23
Condé N.	EE.UU.	1,5	170	36,43	41,70	3,44	6,27	11,5	4
Heres	España	2,5	26	37,8	38,2	8,8	9,6	9,11	3
Axel Sprg.	Alemaña	1,2	157	23,3	28,1	4,1	2,8	13,9	13
Globus	Suecia	5,5	49	19,35	18,95	1,04	0,04	17,15	10
VNU	P. Baixos	0,08	60	10,9	9,8	0,77	0,36	4,5	10

Fontes: Cifras en millóns de euros e datos procedentes das contas das sociedades depositadas diante do Rexistro Mercantil, base de datos de Fomento da Produción (Barcelona) e das propias web das editoras. Salvo nos casos das tres sociedades que encabezan o ránking, os datos do resto das editoras –aínda non actualizados nas bases de datos telemáticas– corresponden aos exercicios de 2003 e 2004, que se correlacionan coa secuencia 2004-2005

A finais de novembro de 2006, a primeira editora de revistas, o grupo RBA, de Barcelona, de carácter familiar, anunciaba a súa fusión coa empresa suíza Edipresse Hymsa. Conxuntamente pasan a situarse no décimo lugar dos conglomerados mediáticos españois, cunha facturación superior a 400 millóns de euros e máis de 600 empregados. A absorción española do grupo Edipresse deixa a RBA co 67% do control da nova sociedade e aos suízos co 33% restante. Ricardo Rodrigo, de RBA, queda como presidente do novo grupo e Pierre Lamunire, de Edipresse, como vicepresidente. O grupo español de capital familiar achega todas as súas revistas, entre as que destaca *El Mueble* e *Na-*

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 54

tional Geographic, e Edipresse as súas, tales como *Lecturas*, *Clara* e *Semana*; neste último caso o 50% dela, porque a outra metade segue sendo propiedade da familia Montiel. Edipresse é unha compañía de medios de comunicación, con sede en Lausanne, que publica máis de 160 revistas en 18 países, entre eles Suíza, España, Portugal, Polonia, Ucraína, Romanía, Francia e China.

O Grupo RBA mercou tamén a finais de 2006 o 60% da empresa Ediciones El Jueves, editora da revista de humor do mesmo título, propiedade que compartirá con Óscar Nebreda e José Luis Martín Zabala, os propietarios, que quedan co 40% do capital. As vendas semanais da revista de humor acadaban os 75 000 exemplares e máis de 420 000 lectores. O proxecto empresarial de fusión comprende elevar a formato audiovisual e multimedia a marca de El Jueves.

A pesar de que o sector da prensa especializada, neste caso de carácter non diario, pero tamén a dos xornais gratuítos, rexistra as maiores cotas de penetración de capital internacional, a absorción de Edipresse por RBA toma a dianteira nun proceso de concentración e expansión que resulta irreversible. A xestión favorable do grupo editorial de coleccionables, revistas e libros de RBA Holding, que representan Ricardo Rodrigo e Oriol Castanys, logrou aproveitar a crise de Edipresse, con perdas nos últimos anos, para concentrar recursos e sinerxías co fin de mellorar os seus resultados.

Na cabeza dos grupos editores de revistas sitúase tamén, en segundo lugar, a empresa Hola S.A., que publica a revista do mesmo título, cunha facturación de preto de 120 millóns de euros, con varias edicións europeas e americanas. Esta revista da familia Sánchez Junco lidera a difusión de publicacións da chamada prensa do corazón e de orientación especializada ao público feminino. Sendo líder en venda de exemplares e publicidade, a súa conta de resultados apenas medra tampouco nos últimos anos, o que revela o estancamento xeneralizado deste segmento editorial. Destaca, pola contra, o importante crecemento de visitas da súa versión *on-line*. As vendas desta revista evolucionan nos tres últimos anos de 112 millóns de euros de 2003 a 119,3 millóns en 2005 e os beneficios de 4,1 millóns a medio millón de euros en 2004 e 4,8 millóns en 2005. Os seus fondos propios son de 128 millóns de euros sobre un nivel de endebedamento de 35 millóns.

O terceiro grupo editorial de prensa non diaria de España é integramente de capital francés, Hachette Filipacchi Press, que edita máis de dúas ducias de revistas, entre elas *Diez Minutos*, *Emprendedores*, *Fotogramas*, *Ragazza*, *Supertele*, *Teleprograma*, *Teleindiscreta* e outras. A evolución das súas vendas reflicte o estancamento do sector: 67,5 millóns en 2003, 71,5 millóns en 2004 e 69,5 millóns en 2005. O saldo de resultados deses tres anos tamén é de luz e sombra, porque aínda que en 2003 e 2005 gaña 3,5 e 4,8 millóns respectivamente, en 2004 rexistra unhas perdas de 3,3 millóns. No seu último exercicio anotaba 54,9 millóns de débeda sobre uns activos totais en descenso de 94 millóns de euros. Participan no capital social (superior aos 20,6 millóns de euros) a sociedade francesa matriz e Print Holding, dos Países Baixos. Pola súa parte, a filial española participa nas sociedades filiais de Portugal, Brasil e Hispanoamérica.

O grupo suízo Edipresse, absorbido por RBA, presentaba en 2004 unha situación financeira de rendibilidade negativa, tesouraría degradada, importante endebedamento e equilibrio dete-

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 55

riorado. As súas vendas evolucionan de 59,82 millóns de 2003 a 61,95 millóns de euros en 2004, con máis de cinco millóns de perdas neste último exercicio. A filial española deste grupo suízo participaba á súa vez na Sociedad General de Publicaciones S.A., Edición México S.A., Edipresse Publiventa S.A., Hymsa Universo S.L., Edipresse Servicios Editoriales S.A. e Focus Ediciones S.L.

O grupo alemán Gruner+Jahr, creado en 1965 e que dende 1973 controla maioritariamente Bertelsman (74,9%), ten a súa orixe na familia Jahr (25,1% do capital actual), con sede central en Hamburgo. Edita revistas como *Stern*, *Brigitte*, *Capital*, *Geo*, etc. En España publica tamén *Cosmopolitan*, *Marie Claire*, *Ser Padres*, *Muy Interesante* e outras. O seu volume de negocio en España ascende a 60 millóns de euros, cuns resultados sucesivos nos tres últimos anos de entre cinco e dous millóns de euros. O nivel de endebedamento en 2004 ascendía a 21,9 millóns, sobre un activo total de 30,5 millóns. A filial española deste grupo está participada por Media Finance Holding S.L. (74,6%), Spanien Constanze Verlag GMBH & CO KG Sucursal en España (25,01%) e GyJ España Ediciones S.L. (0,36). Este grupo alemán é un dos maiores editores europeos de revistas, con máis de 125 títulos en dez países, uns 11 500 empregados e unha facturación global de 2440 millóns de euros.

Pola súa parte, Bertelsman é unha das maiores compañías mediáticas europeas; fundada en 1836, está actualmente organizada en seis divisións de radiotelevisión, edición de libros, música, impresión e clubs de venda de libros: RTL Group (Luxemburgo), Random House Inc (Nova York), Gruner+Jahr (Hamburgo), BMG (Nova York), Arvato e Direct Group Bertelsman (Gütersioh).

Outra compañía alemá de prensa especializada, Motorpress International GMBH, controla a empresa Motorpress Ibérica S.A., que publica en España dezanove cabeceiras e participa en filiais de Portugal, México, Arxentina e Brasil. As súas vendas nos exercicios fiscais dispoñibles de 2003 e 2004 ascenderon a 38,02 e 42,13 millóns de euros respectivamente, cunha situación financeira axustada e uns resultados de 1,11 e 2,37 millóns de euros. Está especializada en publicacións relacionadas co mundo do motor e do automobilismo así como tamén coa organización de eventos deportivos das mesmas características. Presentaba nos últimos exercicios económicos un alto nivel de endebedamento de 24 millóns de euros sobre uns activos totais de 31,7 millóns de euros.

O grupo estadounidense de revistas de alto estilo Condé Nast, que factura en España 41,70 millóns de euros, organízase a escala europea a través da súa filial alemá Condé Nast Verlag, que é a matriz da editora ibérica que publica as edicións españolas de *Vogue*, *Glamour*, *GQ* e en 2006 *Architectural Digest* (de decoración). Este grupo edita a escala internacional, entre outras publicacións, *Vanity Fair*, *The New Yorker*, *Golf Digest* ou *Wired*. O grupo conseguiu nos últimos en España resultados favorables de 3,4 e 6,27 millóns de euros en 2003 e 2004 respectivamente.

A editora da revista *Pronto*, Publicaciones Heres S.L., que lidera Mariano Nadal Gañán, saneou resultados nos seus últimos exercicios fiscais e, a partir dunhas vendas de 35,08 e 37,80 millóns de euros, conseguiu 6,92 e 8,85 millóns de euros de beneficios en 2003 e 2004 respectivamente.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 56

O potente grupo alemán Axel Springer Verlag AG, fundado en 1946 e presente en España con publicacións de informática e videoxogos, é un dos maiores editores de prensa europeos con 150 xornais (entre eles *Die Welt* e *Bild*) e revistas en 32 países, así como canles de televisión en Turquía e Polonia. Con trece revistas de informática, videoxogos e motor facturou en España 28,1 millóns de euros en 2005 e 23,3 millóns en 2004, con pequeno endebedamento, boa rendibilidade e equilibrio financeiro. Axel Springer mercou a finais de decembro de 2006 a editorial suíza Jean Frey por 87,2 millóns de euros, con tres revistas, 44 millóns de euros de facturación e uns 240 traballadores.

O grupo multimedia Bonnier, de capital familiar, que ten intereses empresariais en dezasete países europeos e que factura arredor de 2500 millóns de euros, participa no mercado español a través de Globus Comunicación S.A. coa edición de revistas como *Diseño Interior*, *Casa y Campo*, *Cocina Ligera*, *Plantas de Casa*, *Embarazo Sano*, etc. Este grupo sueco, que ten como primeiro executivo o presidente da Asociación Mundial de Periódicos, Bengt Braun, facturou en España 19,35 e 18,95 millóns de euros en 2003 e 2004 respectivamente. O grupo Bonnier está presente nas distintas actividades mediáticas de edición de libros, prensa diaria, revistas, cine, edición musical, televisión e internet. O seu gran rival en Suecia é o grupo noruegués Schibsted, que lanzou en 1995 o gratuíto *Metro*, actualmente estendido por todo o mundo.

De matriz holandesa e sede en Amsterdam, a editorial VNU, dona da firma de medición de audiencia Nielsen TV e de numerosas publicacións e portais de informática, controla a empresa VNU Business Publications España S.A., que edita dez revistas neste país, cunha facturación de 10,9 e 9,8 millóns de euros en 2003 e 2004 respectivamente. A finais de 2006 un grupo de investidores e fondos de capital risco encabezados por Carlyle e Thomas H. Lee Partners ofertaron por esta compañía holandesa de medios especializada en audimetría e informática preto de 7700 millóns de euros.

A pesar do estancamento da actividade económica e de resultados da prensa especializada en España, non por iso se reduciu a valoración das respectivas empresas, como se ve polas ofertas e movementos de capital que se produciron nos últimos meses do 2006. O esgotamento do modelo de negocio en papel non reduce, de ningún modo, as posibilidades de proxección e crecemento das actividades a través doutros soportes e alternativas. A fortaleza das súas marcas e o coñecemento dos mercados segmentados das respectivas especializacións ofrecen interesantes e atractivas alternativas para novos negocios da galaxia multimedia. Reenxeñaría e reconfiguración empresarial para aproveitar as distintas e novas sinerxías das veteranas marcas. Así, pois, ao noso ver, o negocio da prensa especializada non diaria non está esgotado, está cambiando cara a outro rumbo e dirección, que é moi distinto. Desde logo, hai vida por diante no papel, pero hai moita máis aínda máis aló do papel, no dixital e na multimedia, sen dúbida.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 57

BIBLIOGRAFÍA

ACNielsen (2006), *Global Purchase Influencers Report*, setembro.

AENOR (2006), *ISO 9001 para la pequeña empresa. Qué hacer*, Madrid, 2ª edición.

AENOR (2006), *Gestión de la calidad*, 2ª edición, Madrid.

AETIC (2005), «Las tecnologías de la información en España», informes anuais, Madrid.

AETIC (2005), «Plataforma tecnológica española. Tecnologías audiovisuales en red», coordinador Oficina AproTech-AETIC Julián Seseña, Madrid.

AETIC (2005), *Perfiles profesionales TIC para la implantación de servicios y contenidos digitales*, Madrid.

BENAVIDES VELASCO, C.A., C. QUINTANA GARCÍA (2003), *Gestión del conocimiento y calidad total*, AEC-Díaz Santos, Madrid.

CASTELLS, M. (2001), *La era de la información: economía, sociedad y cultura. El poder de la identidad*, vol. II, Alianza Editorial, Madrid.

CAMPOS FREIRE, F., R. MATEO (1997), *A prensa rexional en Europa*, Edicións Lea, Santiago de Compostela.

CASTELLS, M., «De la función de produción agregada a la frontera de posibilidades de produción: productividad, tecnología y crecimiento económico en la era de la información». Discurso de ingreso á Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras, Barcelona, 16 de febreiro de 2006.

CMT, *Informe anual 2004/2005*, Madrid, 2005/06.

CONCENTRATIONS TRANSNATIONALES DES MÉDIAS EN EUROPE (2004), Rapport préparé par le AP-MD (Panel consultatif du CDMM sur les concentrations des medias, le pluralisme et les questions de diversité), Strasburgo.

CRUZ SEOANE M.C., S. SUEIRO (2004), *Una historia de* El País *y del Grupo Prisa. De una aventura incierta a una gran industria cultural*, Plaza Janés, Barcelona.

DAVONPORT, Th. H., J.C. BECK (2002), *La economía de la atención. El nuevo valor de los negocios*, Paidós, Barcelona.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 58

ELLISON, G., E.L. GLAESER (1997), «Geographic concentration in US. Manufacturing industries: A dartboard approach», *Journal of Political Economy*, n.º 105, pp. 889-927.

FOMENTO DE LA PRODUCCIÓN (2006), *Las 2000 mayores empresas españolas*, Barcelona.

GARCÍA GRACIA, M.I., J.L. ZOFÍO PRIETO, *La dimensión sectorial de la industria de la cultura y el ocio*, 1993-1997, Datautor, Madrid.

GECA (2005), *Informe de la televisión en España*, Madrid.

GINI, C. (1912), «Variabilita mutabilita: Contributi allo studio della distribuzioni e relaxioni stadistichi», Studi Economico Giuridice Dell`Universitá di Calgari, n.º 3.

GROENNEVELD, K., J. HOOGERBRUG (2002), *La nueva economía de servicios*, Prentice Hall-Pearson, Madrid.

HERFINDHAL, O.C. (1945), *National power and the structure of foreign trade*, California University Press.

HERFINDHAL, O.C. (1950), *Concentration in the steel industry*, Columbia University.

IDATE/ENTER (2006), *Digiworld España. Los retos del mundo digital*, Madrid.

INFOADEX, *Estudio de la inversión publicitaria en España 2006*, Madrid, www.infoadex.es.

INNERARITY, D. (2006), *El nuevo espacio público*, Espasa Calpe, Madrid.

LEDO ANDIÓN, M., dir. (2002), *Observatorio do audiovisual galego: catálogo de producciónss 1999-2000*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

LEDO ANDIÓN, M., ed. (2004), *Os estados xerais da cinematografía en Galiza: catálogo de producciónss 2001-2002*, Universidade de Santiago de Compostela.

MACHO STADLER, I., D. PÉREZ CASTRILLO (2004), *Introducción a la economía de la información*, Ariel, Barcelona.

MIGUEL, J.C. (1993), *Los grupos multimedia. Estructuras y estrategias en los medios europeos*, Bosch, Barcelona.

NIXON, R.B. (1968), «Trend in U.S. Newspaper Ownership: Concentration with Competion», *International Communication Sazette*, vol. 14, n.º 3, pp. 181-193.

OBERCOM, «O panorama da propiedade dos media na Europa», *Revista Meios*, 2005.

OBERCOM, «A cadeia de valor da impresa», *Revista do Observatório da Comunicação*, n.º 9, Lisboa, 2004.

OBERCOM, *Anuário Comunicação 2003-2004*, Lisboa.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 59

OBSERVATOIRE EUROPÉEN DE L'AUDIOVISUEL (2001), *La télévision et la concentration des médias. Modèles de réglementation aux niveaux national et européen*, Strasburgo.

PEREIRA FARIÑA, X. (2006), *O sector audiovisual e a sociedade da información en Galicia. Situación e perspectivas*, tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

PORTER, M.E. (1985), *Competitive Advantage. Creating and Sustaining Superior Perfomance*, The Free Press, Nova York.

PORTER, M.E. (1986), *Estratégia competitiva. Técnicas para Análise de Indústrias e da Concorrencia*, Editora Campus, Río de Xaneiro.

PWC (2006), *Global Entertainment and Media Outlook, 2006-2010*, PricewaterhouseCoopers.

SGAE (2005), *Informe anual de la industria cultural*, Madrid.

TOFFLER, A., H. TOFFLER (2006), *La revolución de la riqueza*, Debate, Barcelona.

VOGEL, H.L. (1994), *Entertainment. Industry, Economics. A Guide for Financial Analysis*, Cambridge University Press.

WOLTON, D. (2006), *Salvemos la comunicación. Aldea global y cultura. Una defensa de los ideales democráticos y la cohabitación mundial*, Gedisa, Barcelona.

ZERDICK, A. e outros (2000), *E-conomics. Strategies for the Digital Marketplace*, European Communication Council Report.

cap_01_v2.qxd 25/6/07 17:57 Página 60

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 61

Os medios impresos: tempos de redefinición de estratexias

Xosé López

Coordinador da Sección e do Arquivo de Comunicación

Rosa Aneiros Díaz, Carme Costa Sánchez, Marcos S. Pérez Pena

Equipo Arquivo de Comunicación

Os cambios que se produciron no ano 2005 no mapa sociopolítico galego parecen aconsellar estratexias de redefinición por parte dos medios impresos, que levan anos tentando distintas saídas aos actuais desafíos sen moita convicción. Manteñen as vías de diversificación de produtos no campo da comunicación, pero revisan os produtos e a súa propia posición no mercado. O panorama comezou a mudar coa decisión de Faro de Vigo de editar un diario para Galicia dende Santiago –de momento mantén aparcado o seu proxecto– e co acordo do xornal madrileño *El País* de publicar unha edición para Galicia. As dúas medidas impulsaron cambios que xa estaban en marcha. *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*, que cambiaron de director, renovaron aspectos do xornal e deseñaron programas de actuación a medio prazo. As outras cabeceiras tamén decidiron axustes nos seus produtos e nas liñas de futuro. Todo isto produciuse mentres se confirmaba a relativa estabilización nas cifras de difusión –cunha lixeira tendencia á baixa– e se mantiña a edición en castelán, sen apenas conquistas no emprego da nosa lingua nos espazos impresos que dende os seus comezos se editan en castelán. Nos últimos dous anos o galego gaña posicións grazas ás novas cabeceiras. A *A Nosa Terra* –de periodicidade semanal– e *Galicia Hoxe* –de periodicidade diaria– debemos sumar nos últimos alentos de 2006 a chegada de *LV –De Luns a Venres–*, unha publicación que, como o seu propio nome indica, ve a luz de luns a venres nas grandes cidades galegas. As súas principais novidades: estar integramente escrita en galego e ser de difusión gratuíta. Precisamente será a gratuidade a novidade máis importante que acompañe as novas cabeceiras aparecidas no último bienio.

O panorama dos medios impresos galegos de pago mudou pouco nos últimos dous anos, o cal non deixa de ser significativo. Nun momento en que se agudizan os agoiros da morte do papel fronte ao formato electrónico e, pola súa vez, o deceso do pago fronte aos gratuítos, é relevante que en Galicia se manteña con leves modificacións o mapa de diarios impresos tradicionais. Juan Varela, de Periodistas 21, é un dos voceiros desta longa crónica dunha que considera morte anunciada. El afirma que «la prensa de pago se muere. Irremediablemente. El diario en papel sobrevivirá pero

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 62

sólo como un producto elitista y de nichos. El futuro es digital pero no es cuestión de soporte, es un cambio estructural como no ocurría desde la aparición de la prensa a finales del siglo XIX». Fronte a isto, o informe *New Print Productsk,* da WAN –organización mundial da prensa que asegura representar a 18 000 xornais en todo o mundo– sinala que, contrariamente á opinión máis difundida, o número de periódicos non parou de medrar nos últimos cinco anos. Con todo, afirman que unha serie de cambios profundos e perturbadores están a obrigar os editores a reconsiderar a maneira de chegar ao mercado. Segundo a WAN, en 2005 o número total de títulos de diarios de pago en todo o mundo acadou a cifra de 10 000 por primeira vez na historia, empurrado por un crecemento constante do 13% dende 2001, cando existían 8930 diarios de pago. Poderiamos indicar que Galicia segue, ao seu propio ritmo, esta tendencia. Mantense o número de cabeceiras –o núcleo xira arredor de trece diarios de información xeral, un semanario de información xeral e un diario de información deportiva–, mantense a difusión, actualízase o deseño e anúncianse proxectos de futuro. Esta radiografía, aínda que real, esconde anuncios de proxectos que mostran síntomas de tempos de cambios. De momento, a edición para Galicia de *El País* está xa nos puntos de venda e a redefinición de estratexias emprendida por todas as empresas dará froitos a curto prazo. Os datos apuntan a que estamos ante o comezo dunha reordenación que guiará a tecnoloxía dixital –os cambios no ámbito audiovisual– e a propia reestruturación das compañías, aconsellada esta última polas tendencias económicas no campo da comunicación.

Esta reordenación que se presume farase nun país en que non hai síntomas dunha tendencia ao incremento na difusión, nun escenario con importante presenza xa das edicións propias das principais cabeceiras dos diarios gratuítos e cun mercado de publicacións periódicas con moitas cabeceiras pero poucas vendas –ningunha está controlada por algún dos principais organismos que controlan a difusión e a audiencia–. As vendas dos diarios galegos que controla a Oficina de Justificación da Difusión[1] non supera os 200 000 exemplares –os datos do ano 2005 suman 189 443 exemplares–, mentres as dos diarios de Madrid con distribución en Galicia superan lixeiramente os 50 000 exemplares –51 258 exemplares–. Os medios de Madrid, aínda que teñen unha reducida presenza, van gañando pequeniñas cotas de mercado mediante edicións ou alianzas con medios galegos –é o caso de *El Mundo* con *El Correo Gallego,* que fai que se entreguen conxuntamente os dous diarios polo prezo dun e que a difusión compute para o xornal madrileño.

1. A Oficina de Justificación de la Difusión (OJD) é unha división de información e publicacións encargada da realización e verificación das cifras de difusión das publicacións que venden os seus exemplares a terceiros a través de distintas canles.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 63

Difusión da prensa galega nos anos 2004-2005

CABECEIRA	2004	2005	Evolución
La Voz de Galicia	105 032	103 399	-1633
Faro de Vigo	42 031	41 637	-394
El Progreso	15 042	15 447	+405
La Región	11 739	11 146	-593
Diario de Pontevedra	6771	6932	+161
La Opinión A Coruña	6557	6289	-268
Atlántico Diario	4000	4593	+593

Difusión da prensa de Madrid en Galicia

CABECEIRA	2001	2005	Evolución
ABC	5843	6954	+1111
El Mundo	21 433	21 739	+306
El País	19 377	19 595	+218
La Razón	3222	2970	-252

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de OJD

Neste escenario e cunha nova etapa por diante, o xornal *La Voz de Galicia*, agora con Xosé Luís Vilela como director –quen relevou a Bieito Rubido–, mantense non só como a principal cabeceira, con maior difusión e audiencia, senón como o buque insignia dun grupo que diversificou e que ten vontade de intervir en todos os ámbitos da comunicación no noso país (prensa, radio, televisión e internet). Os datos indican que lidera con facilidade os sectores da prensa e dos cibermedios, pero está nunha postura débil no escenario radiofónico e na televisión teremos que agardar ao comezo das emisións –de momento segue facendo produtos, a maioría para Televisión de Galicia–. A súa experiencia na edición do xornal e a súa aposta pola información de proximidade danlle bos resultados nun mercado en que compite cos diarios locais de cada demarcación e agora coa edición galega de *El País*.

Faro de Vigo mantén o seu liderado na provincia de Pontevedra e está firme como segundo diario de Galicia por difusión. Na terceira posición está *El Correo Gallego* grazas á súa alianza con *El Mundo* como fórmula para reforzar a súa incidencia no conxunto de Galicia –a súa difusión computa para *El Mundo*, pero pode medirse polos datos territorializados de OJD–. *El Progreso* e *La Región* ocupan os postos cuarto e quinto, mantendo con claridade o primeiro posto nas súas res-

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 64

pectivas demarcacións, mentres *Diario de Pontevedra* segue medrando na capital do Lérez e *La Opinión* e *Atlántico Diario* buscan consolidar posicións nos respectivos mercados.

Dos diarios que non teñen sometida a súa difusión ao control de OJD, todos continúan ensaiando fórmulas para mellorar posicións nos lugares de edición –é o caso de *Diario de Arousa*, *Diario de Ferrol, El Ideal Gallego, El Ideal Gallego-Diario de Bergantiños* e *Galicia HoxeG.* Este último, que segue sendo o único diario de pago en galego, trata de chegar ao conxunto de Galicia con propostas informativas innovadoras e distintas das que fan a maioría das cabeceiras, e con colaboradores ilustres e con forte tirón persoal –é o caso da incorporación de Xosé Manuel Beiras Torrado, que achegou interesantes traballos de análise e opinión.

Ademais das cabeceiras existentes dende hai anos, que emprenderon distintas melloras para afrontar os novos desafíos –no período analizado debemos destacar o cambio de deseño e organización do produto de *Tempos Novos,* publicación de periodicidade mensual dirixida por Luís Álvarez Pousa–, tamén debemos facer fincapé no nacemento dunha nova aposta informativa de carácter especializado. En novembro de 2006, o Grupo El Progreso sacaba á rúa *Nova6,* o primeiro xornal económico galego de periodicidade mensual e formato periódico.

A IRRUPCIÓN DA PRENSA GRATUÍTA

Se o informe da WAN salientaba o leve crecemento no número de diarios de pago no mundo, recoñece que a verdadeira eclosión tivo lugar no eido da prensa de balde. Así, sinala que a difusión total de diarios gratuítos en todo o mundo duplicouse entre 2001 e 2005 e pasou de 12 millóns de exemplares en 2001 a 28 millóns en 2005, o que implica un incremento de máis dun 137%. En Galicia, a irrupción da prensa gratuíta produciuse en 2006. Este ano marca o nacemento de *Qué!* (18 de xaneiro), *ADN* (1 de marzo), *Tierras de Santiago* (26 de setembro) e *LV* (21 de decembro). Estas cabeceiras súmanse á cabeceira pioneira en prensa gratuíta en España, *20 Minutos*, e a *Metro Directo*, que en xaneiro de 2006 estendía o seu ámbito de distribución galego a Ourense, Pontevedra e Lugo. Así, en Galicia, *Metro Directo* distribúe diariamente na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo un total de 35 734 exemplares. O diario *Qué!* aparecía en Vigo e na Coruña, a mesma distribución que aplicaría varios meses despois *ADN*. Esta é unha cabeceira lanzada polo Grupo Planeta e seis grupos de prensa rexional, entre eles *La Voz de Galicia*. O xornalista José Luis Pando dirixe a edición galega de *ADN*, unha cabeceira de 32 páxinas que, igual que o resto das cabeceiras desta natureza, conta cun deseño que permite dous niveis de lectura, un rápido baseado nos titulares e principais claves da noticia e outro máis demorado que abrangue o contido completo. Con todo, a lectura presenta unha media de vinte minutos. Precisamente así se denomina a cabeceira líder de prensa gratuíta en España que, segundo o Estudo Xeral de Medios, lideraba a audiencia dos diarios entre outubro de 2005 e maio de 2006. Con 2,4 millóns de lectores e un abismal incremento con respecto ao ano anterior, *20 Minutos* logrou poñerse por diante, e nesta orde su-

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 65

cesiva, de *Marca, El País, Qué!, Metro Directo, El Mundo, ADN, As e ABC*. En Galicia o número de exemplares distribuídos ao día é de 54 521, o que o sitúa en segundo lugar de distribución na comunidade atrás dos case sesenta mil exemplares de *Qué!*

Pola súa importancia ao se trataren de iniciativas estritamente galegas, debemos sinalar o nacemento de dúas cabeceiras, *Tierras de Santiago*, do Grupo El Correo Gallego, e *LV*, de El Progreso, que se suman así a *La Voz de Galicia* no seu intento de competir polo mercado da prensa gratuíta. *Tierras de Santiago* é un semanario de balde que sae á rúa cada martes con información de referencia para a área compostelá. Distribúe un total de 30 000 exemplares en 24 municipios das provincias da Coruña e Pontevedra e, segundo a propia cabeceira, «edítase para 200 000 lectores potenciais da bisbarra e 100 000 máis en Santiago». Coordinada polo xornalista Juan Salgado, o proxecto xornalístico é bilingüe. *LV*, nacida na última semana de 2006, é o resultado dunha aposta do grupo El Progreso pola información en lingua propia. Supón desta maneira a primeira cabeceira gratuíta que se publica integramente en galego de luns a venres cunha tiraxe aproximada de 50 000 exemplares distribuídos nas sete grandes cidades galegas. Así, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol son testemuñas do traballo dirixido polo xornalista lugués Alfonso Álvarez Riveiro, marcado pola información contada dende aquí na lingua de aquí.

A estes xornais gratuítos deberemos sumarlles outros moitos de periodicidade non diaria que ven a luz nas principais áreas metropolitanas galegas. É o caso de *Mañá en xogo*. Esta cabeceira botaba a andar en Lugo no mes de outubro. A actualidade deportiva entendida como a información de mañá e non de hoxe provoca que esta cabeceira saia os venres cunha tiraxe de 3000 exemplares para toda a provincia de Lugo e subscritores de toda Galicia. Tamén no ámbito deportivo, o Celta de Vigo vén de sacar unha cabeceira de balde que dá conta da información do equipo quincenalmente, naquelas datas en que o equipo xoga en Balaídos. A estas debemos engadir outras publicacións gratuítas que aparecen espalladas por toda a xeografía galega. Moitas delas son especializadas tematicamente (publicacións escolares, agrarias, culturais, voceiros de grupos políticos locais ou asociacións de veciños, axenda local, etc.) ou espacialmente con distribución e temas centrados en determinados concellos ou bisbarras. Segundo a base de datos do Arquivo de Medios de Galicia, máis do 75% das publicacións galegas rexistradas son de carácter gratuíto, porcentaxe que se eleva ata o 84% se contabilizamos aquelas das que non consta o prezo, o cal nos sinala o seu peso no espectro comunicativo galego. Entre as moitas apostas informativas desta índole podemos citar: *Foro, Página XXI, Metropolitano, El Periódico de Arteixo, A Peneira, Sil Ano 2000* ou *Xistral*.

Tal e como se percibe no cadro posterior, e sen que por cuestións cronolóxicas apareza aínda *LV*, o número de exemplares distribuídos por día en Galicia da prensa gratuíta supera, cos seus 204 132 exemplares de xuño de 2006, a distribución da prensa de pago en Galicia (que roldaba os 190 000 exemplares) e a dos diarios de Madrid, con máis de 51 000 exemplares distribuídos en Galicia. Se sumamos os 50 000 novos exemplares de *LV* poderemos concluír que, a finais de 2006 en Galicia, a prensa de distribución gratuíta –en edición propia ou edicións de cabeceiras

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 66

foráneas– supera xa a distribución de prensa de pago. Este dato resulta especialmente significativo se temos en conta que, no bienio anterior, este fenómeno non só non se daba, senón que nin sequera podiamos anunciar o seu nacemento. Esta apreciación afecta ao impacto *numérico* da tiraxe; cousa diferente sería a valoración de contidos, criterios de calidade ou a súa influencia á hora de crear opinión, aspectos que requirirían unha análise de seu.

Distribución da prensa gratuíta en Galicia (xullo 2005–xuño 2006)

Xornal	Número de exemplares distribuídos por día		
	A Coruña	Vigo	Total Galicia
ADN	24 853	29 317	54 170
Metro Directo			35 734
Qué!	29 862	29 845	59 707
20 Minutos	26 846	27 675	54 521
Totais	81 561	86 837	204 132

Fonte: OJD–Información e Control de Publicacións

As publicacións locais en Galicia

Paralelamente a unha radiografía practicamente inmóbil dos diarios galegos de pago no último bienio e á irrupción da prensa gratuíta no escenario mediático galego debemos tomar nota da boa saúde das publicacións locais en Galicia. Cando o espazo comunicativo tende a converxer cara a un todo global, o que poderiamos considerar o seu contrario, o local, lonxe de debilitarse, experimenta tamén un forte desenvolvemento. O que deu en chamarse como *glocalización* recoñece a convivencia e consolidación simultánea de ambos os fenómenos. En Galicia, o ámbito local define as apostas e a vertebración dun sistema mediático organizado en delegacións repartidas polos distintos puntos da xeografía galega. Pero, ademais delas, completa a paisaxe comunicativa galega unha longa listaxe de iniciativas cunha vocación exclusivamente localista. O espallamento da poboación unido a unhas infraestruturas comunicativas non optimamente desenvolvidas son algunhas das circunstancias que explican en boa medida este fenómeno.

Segundo os datos do Observatorio de Comunicación Local, unha das liñas de traballo do Arquivo da Comunicación de Galicia do Consello da Cultura Galega, un 48,7% das publicacións periódicas galegas teñen unha distribución no ámbito de barrio, local, comarcal ou parroquial, por oposición a un 51,3%, cunha difusión provincial, galega, estatal ou internacional, aínda que estes datos debemos tomalos con precaución, pola fraxilidade que caracteriza estes microespazos, nos que as publicacións desaparecen, rexorden ou son substituídas por outras novas con certa frecuencia[2].

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 67

En liñas xerais, o perfil da publicación periódica local en Galicia é o dunha revista escolar, de periodicidade anual e escrita en lingua galega[3]. Os principais editores de publicacións periódicas en Galicia son as institucións públicas, que están detrás dun 54,45% das publicacións, mentres que un 45,54% son de titularidade privada. Os centros educativos, os concellos, os museos locais e as fundacións públicas representan os principais promotores públicos, mentres que no ámbito do privado, destaca o esforzo que levan a cabo as asociacións culturais, os clubs deportivos ou os partidos políticos.

Gráfico 1. As publicacións periódicas galegas segundo a temática



Outra serie de riscos axúdannos a coñecer un pouco máis do panorama das publicacións locais en Galicia:

- Localización. A meirande parte delas edítanse na provincia da Coruña (un 42,8%), seguida de Pontevedra (un 34%), Lugo (un 13,1%) e Ourense (o 9,9% restante).

- Periodicidade. Predomina o longo prazo na elaboración e saída á rúa deste tipo de publicacións. A meirande parte delas son anuais (un 37,2%), o que concorda co período de tempo dun curso escolar, ao longo do que mestres e alumnos se implican na elaboración destes traballos. A estas séguenlles en número as publicacións mensuais (un 14,1%) e as trimestrais (un 11,7%), pero tamén amosan unha presenza relevante aquelas de periodicidade irregular (un 9,6%). Pola contra, as mi-

2. No presente texto, trabállase con datos actualizados en decembro de 2006, que forman parte da base de datos do Arquivo de Comunicación do Consello da Cultura Galega, o cal consta na actualidade de 2096 rexistros, dos que cada un deles se corresponde cunha publicación periódica editada en Galicia.

3. En contraposición á prensa diaria galega, escrita toda ela en castelán a excepción de *Galicia Hoxe*, neste tipo de publicacións é moi superior o emprego do galego, lingua única nun 61,2% dos casos. Pola contra, só un 10,9% das publicacións empregan de xeito exclusivo o castelán, mentres que nos casos restantes dáse unha combinación en diversas proporcións de ambas as linguas.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 68

noritarias son as de periodicidade semanal e diaria, dado que se trata de produtos que non contan cos recursos nin coa demanda suficiente como para renovarse con tanta asiduidade.

- Economía. O seu financiamento sostense, na maioría dos casos, grazas ás subvencións, seguidas do financiamento interno –moi importante para as publicacións parroquiais, por exemplo– e, en terceiro lugar, da publicidade.

- Lectores. Un 72,6% das publicacións diríxense a un público universal e, de xeito minoritario, a colectivos, empresas, asociacións e institucións.

- Contidos. Cabe destacar o predominio da información (52,5%) sobre a opinión (3,9%), a literatura (26,5%), os gráficos (1,5%) ou outro tipo de contidos (15%). Resulta de interese salientar que son minoritarias aquelas que contan con editorial (41,4%), a respecto do 58,6% que carecen deste artigo de posición por parte da publicación.

- Tecnoloxía. O emprego das novas tecnoloxías por parte deste tipo de publicacións fundaméntase no emprego do correo electrónico (un 33,2% dispoñen deste) e dunha páxina web (o 32,4% contan con ela), que serve máis como plataforma das actividades da entidade editora que para a difusión da revista. De feito, menos do 1% dispoñen dunha edición electrónica.

A tendencia apunta a que o local seguirá a medrar e a consolidarse como espazo comunicativo nos próximos tempos. Proba disto é o continuo crecemento que experimenta o sector. Así, xunto ás publicacións locais máis lonxevas, como *Heraldo de Vivero* (dende 1912), *La Voz de Ortigueira* (nacida en 1916) ou *La comarca del Eo* (1919), xorden novas iniciativas tanto por parte de grandes grupos de comunicación[4] como de pequenas entidades[5]. O local favorece a identidade fronte á uniformización que trae a globalización, contribúe a fortalecer os vencellos da comunidade e da súa cultura. Por iso, resulta enriquecedor que proliferen este tipo de publicacións, inda que sería desexable que moitas delas saísen da situación de fraxilidade en que se atopan e chegasen a consolidarse como actores locais normalizados.

A INFORMACIÓN CULTURAL EN GALICIA

Unha vez establecida esta breve panorámica xeral, no presente informe analizaremos especialmente as actuacións no campo que máis preocupa ao Consello da Cultura Galega, é dicir, a información cultural, tanto nos suplementos como nas publicacións especializadas que configuran o mapa de cabeceiras culturais galegas.

4. Caso da xa citada prensa de balde.

5. Neste senso, cómpre sinalar o nacemento de *Prensa de Las Mariñas*, publicación mensual gratuíta fundada en 2005, que en maio pasou a ser *El Periódico de As Mariñas*, nacida da man de Boutique de la Comunicación, tamén editora dende 2003 doutro xornal local, *El Periódico de Arteixo*.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 69

OS SUPLEMENTOS CULTURAIS NA PRENSA ESCRITA GALEGA

Os xornais galegos manteñen nos últimos anos unha estratexia de diversificación e especialización de contidos, baseada na publicación de suplementos temáticos, nun espectro de temas que abrangue dende os centrados no mundo da economía, a educación ou a sociedade ata a cultura e o ocio. Deste xeito, practicamente todos os xornais teñen cadanseu suplemento onde insiren e condensan contidos culturais. Estes caderniños, todos con paxinación independente do resto do xornal e con numeración propia, son de publicación semanal e regular. A maior parte teñen como data de saída días próximos á fin de semana, momento en que os lectores dispoñen de máis tempo para dedicarlle ao xornal unha lectura repousada.

Con todo, cómpre establecer outras diferenciacións. É importante definir o que entendemos por cultura (e asemade o que os xornais entenden). A información cultural áchase moitas veces nun terreo fronteirizo escasamente delimitado doutros contidos máis vinculados ao ocio ou á actualidade de tipo social, e noutros momentos tende a confundirse con contidos publicitarios, ligados ás industrias culturais ou ás propias promocións do xornal. No caso dos suplementos, aínda que moitas veces poidan servir de contedor publicitario, quizais a delimitación máis importante que debemos facer é a que existe entre a cultura e o ocio. Existen xornais (*La Voz*, *Faro de Vigo*, *Galicia Hoxe* e, ultimamente, a edición galega de *El País*) que realizan esta diferenciación dende o comezo, contando cun suplemento estritamente cultural (*Culturas*, *Faro da Cultura*, *Saber.es*, *Revista das Letras, Luces*) e outro con contidos que podemos englobar baixo a epígrafe de «ocio» (*Fugas*, *Visado*, *El Sábado*, *Hoxe Venres*). Outros, en cambio, optan por presentar ambas as temáticas nun mesmo produto (*Diario de Ferrol*: *Nordesía*, ou *Diario de Arousa*: *Arousa, un mar de cultura*). E as demais cabeceiras (*Diario de Pontevedra*, *El Ideal Gallego*) prefiren escoller contidos máis lixeiros e vinculados á cultura de masas, deixando a un lado os dedicados á cultura máis académica ou institucional (*É Venres*, *De Marcha*, *Galerías*).

En canto á lingua en que se producen estes contidos, o certo é que predomina o castelán, con algunhas importantes excepcións que debemos salientar. *O Faro da Cultura*, do *Faro*, *Luces*, da edición galega de *El País*, e mais a *Revista das Letras* e *Hoxe Venres*, de *Galicia Hoxe*, publícanse integramente no noso idioma, constituíndo algúns dos espazos de meirande difusión da lingua galega cada semana dende hai varios anos. Noutros suplementos, bilingües, o galego é maioritario (*Nordesía*) ou presenta unhas porcentaxes de uso elevadas (*ElCorreo2*, *Culturas*, *El Sábado, Arousa, un mar de cultura*). No resto, a súa presenza é testemuñal ou, directamente, non existe. En moitos casos, isto é debido a que o suplemento é realizado a base de contidos externos ao xornal, procedentes de axencias case sempre de fóra de Galicia. Así, nos casos de *É Venres* ou *De Marcha* son escasos os contidos propios inseridos nos xornais, limitándose o traballo dos seus coordinadores a un labor de selección e composición de materiais producidos noutros centros.

Os contidos culturais publicados nos suplementos específicos achegan un valor cualitativo sobre as informacións inseridas día a día no corpo do xornal ou simplemente aumentan cuantita-

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 70

tivamente o número de pezas publicadas, sen achegarlle maior profundidade ou reflexión á actualidade diaria? De igual xeito debemos preguntarnos sobre se os suplementos culturais acaban converténdose en contedores de calquera tipo de contido relacionado coas industrias culturais, o ocio e os temas chamados de *life-style*, ou se se converten nunha coartada que xustifica a levidade e escaso peso cualitativo das seccións de cultura dos xornais galegos. A este respecto o *Faro da Cultura* representa un exemplo de boas maneiras: combina a reflexión e o debate cultural, levado a cabo polos propios creadores, cun espazo reservado á industria cultural, exclusivamente galega, consistente na publicación de referencias e críticas sobre novidades literarias, exposicións e obras de teatro. Mentres, o *Culturas* parte da mesma concepción que o suplemento do *Faro*: a combinación de reflexión e información de actualidade. Porén, o suplemento de *La Voz de Galicia* empréstalle unha atención moito menor á cultura galega. Pola súa banda, a *Revista das Letras* opta por presentacións monográficas e por converter o propio suplemento nun vehículo non só de información cultural, senón de creación cultural, coa publicación de textos inéditos; deste xeito, a *Revista das Letras* permanece aberta aos novos creadores e aos novos xeitos de expresión. Finalmente, *Luces* achega todos os venres aos lectores galegos de *El País* seis páxinas de cultura con contidos e lingua estritamente propios, habitualmente enmarcados baixo unha idea temática global.

Pero a meirande parte destes suplementos opta por unha definición de cultura máis vinculada ás industrias culturais e de ocio. As seccións e suplementos culturais fican convertidas en baúis de todo tipo de contidos non estritamente culturais, que abranguen dende as viaxes ata a gastronomía ou a moda, o que nos últimos tempos se veu coñecendo como *estilo de vida* e que acadou un enorme éxito nos países anglosaxóns. Isto, unido á consideración da cultura como entretemento e como evasión, que fai primar a atención ás creacións formularias, de consumo rápido e altamente publicitadas, provoca a desnaturalización destes espazos.

Que papel teñen as industrias culturais galegas neste panorama? Do mesmo xeito hai que preguntarse: Que espazo ten a cultura galega en xeral nos suplementos culturais da prensa do noso país? En primeiro lugar habería que preocuparse por definir que é e que se entende por *cultura galega*. En Galicia a complexidade do termo «cultura» é maior dada a confluencia de distintos planos superpostos na configuración da identidade cultural. Asemade, os aspectos locais son penetrados en profundidade e configurados por influencias sociais que se xeran a gran distancia deles. En todo caso, pódese afirmar que os medios de comunicación do noso país emprestan unha atención moi escasa á cultura ou aos produtos culturais galegos ou feitos en Galicia. Así, podemos afirmar que practicamente todos os xornais galegos teñen o seu centro fóra de Galicia e miran a Galicia dende fóra, dende o seu centro (Madrid). Deste xeito, só teñen entrada nos seus temarios as iniciativas culturais que chegan a Galicia dende os circuítos estatais ou as manifestacións culturais galegas que son quen de superar o Padornelo e logran facerse un oco no panorama estatal.

Perante o escaso espazo que en xeral os xornais galegos dedican á información cultural, valorando este aspecto tanto en termos cuantitativos (poucas páxinas) como cualitativos (escasa presenza nas portadas, colocación das seccións de cultura na segunda metade do xornal...), cabe-

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 71

ría pensar que os suplementos culturais poderían compensar esa falla de atención. Evidentemente estes espazos complementan e enriquecen as seccións de cultura dos medios achegando un valor non só cuantitativo. Poren, agás algúns poucos exemplos, nestes caderniños non teñen cabida a reflexión, o debate, a creación, a crítica especializada, as entrevistas en profundidade ou as grandes reportaxes de investigación. En moitas ocasións estes suplementos repiten as deficiencias presentadas polas páxinas culturais publicadas diariamente: preferencia pola cultura-noticia e a cultura-acontecemento, concepción da cultura *unicamente* como ocio e entretemento, atracción polos produtos formularios e de consumo rápido dos grandes actores das industrias culturais e escasa atención prestada á cultura galega e aos seus creadores e empresas, tomando decote como centro e referente a cultura producida e consumida na capital do Estado. Con todo, os espazos están creados e só é necesaria a presenza de vontade e ideas entre os coordinadores destes suplementos e, sobre todo, entre os responsables dos medios de comunicación escritos para que esta situación mude e que as excepcións hoxe existentes se convertan en norma e referente.

A ESPECIALIZACIÓN: PUBLICACIÓNS CULTURAIS EN GALICIA

En canto á especialización temática, o panorama das publicacións culturais en Galicia é máis que aceptable en termos cuantitativos, xa que podemos constatar que existen moitas e moi diversas. O problema vén dado pola fraxilidade, a insularidade e a desconexión entre as distintas iniciativas. Así o poñen de manifesto os fondos do Arquivo de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Son moitas as revistas e boletíns que morren antes de cumprir o seu primeiro ano ou que adoptan unha periodicidade variable e irregular non debido a unha decisión previa, senón ás dificultades que atopan para publicar cada número. Esta debilidade ten como consecuencia, ademais, formatos modestos, tiraxe e distribución moi limitadas e, polo tanto, unha escasa visibilidade social. Aquí atopamos unha das debilidades das publicacións culturais galegas: fermosas intencións, elaborados discursos teóricos, mais pobres resultados prácticos, ou que cando menos non se manteñen no tempo, morrendo moitas iniciativas no seu primeiro número (ou mesmo nos «números 0»). Do mesmo xeito, a gran maioría son gratuítas e só existen uns poucos exemplos de publicacións fortes, consolidadas e con vocación comercial. O voluntarismo de asociacións culturais e concellos está detrás da maior parte das iniciativas, o que repercute directamente na súa periodicidade irregular e na escasa ambición nos contidos, aspectos estes paliados en gran parte polo traballo arreo dos seus promotores, que ven nestas publicacións un bo instrumento de difusión cultural. Precisamente para loitar contra esta situación precaria, o xornalista Xoán Barro afirma que edita a finais de 2006 a revista de cultura e comunicación *Serendipia*. Así, esta publicación aparece, segundo os seus promotores, «para profesionalizar o sector e recuperar a fotoilustración». A publicación, da editorial Dardos, é bilingüe e conta cun carácter bimensual. Tamén a finais de mes nace *GPS* (*Galicia por Seccións*), un *magazine* bimestral de actualidade, información, lecer e cultura dirixida polo xornalista Germán Rodríguez.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 72

Inevitablemente, as publicacións culturais editadas en Galicia cumpren tamén un papel de dinamizadoras da lingua e cultura galegas. A meirande parte delas publícanse integramente na nosa lingua, ou cando menos na súa maior parte. Porén, a súa febleza supón igualmente unha debilidade para a lingua galega, que ve como o que podería ser un fabuloso medio de expresión e de difusión do idioma queda limitado pola escasa distribución destas publicacións e pola súa efémera vida en moitos casos.

Segundo a base de datos de publicacións periódicas do Arquivo de Comunicación, actualmente existen en Galicia un total de 363 publicacións especializadas no ámbito cultural e outras 464 son de carácter escolar con temática preferentemente cultural. Este é un número considerable, xa que a base consta de 2096 rexistros, o que nos permite afirmar que, en total, o 41% das publicacións editadas en Galicia están especializadas en cultura, das cales o 17% son estritamente culturais. Debemos matizar que excluímos desta base as cabeceiras xeralistas diarias e, xa que logo, as súas páxinas e suplementos culturais. Sen dúbida, estas son en si mesmas merecedoras doutra análise pormenorizada, xa que a súa penetración e difusión resultan evidentes.

Entre as publicacións nacidas no último ano obsérvase unha continuidade nas tendencias apuntadas anteriormente. Non se advirte un fortalecemento dos procesos de distribución nin podemos falar de progresos na conformación dunha estrutura estable de publicacións culturais galegas, interconectadas e que se enriquezan e promovan reciprocamente. En realidade, no último bienio asistimos á aparición dun feixe de publicacións illadas, que responden a cada un dos modelos anunciados previamente. A este respecto, cómpre salientar o nacemento da bimestral *Naz-on*, publicación con peso específico (3000 exemplares de tiraxe e un prezo de seis euros), estrutura empresarial asentada e obxectivo de xeración de discursos dentro do escenario cultural galego. Mais de novo se trata dunha iniciativa illada, de difícil continuidade e con escasa difusión social. En consecuencia, as pequenas asociacións e grupos de interese seguen sendo os grandes dinamizadores da cultura galega, tamén no ámbito das publicacións. Nos últimos meses asistimos ao nacemento de, por exemplo, *Brinquedia,* editada pola Rede Galega do Xogo Tradicional; *A Cruxía*, da asociación Rompetimóns de Carril; ou *SY*, boletín da Asociación Cultural Amigos da Sala Yago. Asemade, foi importante a publicación do primeiro número de *A praza das letras*, revista editada pola Consellaría de Cultura, de interesante contido e coidado deseño. O proxecto da consellaría asume como obxectivo declarado «crear un espazo de relación que poida xuntar esforzos e impulsar outro tipo de iniciativas, tanto públicas coma privadas, que se produzan sobre todos os soportes arredor do libro», e afirma que «a web será a acción principal que agrupe todas as actuacións independentes».

Resulta moi importante a función social que cumpren as publicacións culturais, grandes ou pequenas, locais, de ámbito galego ou internacional. Quizais, e a xeito de nova declaración de intencións, podemos quedarnos cos obxectivos presentados polo *fanzine* sadense *Sadamasoquista,* que recentemente presentou o seu primeiro número: «Promover a participación no ámbito cultural de modo alternativo partindo da propia xuventude, colaborar con outras asociacións e institucións locais e provinciais para ofrecer vías alternativas de ocio e tempo libre e optimizar o panorama cultu-

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 73

ral da localidade de Sada». Podemos afirmar, polo tanto, que se as debilidades e os perigos para a continuidade destas publicacións residen na insularidade e no illamento, é no forte asentamento local e no traballo nas súas respectivas comunidades, xeográficas e temáticas onde descubrimos a súa fortaleza e as súas opcións de futuro. É aí onde cómpre incidir, no traballo local, mais cunha visión galega e interconectado con iniciativas semellantes que funcionan e sobreviven, con máis ou menos dificultades, noutros concellos. Neste aspecto as novas tecnoloxías, e especialmente a internet, poden axudar en gran medida á posta en común destas experiencias e á creación de sinerxías, para a creación de estruturas estables de distribución, difusión e promoción e de partillamento de contidos.

Conclusións xerais

Todos os diarios galegos están empeñados na renovación dos seus produtos, coa introducción de distintos axustes nos contidos e actualizacións no deseño, pero sen grandes proxectos para repensar o propio xornal como concepto e o xornal como actor dun país coas características de Galicia e a súa situación actual. Hai, pois, importantes debates pendentes que terán que preceder calquera decisión que implique cambios que supoñan revulsivos para vencer os desafíos e conquistar o futuro. Á espera desas decisións, os xornais tratan de informar do que acontece no país coa maior amplitude e calidade, obxectivos que non sempre acadan.

Do que non cabe dúbida é de que o panorama dos medios impresos está moi «alterado» e que a competencia entre cabeceiras aumenta. O motivo: a presenza dos diarios de distribución de balde de ámbito estatal e a aparición dun diario galego e en galego (*LV*, *De Luns a Venres*). As cabeceiras de pago manteñen os seus mercados, con pequenas variacións, e tentan resistir as distintas iniciativas que lles poden afectar. Con todo, os datos apuntan a que estamos nunha fase de «tránsito» que posiblemente desembocará nunha reordenación de espazos de cada cabeceira –tanto de pago como de distribución gratuíta– en función da aceptación que acade cada un dos produtos que teñen no mercado. Tamén se mantén a vitalidade da prensa comarcal, con moitas cabeceiras que aparecen e desaparecen. Pero neste terreo entra con forza a distribución gratuíta, que xa caracteriza a gran maioría das cabeceiras. Estas publicacións conviven en medios impresos escolares, de barrio... Os datos do Arquivo da Comunicación de Galicia do Consello da Cultura Galega indican que un 48,7% das publicacións periódicas galegas teñen unha distribución no ámbito do barrio, local, comarcal ou parroquial, por oposición a un 51,3% cunha difusión provincial, galega, estatal ou internacional, aínda que estes datos debemos tomalos con precaución pola fraxilidade que caracteriza estes microespazos, nos que as publicacións desaparecen, rexorden ou son substituídas por outras novas con certa frecuencia.

No panorama xeral destas publicacións de proximidade, convén destacar que o perfil da publicación periódica local en Galicia é o dunha revista escolar, de periodicidade anual e escrita en lingua galega. Os principais editores de publicacións periódicas en Galicia son as institucións

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 74

públicas, que están detrás dun 54,45% das publicacións, mentres que un 45,54% son de titularidade privada. Os centros educativos, os concellos, os museos locais e as fundacións públicas representan os principais promotores públicos, mentres que no ámbito do privado destaca o esforzo que levan a cabo as asociacións culturais, os clubs deportivos ou os partidos políticos. Hai, polo tanto, un importante dinamismo neste eido.

No que se refire aos suplementos culturais e ás publicacións especializadas en cultura, existen importantes iniciativas, pero hai campo para mellorar, porque do estudo do panorama dedúcese que a maioría dos medios prestan escasa atención á cultura ou aos produtos culturais galegos ou feitos en Galicia. Os medios teñen, pois, un campo importante para experimentar, para incrementar o compromiso co país e para establecer novos diálogos cos algúns dos sectores máis dinámicos da cidadanía.

En canto ás publicacións culturais, cumpren un papel moi importante, pero teñen unha posición de debilidade e loitan constantemente pola supervivencia. Con todo, resultan un elo básico para fortalecer a dinamización da cultura galega.

En definitiva, no panorama dos medios impresos galegos hai unha gran diversidade de modelos e un amplo territorio para experimentar e avanzar no compromiso co país. E poden facelo, cadaquén no seu ámbito, nun escenario de grandes transformacións para o conxunto do hipersector da comunicación.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 75

ANEXO

A información que se subministra procede dos cuestionarios referidos a: modelo de organización, empresas, facturación, principais accións do bienio 2004-2006 e proxectos de futuro, tal e como foron facilitados polas distintas empresas. Cómpre especificar que se remitiron a todas as cabeceiras galegas de edición diaria. Aquí só constan aquelas que, efectivamente, remitiron os datos solicitados.

ATLÁNTICO DIARIO

EMPRESAS QUE CONFORMAN O GRUPO

Rías Baixas Comunicación S.A. (Atlántico Diario), Telemiño S.A. e La Región Internacional.

MODELO DE ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE

Grupo de comunicación cunha estrutura interna baseada nas sinerxías e especializado na información do sur de Galicia e na comunidade emigrante. Produtos que ten en marcha o grupo: os xornais *La Región*, *Atlántico Diario* e *La Región Internacional*, así como a TV local ourensá Tele Miño.

Facturación nos últimos cinco anos (Atlántico, en millóns de euros)

2001	2002	2003	2004	2005
3,09	2,82	3,09	3,36	3,60

PRINCIPAIS ACCIÓNS NOS ANOS 2004, 2005 E NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2006

No ano 2004 ponse en marcha o Foro Atlántico, un marco de debate polo que pasan relevantes personaxes da actualidade. Todo o xornal empeza a ser arquivado en formato dixital. Entre outras promocións, distribúense grandes biografías e guías de cidades europeas, así como unha campaña de protección do monte. No ano 2005 créase a páxina web corporativa de Atlántico. Edítase unha *Guía náutica das Rías Baixas*, en fascículos. Remata a renovación completa do sistema informático de xestión. En xaneiro e marzo de 2006 prodúcese unha ampla reforma da Redacción.

PROXECTOS DE FUTURO

- Continuar estendendo a implantación e mais a influencia de Atlántico Diario en Galicia.
- Poñer en funcionamento unha televisión dixital terrestre de ámbito local.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 76

CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA

EMPRESA MATRIZ DO GRUPO

La Voz de Galicia.

PRODUTOS

Segundo a información do seu sitio web, a Corporación Voz conta coa cabeceira de prensa diaria *La Voz de Galicia*, *Diario de León* (participada pola Corporación Voz nun 84%), Radio Voz (oito emisoras que ofrecen programación propia as 24 horas do día), Voz Audiovisual (desenvolvemento e produción de series de ficción, programas de entretemento, *tvmovies*, películas e documentais), Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre (que inclúe a Escola de Medios de La Voz de Galicia), a empresa demoscópica Sondaxe e a sociedade de contidos dixitais Canal Voz.

Facturación nos últimos cinco anos

2001	2002	2003	2004	2005
97 924 388 euros	96 231 385 euros	98 839 548 euros	100 802 843 euros	103 152 109 euros

PRINCIPAIS ACCIÓNS NOS ANOS 2004, 2005 E NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2006

Posta en marcha do diario *ADN*, a través da editora Página Cero Local, participada nun 60% pola Corporación Voz e nun 40% por Planeta Medios Impresos. A nova sociedade enmárcase na editorial Página Cero, de ámbito nacional, na que as porcentaxes se inverten: Planeta é propietaria do 60% e o resto pertence aos grupos rexionais que se uniron para o proxecto: Corporación Voz, Joly de Andalucía, Promotor Salmantino, Heraldo de Aragón, Serra de Baleares e La Información de Navarra, repartido a partes iguais (6,66%).

A Corporación Voz obtivo unha das concesións da TDT autonómica en Galicia. A sociedade que a xestiona é Medios Digitales de Galicia S.A. Xa foi aprobado o proxecto técnico e nestes momentos prepara o estudo arquitectónico.

PROXECTOS DE FUTURO (CURTO E MEDIO PRAZO)

Comezo da emisión da TDT.

GRUPO CORREO GALLEGO

EMPRESA MATRIZ

Grupo Correo Gallego.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 77

PRODUTOS

Segundo indica o seu sitio web, o Grupo Correo Gallego conta con diferentes ámbitos de actuación. Por unha parte está a Editorial Compostela, que engloba os xornais *El Correo Gallego*, *Galicia Hoxe* e o semanario gratuíto *Tierras de Santiago*. O Grupo Correo Gallego tamén optou pola dimensión audiovisual e creou Telecable Compostela, que ofrece Radio Obradoiro, a produtora Telecable Compostela e Correo TV. Edicións Correo encárgase das actividades de artes gráficas e composición de textos, e, finalmente, Anova Multiconsulting dedícase a servizos como feiras, congresos, accións formativas, folletos e estudos de mercado e opinión.

Datos auditados de facturación do grupo

2001	2002	2003	2004	2005
19 205 026 euros	22 328 765 euros	22 384 873 euros	24 557 199 euros	28 266 210 euros

PROXECTOS

- Consolidar o xornal *El Correo Gallego* nas catro provincias galegas (xa é o segundo en difusión provincial despois de *La Voz*).
- Potenciar a presenza en Galicia de *Galicia Hoxe*, único diario en galego da nosa terra.
- Multiplicar a difusión de Radio Obradoiro vía internet e con novos postes radiantes en Galicia.
- Presentar novos proxectos para ampliar a presenza do audiovisual dentro e fóra de Galicia (teñen como base as series *Libro de Familia* e *Pratos Combinados*, récord de audiencia na TVG).
- Continuar a política de publicacións relacionadas con temas de interese para Galicia.
- Continuar potenciando o papel de Anova Multiconsulting nos estudos de mercado galegos.
- Modernizar o Centro de Edición do Polígono do Tambre e dar un salto cualitativo nos sistemas informáticos de edición e impresión.

GRUPO LA CAPITAL

NOME DE TODAS AS EMPRESAS

El Ideal Gallego, Diario de Arousa, Diario de Ferrol, Deporte Campeón, Diario de Bergantiños.

PRINCIPAIS ACCIÓNS 2004-2006

- Innovación de contidos e redeseño de todos os xornais do grupo.
- Creación de dous museos da comunicación: na Coruña (sede do grupo) e en Ferrol (na sede de *Diario de Ferrol*).
- Organización dos Foros de Economía de *El Ideal Gallego* e *Diario de Ferrol* en colaboración coa Universidade da Coruña e a Consellaría de Economía.
- Conferencias do vicepresidente da Xunta e outros altos cargos do Goberno galego.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 78

- Organización das seguintes mesas redondas en *Diario de Arousa*: Lei de comercio interior, política de vivenda e nova política forestal e vitivinícola, coa presenza dos conselleiros do sector.

EL PROGRESO

PRINCIPAIS ACCIÓNS 2004-2006

- Edicións semanais: *Ribeira Sacra* e *A Chaira,* 16 páxinas a cor que só se distribúe nesas comarcas inseparablemente de *El Progreso*.

- Sección semanal de debates en *Opinión*, centrada en temas de actualidade e preferentemente locais. Ábrese en www.elprogreso.es á opinión e o debate dos lectores en base a dúas opinións enfrontadas na edición de papel.

- Foro: recolle en papel, os luns, unha selección de opinións dos lectores en www.elprogreso.es durante a semana.

- Táboa redonda: elección polos internautas de elprogreso.es do libro e autor galego do ano.

- Deportista do ano: elección polos lectores de elprogreso.es e na edición en papel dos deportistas lucenses do ano.

- As noticias do ano: con tres propostas de cada unha das seccións do periódico, os lectores de www.elprogreso.es e da edición impresa elixen as noticias e os personaxes do ano en Lugo, Galicia, España, Mundo, Cultura e Deporte e o personaxe do ano (decembro).

Como grupo:

Posta en marcha de *LV*, *De Luns a Venres*, *Nova6* e galiciagastronomica (portal de gastronomía e alimentación de Galicia na internet).

LA REGIÓN

EMPRESA MATRIZ DO GRUPO E NOME DE TODAS AS EMPRESAS. MODELO DE ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE

GRUPO LA REGIÓN



cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 79

PRODUTOS

- Xornal *La Región* (Ourense).
- *La Region Internacional* (España e estranxeiro).
- *Atlantico Diario* (Vigo).
- *Auria*: revista cultural de Ourense.
- Web La Región-La región Internacional.

Facturación nos últimos cinco anos

2002	2003	2004	2005	2006
16 474 116 euros	16 400 977 euros	19 790 114 euros	17 748 058 euros	17 907 250 euros

PRINCIPAIS ACCIÓNS NOS ANOS 2004, 2005 E NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2006. PROXECTOS DE FUTURO (CURTO E MEDIO PRAZO)

- Modernización, tanto en deseño como en proceso produtivo, do xornal *La Región*.
- Modernización do proceso produtivo de *Atlántico Diario*.
- Ofensiva comercial de *La Región Internacional*.
- Desenvolvemento de emisoras locais de televisión en emisión dixital nas demarcacións do sur de Galicia: Monforte, Valdeorras, Verín, Ourense e O Carballiño, Ponteareas e Vigo.
- Xeración e explotación comercial de varias páxinas web propias.

cap_02_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 80

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 81

A RADIO EN GALICIA

XOSÉ RAMÓN POUSA
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCIÓN

O 2004-2006 foi un bo bienio para os números da radio, especialmente no que se refire á súa audiencia, aínda que non o foi tanto para a humanidade, que viviu traxedias de ámbito global, como a guerra de Iraq ou o atentado do 11-M en Madrid, e continuou sufrindo as secuelas da catástrofe do *Prestige*, traxedia de ámbito galego e alcance europeo con importante repercusión ecolóxica. Ademais, houbo eleccións xerais en 2004 e autonómicas en 2005. Todos estes acontecementos crisparon o ambiente político, caldearon os ánimos do país, cambiaron gobernos e influíron decisivamente na penetración, na recuperación da audiencia e mesmo nos resultados económicos do medio radiofónico.

2. A RADIO EN GALICIA

2.1. CAMBIOS POLÍTICOS E EMPRESARIAIS

As 88 horas transcorridas entre o 11 e o 14 de marzo de 2004 pasarán á historia como outra das datas míticas na audiencia radiofónica, como foi a do 23 de febreiro de 1981. A nivel de Estado, especialmente en 2005, o medio radiofónico sufriu convulsións provocadas pola crise do sector mediático do PP, liderado por Telefónica, e a entrada de novos operadores. En Galicia, cun sector radiofónico subsidiario e sen personalidade propia, notáronse as repercusións destes movementos empresariais, namentres a Xunta de Fraga se despedía sen desenvolver o mapa da paralizada Radio Dixital e a recente chegada de Touriño confirmaba o parón definitivo deste novo modelo. Na radio pública a novidade máis importante foi a posta en marcha das programacións musicais da Radio Galega.

O cambio político producido o 14 de marzo de 2004 puxo fin ao ciclo de oito anos da política radiofónica desenvolvida por Aznar, unha actuación dirixida a corrixir a primacía do Grupo Prisa na radio, fomentando a «pluralidade» mediante a concesión das 350 últimas emisoras que pechaban o dial da radio en FM e o establecemento dun novo, raquítico e polémico marco para a radio dixital, con outras 12 licenzas en DAB. Máis que reforzar a pluralidade, as novas concesións

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 82

estableceron un complexo sistema de medios proclives ao Goberno baixo o patrocinio dunha Telefónica que non aturaría por moito tempo o tirón.

Co fomento de novos operadores alleos á industria dos contidos, como o caso de Telefónica, pretendíase romper un mercado radiofónico claramente dominado en todo o Estado por tres cadeas: SER, COPE e Onda Cero Radio, controladas respectivamente por Prisa, a Conferencia Episcopal e a ONCE. Neste período 2004-2006, a SER e a COPE conservaron intactas a súas estruturas, namentres que Onda Cero pasaba do impulso alimentado dende a esfera política do PP e instrumentalizado por Telefónica a unha situación en 2004 de ruptura próxima á quebra económica. A irrupción no panorama radiofónico doutros dous novos operadores, o Grupo Planeta, que se fai cargo de Antena 3 TV e en consecuencia de Onda Cero, e a do Grupo Vocento, importante accionista de Telecinco que lanza Punto Radio, provocaron non só o nacemento dunha nova cadea, senón a ruptura do Grupo Onda Cero Radio, coa saída de dous importantes operadores: Onda Rambla e Radio Blanca.

A COPE –máxima beneficiaria da crise de Onda Cero– aproveita o momento non só para mellorar a súa audiencia e cifras de negocio, senón para afianzar o peso abraiante da Conferencia Episcopal, que compra a Planeta o 10,4% das accións da cadea, o único paquete de importancia que non estaba nas súas mans e que lles permite aos bispos o control do 59% do capital. O 42% restante está bastante fraccionado entre ordes relixiosas, caixas de aforros e profesionais da cadea.

2.1.1. Repercusións en Galicia

Os movementos no mapa radiofónico español tiveron repercusión en Galicia. Fundamentalmente a crise de Onda Cero provocou a modificación dos acordos establecidos anteriormente entre Telefónica e o Grupo Voz, o que limitou a presenza de Onda Cero en Galicia e se traduciu, a cambio, na recuperación da cadea galega Radio Voz, limitada en 2002 ás emisoras da Coruña, Vigo e Ourense, e que recuperou os anteriores folgos de tentar converterse na primeira cadea convencional de capital galego incorporando de novo as emisoras de Ferrol, Bergantiños, Lugo, Santiago e Pontevedra. A fórmula musical Europa FM, que explotaba o Grupo Voz na Estrada (Santiago), Ferrol, Vigo, Tui e Lalín, pasa a ser explotada pola empresa de Planeta, que incorpora unha nova frecuencia en Ourense.

En setembro de 2004 o Grupo Vocento irrompe no mercado radiofónico galego co seu novo produto Punto Radio, liderado polo locutor-estrela Luis del Olmo. A falta de emisoras propias, acode á fórmula de «federación de emisoras», que lle permite a asociación coa galega Cadena Noroeste, coñecida pola súa marca Radio Líder e que, xunto a un reducido número de emisoras propias e frecuencias non legalizadas, emitía en asociación con 15 emisoras municipais que prestaban a súa frecuencia á emisora comercial, algo expresamente prohibido pola lei, constituíndo un dos exemplos paradigmáticos da desregulamentación da radio en Galicia.

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 83

A hiperinflacción lexislativa, os conflitos que xeran as emisoras legais, unidos aos problemas de financiamento e ao proceso de concentración empresarial para poñer orde no sector radiofónico reflicten a necesidade de condensar as normas e as leis relativas á radiodifusión, como son: o Estatuto da radio e da televisión de 1980, a Lei de ordenación das telecomunicacións de 1987, o Plan Técnico de Radiodifusión Sonora en Ondas Métricas, a Lei de organización e control das emisoras municipais de radiodifusión sonora, o Plan Técnico Nacional de Radiodifusión do 1993 e o Plan Técnico de Radiodifusión Dixital de 1999, entre outras disposicións. A simplificación desta complexidade lexislativa é unha necesidade reclamada polo sector.

O certo é que toda esta regulamentación non serviu para suprimir as emisoras alegais, considerado o primeiro problema do sector en España e que provoca centos de denuncias anuais ante a indiferenza dos gobernos central e autonómicos como o galego, que deixan podrecer a situación desta situación que podemos comparar ao «top manta» da radio. Moitas destas emisoras alegais, non concedidas polo Goberno galego, figuran inclusive en textos oficiais, como a *Guía da comunicación* da Xunta de Galicia, e mesmo percibiron subvencións oficiais.

2.2. O FRACASO DO MODELO DIXITAL

Galicia foi, en 1997, a primeira comunidade autónoma que iniciou as emisións de radiodifusión con tecnoloxía dixital DAB, coa participación da Radio Galega e os fabricantes galegos de telecomunicacións Televés, Intelsis e Egatel. Utilizouse unha rede con capacidade para seis canles de radio e cobertura do 70% do territorio en que se emite a programación da Radio Galega (convencional, Radio Galega Música e Son Galicia) e, dende o 2004, un programa especial en colaboración coa Consellería de Educación e a Fundación ECCA, dirixido á formación dos mozos.

O servizo de radiodifusión sonora DAB distribúese en tres ámbitos, estatal, autonómico e local, sendo o Goberno galego o que ten plenas competencias para a concesión das canles autonómicas, ata un total de 12, e locais, ata 108, correspondendo ao Estado a adxudicación das canles estatais e a responsabilidade da planificación radioeléctrica.

Dende o 2000, están en funcionamento en Galicia 20 canles de radiodifusión DAB, 18 delas concedidas polo Estado e que, no bienio 2004-2006, só tiñan cobertura na área local da Coruña, e 3 canais da Radio Galega, que dispoñen de cobertura nas sete cidades. Estaba prevista para finais de 2004 a extensión da cobertura das canles de ámbito estatal ás localidades de Carballo, Santiago, Monforte, Ourense, Pontevedra e Vilagarcía, circunstancia que aínda non se producira a finais de 2006.

Se o Goberno do PP asumiu o poder criticando a concesión de emisoras radiofónicas polo Goberno tripartito de González Laxe, cando xa tiñan perdidas as eleccións, Fraga despediuse dos 16 anos no poder cun concurso de adxudicación de licenzas de radio e televisión dixital que foi decidido en parecidas circunstancias ao criticado anteriormente. Numerosas organizacións e entidades, como o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), denunciaron a concesión

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 84

das licenzas de radio e televisión dixital por parte da Xunta cando xa está disolvido o Parlamento e a lexislatura rematada: «constitúe un acto antidemocrático de abuso de poder co obxectivo de buscar a blindaxe mediática do partido que goberna».

O CPXG solicita publicamente en maio de 2004 a paralización deste proceso ata que se cree un Consello Superior do Audiovisual de Galicia, independente do poder político, con capacidade para regular o desenvolvemento do sector mediático galego –público e privado– e especialmente todo o referido á concesión de novas licenzas de emisión no novo escenario da radio e da televisión dixitais.

O concurso outorgou as licenzas para a posta en marcha da televisión dixital terrestre, pero deixou en mans do novo Goberno bipartito PSdeG-PSOE-BNG a adxudicación das licenzas de radio dixital. Xusto un ano despois, o Goberno de Emilio Pérez Touriño convocou de novo a concesión de 72 licenzas de radio dixital (DAB), 6 delas de ámbito autonómico, 14 provinciais e as 52 restantes de cobertura local ou comarcal: 21 na Coruña, 10 en Lugo, 6 en Ourense e 15 en Pontevedra. O Goberno galego buscaba adxudicatarios dispostos a respectar a pluralidade informativa, que non fosen propietarios de máis dunha emisora no mesmo ámbito; estarían obrigados a emitir un mínimo de 14 horas diarias, das cales, polo menos, o 50% tería que ser en galego. En maio de 2006 o Goberno bipartito decidiu deixar o concurso definitivamente deserto, alegando que non se daban as condición de mercado para o desenvolvemento da DAB e considerando os custos de produción e distribución do sinal excesivamente caros para o negocio da radio. Decisión que contrasta claramente coa política levada a cabo pola Generalitat de Cataluña, que, a comezos de 2003, foi pioneira na promoción e adxudicación de 12 emisoras con cobertura para todo o país así como de 48 emisoras comarcais e supracomarcais, todas elas en DAB, que comezaron as súas emisións ao longo de 2004 e 2005. Estas 60 emisoras reforzaron a xa notable presenza do idioma e dos contidos propios no sistema radiofónico catalán, que resulta moito máis equilibrado que o galego, onde a redución das «ventás» locais nas grandes cadeas e a medra das emisoras galegas reprodutoras de contidos producidos fóra de Galicia fan que a produción propia continúe á baixa.

2.3. NOVAS CANLES PÚBLICAS

A Radio Galega elixiu o Día das Letras Galegas de 2004 para dar o salto da radio xeralista á radiofórmula coa posta en marcha de dúas novas canles musicais, transmitidas por modulación dixital (DAB), e en *simulcasting* a través das portadoras da televisión dixital terrestre (TDT), de 11 novas frecuencias da FM e a través da web da CRTVG, cubrindo así os principais núcleos urbanos de Galicia. As novas programacións, enteiramente musicais, pretendían complementar o carácter de servizo público da emisora autonómica, dando cabida a gran parte da produción musical que non é programada habitualmente polas emisoras comerciais.

Trátase de dúas fórmulas diferenciadas: Radio Galega Música, que emite ao longo das 24 horas do día toda clase de estilos e ritmos musicais, con ampla presenza da música galega e os

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 85

considerados «éxitos de sempre», ademais de clases para adultos e cursos de galego en horario de 21,00 a 23,00 horas, en virtude dun convenio subscrito coa Consellería de Educación e a Fundación ECCA, ligada aos xesuítas, e que mantén en antena a única emisora educativa que existe en Galicia. Son Galicia, a segunda radiofórmula musical da RG, dedícase exclusivamente á música galega clásica, de bandas populares ou de agrupacións corais.

As dúas novas canles públicas, xunto á programación integramente musical, manteñen as emisións dos programas habituais de música inseridos na programación convencional da Radio Galega, como *Estudio 3*, *Lume na palleira*, *Así canta Galicia*, *Clásicos na sobremesa* e *Os directos da Galega*.

A entrada no poder do Goberno bipartito, a mediados do 2005, supuxo cambios na cúpula directiva da Radio Galega, e iniciouse unha tímida remodelación da programación que non se faría palpable ata o seguinte ano.

2.4. MOMENTOS BAIXOS PARA A RADIO MUNICIPAL

A radio municipal vive entre 2004 e 2006 momentos baixos, coa incorporación a cadeas comerciais e coa desaparición de boa parte das 45 emisoras públicas locais que xa estaban en funcionamento no ano 2000. En xuño de 2006 o número de emisoras en activo limitábase a 25 en funcionamento real, segundo un traballo académico presentado na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela pola doutoranda Ledicia Trillo. Namentres unhas emisoras abandonaron directamente a emisión por falta de presuposto ou polos cambios na política municipal producidos polas eleccións de 2003, outras pasaron a ceder o seu dial a cadeas comerciais. Así desapareceron do mapa as emisoras de Pontedeume, Fisterra, Corcubión, A Pobra do Caramiñal, Touro, Rianxo, Ames, Val do Dubra e Noia, na provincia da Coruña; das Nogais, O Valadouro, Cervo e O Vicedo, en Lugo; do Carballiño e Maceda, en Ourense; e do Salnés, O Porriño, Cangas, Catoira, O Grove, Poio e Silleda, na provincia de Pontevedra. O Consello da Xunta outorgou en 2001 catro novas concesións provisionais a outros tantos concellos galegos: Caldas de Reis, Sobrado, A Guarda e A Pobra do Brollón, que non chegaron a entrar en funcionamento.

A radio municipal nunca tivo boa saúde en Galicia. O fenómeno comezou a mediados da década dos oitenta coa posta en marcha –de forma clandestina– de Radio Fene e Radio Louro (O Porriño). Con todo, a primeira experiencia de radio municipal no noso país data de 1980: Radio As Mariñas comeza a emitir no concello coruñés de Oleiros na medianoite do 25 de xullo e, setenta minutos despois, é clausurada pola Garda Civil dada a falta dun regulamento xurídico neste tipo de emisións. Ata 1991 non se aproba a Lei de organización e control das emisoras municipais.

Arestora funcionan en Galicia 25 emisoras que se poden denominar municipais, a maior parte delas (24) integradas en EMUGA (Emisoras Municipais Galegas). Un movemento xurdido a finais dos oitenta, semellante ao que existe en Andalucía, Cataluña e Aragón, liderado polo director de Radio Fene, Henrique Sanfiz, fixo un grande esforzo por lle dar cohesión ao modelo galego

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 86

de radios municipais públicas, especialmente na produción de espazos radiofónicos comúns que poidan ser emitidos conxuntamente por todas as emisoras asociadas, reducindo custos de produción e elevando a calidade. Neste sentido, cabe destacar o Proxecto Radio Fusión, financiado pola Deputación da Coruña, e que foi desenvolvido ao longo de 2005, cunha produción de espazos informativos centralizada en Santiago e distribuída gratuitamente aos asociados. A falta de continuidade no financiamento e a mesma dificultade de coordinación dunha rede tan pouco homoxénea como a das radios municipais botaron a perder, polo menos momentaneamente, a experiencia.

2.5. AS AUDIENCIAS

A mediados de 2006, segundo o acumulado do período outubro 2005-maio 2006 do Estudo Xeral de Medios, escoitaban a radio 1 364 000 galegos maiores de 14 anos, dos cales 799 000 optaban pola programación xeralista e os 590 000 restantes seguían as radiofórmulas. Como en ocasións anteriores, a Cadena SER obtiña case que a metade da audiencia da radio convencional, con 353 000 seguidores; a Radio Galega recollía o seu primeiro incremento de audiencia tras o cambio político, con 174 000 seguidores diarios, incluíndo neste caso a aínda cativa audiencia das fórmulas musicais; Onda Cero situábase de terceira con 108 000 seguidores; a continuación, a programación convencional de Radio Nacional de España, con 78 000 oíntes, e, a gran distancia, Radio Voz con apenas 26 000 seguidores.

3. CONCLUSIÓNS

No bienio 2004-2006 o sistema radiofónico galego continuou reflectindo o fracaso da política de comunicación dos diferentes gobernos galegos na definición dun modelo ao servizo do país e dos intereses dos cidadáns. Fronte a uns medios escritos consolidados e maioritariamente co centro de produción, información e valoración das noticias en Galicia, a radiodifusión galega presenta unhas características inversas. Os contidos seguen a ser producidos maioritariamente fóra de Galicia e cunha visión allea dos acontecementos; a produción galega –local fundamentalmente– redúcese cada ano máis e as emisoras son meros repetidores de contidos alleos, con todo o que supón isto para a utilización do galego, que ve limitada a súa presenza nun terreo que non debería representar ningún obstáculo.

No plano das emisións públicas, a Radio Galega recupera timidamente o seu papel de servizo público, coa posta en marcha de dúas novas programacións, neste caso radiofórmulas musicais, mentres a radio municipal debilita a súa presenza pechando emisións ou, o que é peor, entregando o seu espazo de comunicación a cadeas que non elaboran contidos locais e que só buscan mercados para os seus contidos publicitarios.

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 87

En canto á planificación dun novo marco dixital, tanto o Goberno saínte como o entrante desbotan a posibilidade de creación dun novo marco dixital, que daría pé á presenza de novos operadores, de novos contidos e de novas linguaxes radiofónicas. Esta posición sintoniza coa pasmona inactividade dos medios públicos e a pasividade dos privados e contrasta coas directrices da Unión Europea para o desenvolvemento da DAB, materializada no exemplo da BBC británica. Mentres a radio pública languidece na súa propia crise de financiamento, as empresas tradicionais do sector privado, cómodas co actual mercado e temerosas da irrupciónde novos operadores, non parecen dispostas a investir e arriscar máis na elaboración dos seus produtos.

Namentres os poderes públicos miran para outro lado, o dial galego, como o español, con certa similitude ao que acontece no sector inmobiliario, énchese de emisoras alegais, de emisoras públicas que cambian de función, o que ofrece un panorama caótico que en nada favorece o desenvolvemento do sector e a súa evolución cara a parámetros homologables que fagan da radio o que podería ser o primeiro medio de comunicación para un país con tantos problemas culturais, idiomáticos e mesmo infraestruturais como presenta Galicia.

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 88

BIBLIOGRAFÍA

AA.VV. (1997), *Digital and the future of radio*, IBC Technical Services, Londres.

AA.VV. *Boletín Fundesco*, «Las tecnologías de información en radio: proceso de innovación, repercusiones y escenarios de futuro», (XII-1989); «El provenir tecnológico de la radio española», (VI-1991).

BISSIO, Robert (2001), *Internet y la comunicación democrática*, IPS, Helsinki.

FAUS BELAU, A. (1995), *La radiotelevisión ante el futuro tecnológico*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Navarra.

FERNÁNDEZ HERMANA, Luís Ángel (1998), *En.red ando*, SIneQuaNon, Barcelona.

MARTÍNEZ COSTA, María del Pilar (1997), *La radio en la era digital*, El País-Aguilar.

POUSA ESTÉVEZ, Xosé Ramón, *Informe anual de la profesión periodística &radio 2003, 2004, 2005*, Ed. Asociación de la Prensa de Madrid.

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 89

Emisoras municipais galegas en activo

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Arteixo	Foz	Allariz	A Estrada
Arzúa	Monforte		Lalín
Betanzos	Quiroga		Ponteareas
Boiro			Redondela
Boqueixón			Tui
Carral			Valga
Cerceda			
Culleredo			
Fene			
Melide			
Negreira			
Oleiros			
Ordes			
As Pontes			
Sada			

Audiencia da radio xeralista en Galicia

	TOTAL	Total oíntes	Xeralista	Onda Cero	Radio Galega	SER	Radio Voz	RN1	COPE
	2415	1364	799	108	174	353	26	78	—*
Homes	1156	728	466	68	93	214	13	49	—
Mulleres	1259	636	333	40	81	139	13	29	—
Ama casa	948	463	312	37	72	131	12	31	—
C. familia	952	553	391	45	85	182	9	41	—
Outros	796	487	193	35	38	85	8	18	—
C. social alta	160	111	83	19	8	42	1	9	—

cap_03_v2.qxd 25/6/07 18:00 Página 90

	TOTAL	Total oíntes	Xeralista	Onda Cero	Radio Galega	SER	Radio Voz	RN1	COPE
Media-alta	339	223	129	18	19	68	5	17	—
Media-media	1039	615	342	54	72	155	12	24	—
Media-baixa	711	354	200	15	57	78	7	21	—
Baixa	167	61	45	3	18	11	—	7	—
14 a 19	158	88	18	5	2	6	1	1	—
20 a 24	183	117	39	7	3	20	—	—	—
25 a 34	450	301	113	15	24	60	7	8	—
35 a 44	401	241	132	28	27	55	6	13	—
45 a 54	356	218	156	25	28	73	4	20	—
55 a 64	317	170	151	15	40	67	5	11	—
65 e +	552	227	190	13	50	73	4	25	—
Casado	1395	775	518	71	119	223	14	49	—
Divorciado	61	30	15	1	2	9	1	1	—
Viúvo	189	73	62	4	21	25	1	7	—
Solteiro	770	486	204	32	32	95	11	21	—
Non sabe ler	22	3	3	—	1	—	—	0	—
Sen estudos	81	23	17	—	6	8	—	2	—
E. primarios	516	231	150	13	50	46	5	17	—
Bach. elemental	845	456	254	23	69	104	6	24	—
E. secundaria	605	403	217	38	29	117	8	18	—
Tit. medio	158	113	72	15	9	37	4	9	—
Licenciado	189	134	86	19	10	41	3	8	—

* A COPE foi excluída en 2006 do Estudo Xeral de Medios

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 91

A TELEVISIÓN EN GALICIA: ACTUALIDADE E PREVISIÓN DE FUTURO

XAIME FANDIÑO ALONSO
ALBERTO DAFONTE GÓMEZ
Universidade de Vigo

PRESENTACIÓN

Nos últimos dous anos producíronse numerosos cambios dentro do sector televisivo en Galicia que condicionarán, sen dúbida, o futuro panorama audiovisual da nosa Comunidade.

Neste senso cabe destacar, entre outros, o relevo dos cargos á fronte da CRTVG motivados polo cambio de Goberno producido en 2005, coa conseguinte renovación da programación e imaxe da canle, e tamén a concesión de licenzas de televisión dixital terrestre, tanto de ámbito autonómico como local, que marcarán o desenvolvemento futuro da televisión en Galicia.

Destes e doutros acontecementos falaremos nas seguintes páxinas do presente estudo, que pretende ser unha rápida aproximación ao medio televisivo en Galicia nos últimos anos.

1. INTRODUCIÓN

Este último bienio seguramente pasará á historia da comunicación televisiva en España como un dos máis axitados dende que o 28 de outubro de 1956 comezasen as emisións de TVE (Palacio, 2005).

Durante os cincuenta anos de percorrido da televisión en España fóronse sucedendo distintos eventos tecnolóxicos que cualitativamente afectaron á percepción das imaxes consumidas polos televidentes, tales como a transición das emisións do branco e negro á cor ou a incipiente renovación tecnolóxica que conseguía migrar da electromecánica á electrónica, factor que influiría de forma definitiva na miniaturización das tecnoloxías da produción. Un exemplo desta transición aplicada aos medios de produción sería a aparición dos primeiros *camcorders* como unidade autónoma estandarizada para o rexistro das imaxes.

Todos estes cambios só significan melloras que afectan ás tecnoloxías de produción ou distribución do sinal; a única diferenza cualitativa que vivimos estivo relacionada coa aparición da

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 92

segunda canle da TVE utilizando as frecuencias de UHF. Pero non foi ata mediados dos anos oitenta, ao abeiro da lei da terceira canle, cando realmente se produce un cambio substantivo no panorama audiovisual, dando entrada a unha nova era que altera o anquilosado monopolio audiovisual exercido ata ese momento pola TVE.

A partir deste momento asistiremos a unha crecente proliferación de emisoras nas comunidades autónomas que pronto se organizarán nun órgano superior, a FORTA. Unidas baixo estas siglas –doutro modo sería imposible– sitúanse nos mercados internacionais con sinais de identidade dun potente grupo capaz de negociar coas *majors* e outros axentes os dereitos de emisión de produtos audiovisuais para cada un dos territorios das autonomías e competir por estes dereitos en oposición á ata o momento hexemónica TVE.

Nos noventa, ao amparo da televisión privada, nacerán tres novas canles analóxicas, televisión comercial ou televisión publicitaria (Bustamante, 1999); dúas en aberto (Telecinco e Antena 3) e unha codificada (Canal Plus), que alterarán o *statu quo* hexemónico que viña mantendo a televisión pública. Por primeira vez algúns espectadores, cousa inaudita ata o momento no país, pagarán por ver unha única canle cuxa oferta se basea nunha estratexia apoiada no fútbol e no cinema.

Dende o principio dos noventa, unha vez conformado o escenario en que participan as emisoras que vimos de relatar, practicamente non suceden eventos demasiado significativos que alteren o equilibrio das cadeas unha vez estabilizada a súa cota de partición no mercado, salvo puntuais variacións debidas a fenómenos programáticos de moita relevancia como *Gran Hermano* ou *Operación Triunfo*.

Agora, dende o principio do novo milenio, si entramos nunha nova era. Comeza a implantación da dixitalización a través de distintos modelos de distribución: satelital, hertziana ou cable, e cunha data de caducidade para as emisións analóxicas, 2010; pero non é realmente ata este último bienio cando ten lugar unha verdadeira explosión que altera de forma substancial o aquilatado e axustado escenario de competencias en que se movían ata o de agora as canles denominadas xeralistas.

Durante estes últimos anos estamos asistindo a eventos tan importantes como a concesión de dúas novas licenzas de televisión analóxica[1] xeralista con cobertura estatal, a concesión de novas canles de televisión dixital terrestre (TDT), a masiva introdución do cable como provedor de contidos televisivos, xunto a outros servizos de valor engadido como a telefonía e a internet, as plataformas de satélite, a perda dos dereitos do fútbol pola FORTA, o plan de saneamento coa conseguinte regulación do cadro de persoal da televisión pública estatal TVE...

A presenza de novas emisoras xeralistas de televisión provoca unha maior oferta que implica de forma directa unha fragmentación das audiencias descoñecida ata o momento, nun escena-

1. As licenzas analóxicas concédense cando está a piques de producirse o apagamento analóxico nun modelo de distribución en que sempre se afirmou, como escusa para non ofertar concesións de televisión, que o espazo radioeléctrico era limitado.

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 93

rio en que tanto as novas canles analóxicas que recentemente fixeron a súa aparición no mercado, como os apartados destinados a «outras televisións» que aparecen nos informes de audiencias, crecen día a día en detrimento das canles consolidadas. A fragmentación das audiencias provoca que conseguir as cotas de pantalla de hai só un ano sexa hoxe unha utopía.

Na canle autonómica galega a situación é aínda máis difícil se sumamos a todas as complicacións citadas anteriormente o cambio da liña programática e de política de canle que o novo equipo xerente, resultado da coalición de Goberno das últimas eleccións á Xunta de Galicia, está a levar a cabo[2]. Este equipo recolleu a tendencia en caída de audiencia que, polos motivos citados anteriormente, viña rexistrando a anterior dirección, pese a que estaba atrincheirada nunha programación conservadora, segura e nada arriscada, para o que utilizaba unha serie de produtos de longo percorrido (*Luar*, *Supermartes*...), e que contaba ademais ao seu favor coa aposta segura dos dereitos da liga de fútbol, circunstancia que contribuía cada semana ao mantemento dunha audiencia media saudable.

Coa perda da FORTA en 2006 dos dereitos do fútbol, a nova dirección da canle autonómica de Galicia enfróntase a un momento complicado. A estratexia programática da grella dunha cadea é distinta con ou sen fútbol: a pesar de posuír os dereitos deportivos, o fútbol non exerce ningún tipo de vínculo ou fidelización dos públicos coa cadea emisora. As audiencias que se achegan ao fútbol televisado son moi volátiles e non fidelizan. Vemos como antes e despois dos partidos, en tramos de poucos minutos, se incorporan ou se perden milleiros de espectadores.

De todos os modos, o fútbol si foi ata o de agora un complemento fundamental para a consecución de medias estables nas cadeas da FORTA pero, tal e como se perfila o futuro, as televisións autonómicas case seguro que seguirán tendo problemas para acadar e manter estes dereitos tan disputados, polo que necesitarán abordar estratexias máis creativas e innovadoras para conseguir fidelizar as súas audiencias. No caso da TVG, un dos retos para lograr a identificación positiva do groso da cidadanía coa canle terá que pasar seguramente por lograr a incorporación ao consumo habitual das súas emisións dun *target* urbano e de idade activa, un público que perdeu dende hai moitos anos. O aumento de produción propia abordado neste momento e o reto de creación de formatos autóctonos para a grella autonómica non están a darlle, polo de agora, á nova dirección os froitos de audiencia agardados. Son as alternativas que presentan os xestores para, por un lado, consolidar a medio prazo a industria de contidos au-

2. Segundo se pode ver no *Plan de actuación CRTVG e sociedades 2006* (CRTVG, 2006): «Velaí o desafío que se lle presenta a unha nova dirección que coloca como obxectivo principal a idea de que a TVG sexa xeralista, pública e plural... Estas propostas pasan por manter nunha fase inicial a idea firme de respectar os horarios e de que os mencionados programas empezarán a ser rendibles cando se asenten na grella e o novo público que se procura teña noticias da súa existencia. O que nos leva, ademais, a pensar na necesidade de boas campañas de promoción e dun márketing activo».

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 94

diovisuais do país, baseada no interese que espertan na audiencia de Galicia a ficción autóctona e outros produtos de proximidade[3], e, por outro, lograr a incorporación de audiencias ata o momento non fidelizadas debido ao baixo interese que para eses *targets* tiñan ata o de agora os produtos programados de forma habitual pola canle durante moitos anos.

2. A TVG

2.1. EMISIÓN E AUDIENCIA DA TVG POR XÉNEROS

Nos últimos anos producíronse no ámbito español interesantes cambios na oferta de contidos das canles de televisión e na demanda da audiencia de certos xéneros.

A grandes trazos poderiamos falar do éxito das series de ficción de produción nacional a partir da década dos noventa, do auxe dos *reality game* a partir do ano 2000 e do incremento de tempo de emisión dos formatos de entretemento de xeito xeneralizado nas principais canles de ámbito estatal. A tendencia no mercado español reflíctese con certo retardo no mercado galego[4], onde observamos que nos últimos anos decae a emisión de formatos de entretemento[5], mentres que se dispara a de ficción (fundamentalmente series de produción galega), que pasa dun 19,6% sobre o total da emisión en 2000 ao 33,4% rexistrado en 2005, de xeito que máis dun terzo da programación da TVG está configurada por este xénero. Isto significa que pasa de estar notablemente por debaixo da media das canles estatais e autonómicas[6] a situarse, na actualidade, lixeiramente por enriba da media. En concreto entre 2004 e 2005 asistimos a un espectacular incremento de case cinco puntos porcentuais na emisión de ficción.

Os formatos de entretemento, porén, seguen unha tendencia inversa no período 2000-2005, ao pasar dun 27,3% de emisión para a categoría «miscelánea» a un cativo 12,1%.

3. *Libro de familia*, *A vida por diante*, *Pepe o inglés*, etc.

4. Como mostra disto temos que esperar ata 2006 para que a TVG estree o seu primeiro formato de *reality game*: *A casa de 1906*, producida por Continental e Filmanova.

5. Na clasificación por xéneros que realiza EGEDA non figura o xénero «entretemento» como tal, senón que aparece dividido en «miscelánea», «*infoshow*» e «concursos».

6. En 2000, segundo datos de Sofres, a media das canles de ámbito estatal e autonómico en canto á emisión de ficción estaba nun 30,1% sobre o total da emisión.

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 95

Táboa 1. Porcentaxe de emisión por xéneros na TVG

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
culturais	7,8	11,7	12,20	19,30	11,1	9,2
información	25,9	28,3	27,9	29,8	28,1	26,8
outros	1,2	1,3	1,0	1,0	1,3	1,2
miscelánea	27,3	19,9	17,3	12,6	11,5	12,1
infoshow	1,2	1,3	3,3	2,5	0,5	0,2
concursos	3,5	2,8	4,0	4,2	5,3	2,8
deportes	7,5	8,8	8,5	8,0	8,2	8,7
musicais	6,0	7,1	6,5	4,9	5,9	5,6
ficción	19,6	18,8	19,3	25,7	28,1	33,4

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de EGEDA e Observatorio Audiovisual Galego

Á vista dos datos presentados na táboa 1 podemos comprobar que o informativo é un xénero que mantén a súa posición solidamente co paso do tempo mentres que a ficción foi paulatinamente escalando minutos de emisión en detrimento do xénero do entretemento (miscelánea, concursos e *infoshow*), ata converterse en piar fundamental das grellas de programación xunto coa información.

Entre os anos 2002 e 2003 prodúcese un incremento espectacular na emisión de programas catalogados como culturais coincidindo coa celebración do Ano Santo Xacobeo. No entanto, en 2004 e 2005 os formatos culturais non veñen facendo máis que perder notoriamente minutos de emisión na nosa televisión pública.

Non debemos confundir, non obstante, o que a Televisión de Galicia emite co que a audiencia galega ve.

Así, por exemplo, debemos facer notar a correlación existente entre a emisión de informativos e a súa proporción de audiencia; ocorre exactamente o mesmo coa ficción, xénero en que podemos constatar un paulatino aumento do peso que representa dentro do total da audiencia da canle parello ao seu incremento en minutos de emisión.

Táboa 2. Porcentaxe de audiencia por xéneros na TVG

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
culturais	3,4	3,6	3,6	3,1	2,9	3,1
información	29,2	33,0	33,0	29,8	30,5	30,4
outros	0,3	0,2	0,2	0,4	0,2	0,4
miscelánea	14,1	8,1	8,1	4,0	5,0	6,3

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 96

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
infoshow	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,0
concursos	5,5	4,2	4,2	6,3	5,6	4,7
deportes	14,7	15,4	15,4	13,4	12,3	12,0
musicais	12,1	12,0	12,0	11,0	11,2	8,4
ficción	20,6	23,3	23,3	31,8	32,2	34,7

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de EGEDA e Observatorio Audiovisual Galego

Cun saldo positivo nesta relación entre os minutos de emisión dos xéneros e a súa achega á audiencia atopamos os deportes, que representan un maior peso de audiencia que o que supoñen de emisión, e tamén os musicais, representados fundamentalmente por *Luar* nos últimos anos.

Na parte contraria, o xénero «cultural», que ten un escaso peso con respecto ao total da audiencia, presenta un notable déficit en relación cos minutos que se lle conceden de emisión, igual que a «miscelánea», que consideramos subxénero do entretemento e que tamén amosa un escaso poder de congregación en relación cos minutos que se lle conceden.

Comparando as dúas táboas comprobamos que, aínda que polo tempo de emisión dedicado, «ficción», «informativos» e «miscelánea» son os xéneros que gozan de máis minutos –de xeito destacado os dous primeiros e máis parello ao resto «miscelánea»–, cando pasamos a observar a audiencia que achega cada xénero ao total da canle, observamos que os «deportes» se desmarcan e conseguen situarse por detrás de «ficción» e de «informativos» como principais achegas de audiencia da TVG nas últimas tempadas.

2.2. A PRODUCIÓN DOS CONTIDOS NA TVG

No tocante á produción deses contidos, debemos dicir que a canle autonómica ten practicamente externalizada a produción propia nos formatos de ficción e entretemento, e deixa para a produción interna da canle, salvo algunhas excepcións, os contidos relacionados cos servizos informativos e os programas de servizo público. En canto aos servizos informativos, a estrutura territorial da TVG está conformada por unha serie de delegacións informativas repartidas polas principais cidades de Galicia. Ata o de agora estas unidades só producen de forma autónoma pequenas desconexións de novas locais ou dan apoio ás necesidades dos servizos informativos centrais en San Marcos. Cunha articulación máis descentralizada destas unidades informativas, acompañada dunha posible programación autóctona, a TVG podería conseguir maior fidelización por proximidade nesas zonas de cobertura, podendo competir coas televisións de proximidade no ámbito local. Claro que, para lograr esta autonomía, sería necesario dotar estes centros de maior número de recursos tanto técnicos como humanos.

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 97

Por outra banda, dende esta perspectiva da ficción e do entretemento pódese dicir que a TVG funciona como motor da industria audiovisual galega, xa que as principais produtoras do país son as encargadas de abastecer á emisora dos contidos para a súa grella de programación.

Nos últimos anos estanse a incorporar como provedores habituais de contidos para a canle autonómica moitas produtoras compostas por novas formacións nacidas da reunión de equipos de talento que se ocupan de propoñer contidos e que, sen ser propietarios dos medios de produción, utilizan os servizos das empresas consolidadas que dispoñen deles para elaborar os contidos televisivos. Neste senso, tamén é preciso sinalar que se están achegando á produción de contidos televisivos algunhas empresas, como é o caso de Filmanova, que, aínda que ata o momento estaba case exclusivamente vinculada a producións cinematográficas, a partir de 2006 comezou unha liña de produción de programas para a TVG[7].

Porén, o escenario da produción audiovisual galega presenta un importante desequilibrio territorial con gran profusión de empresas de produción e servizos no eixe Santiago-A Coruña fronte a unha cifra moito menos significativa no referente á provincia de Pontevedra. No *Informe do audiovisual galego 2003* aparece claramente reflectido que, mentres na provincia da Coruña están localizadas o 69% das produtoras, na de Pontevedra só aparecen o 26%. Esta situación mantense hoxe practicamente na mesma situación, estable e sen cambios significativos.

A política da TVG pasa, en canto aos contidos de produción externa ou asociada, por «promover o sector audiovisual galego, aínda que despois dunha fase inicial de desenvolvemento cómpre reflexionar sobre a necesidade dun maior equilibrio na nosa política de coproducións. A nova liña de traballo tenderá á procura de máis variedade, máis rotación e máis esixencia de calidade, fundamentada sobre todo na idea de que os encargos deben ser pechados e por tempada» (CRTVG, 2006).

2.3. A EVOLUCIÓN DO NIVEL DE AUDIENCIA DA TVG

No momento de escribir estas liñas a TVG atópase inmersa nun dos maiores cambios na súa programación, se non o maior, dende os primeiros anos da súa posta en marcha[8]. Evidentemente, estes cambios repercuten no nivel de audiencia, que nos últimos meses vén caendo paulatina-

7. *A casa de 1906*, *Somos unha potencia.*

8. Debemos sinalar que este cambio afecta incluso ao logotipo e á identidade visual da canle. O día 25 de setembro de 2006 asistimos a un cambio profundo e estrutural da imaxe visual e corporativa da TVG. Nesta data, desaparece o logotipo que representaba a imaxe de emisora dende a súa fundación no ano 1985 e que só sufrira leves adaptacións ao longo do tempo. O logo orixinal, composto polas siglas da canle no que se mostraba o «v» en forma de gaivota, cámbiase agora por un «G» de cor branca. A TVG aproveita tamén esta ocasión para cambiar a imaxe estética de todos os elementos da identidade gráfica da canle tales como cabeceiras, cortiniñas, ráfagas, etc., así como a imaxe dos informativos.

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 98

mente e sitúa a media de 2006, con datos actualizados que inclúen o mes de agosto, nun 14,2% de *share*. Como podemos observar na gráfica 1, a audiencia media da TVG das últimas tempadas estaba situada nunha franxa entre os 16,5 e os 19 puntos de cota de pantalla e mantiña nos dous últimos anos niveis arredor do 17% de *share*.

Para atopar datos semellantes aos destes primeiros meses de 2006 debemos fixarnos na media obtida pola TVG no ano 1994 –un momento de relevo de cargos coa entrada de Francisco Campos como director xeral da CRTVG e de Arturo Maneiro como director da TVG–, aínda que é preciso contextualizar o momento actual da TVG con respecto ao sector e anos precedentes para comprender mellor os posibles porqués desta caída no nivel de audiencia.

Gráfica 1. Evolución do nivel de audiencia da TVG



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Sofres AM

*Datos de 2006 actualizados en agosto

En primeiro termo temos que aludir ao máis evidente. A actual definición do servizo que a TVG debe prestar implica unha serie de cambios na grella de programación que atenden máis a criterios de rendibilidade social que a criterios de rendibilidade en canto a audiencias. Decisións como incrementar a programación infantil do *Xabarín Club* na franxa de tarde en detrimento doutros espazos ou a estrea de numerosos programas cunha importante compoñente cultural en franxas horarias de *daytime* ou *prime time* (*Miraxes*, *Planeta cine*, *Onda curta*, *Hai debate*, *Alalá*, *Galicia documental*, *Luba TV* ou *Cifras e letras*) son apostas arriscadas en que unha perda de audiencia é algo asumible. Estes cambios na programación responden tamén ao obxectivo declarado de recuperar o espectador urbano de entre 25 e 44 anos, ata o de agora desaparecido da audiencia da TVG, o que implica orientar parte da oferta da canle, centrada ata o de agora no seu perfil de espectador –definido no *Libro Branco do Audiovisual* (Xunta de Galicia, 2005) como «o dunha muller maior de 64 anos, de clase baixa ou medio baixa e dunha localidade de menos de 10 000 habitantes» –, cara a eses públicos minoritarios que teñen dereito a estar representados nunha te-

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 99

levisión pública. Segundo recolle o *Plan de actuación CRTVG e sociedades 2006* (CRTVG, 2006): «Cómpre H.] axeitar a grella a un novo modelo de contidos para que teñan cabida todo tipo de programas (culturais, divulgativos, infantís, xuvenís, etc.) e que TVG deixe de ser unha televisión temática especializada na terceira idade».

En segundo termo, hai que facer tamén alusión ao aumento do número de operadores no mercado televisivo coa aparición de Cuatro e de La Sexta[9], canles xeralistas de emisión analóxica en aberto, que pulan por roubar cota de pantalla ás canles asentadas no mercado e que pouco a pouco o van conseguindo.

Gráfica 2. Evolución das audiencias en Galicia



	2004	2005	2006*
TVE1	21,9	20,0	20,1
LA2	7,5	6,1	5,2
A3	20,0	21,2	20,4
T5	23,9	23,8	22,0
CUATRO		0,9	6,7
LA SEXTA			1,2
TVG	17,4	17,2	14,2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Sofres AM

* Datos actualizados a agosto de 2006

9. Lembremos que a frecuencia analóxica asignada a Canal+ pasou a ser ocupada por Cuatro, canal xeralista de Sogecable en aberto, que comezaba a súa emisión o 7 de novembro de 2005. Posteriormente, La Sexta tamén obtivo unha licenza para emisión analóxica en aberto e comezou a súa emisión o 27 de marzo de 2006.

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 100

Como podemos apreciar na gráfica 2, ata agosto de 2006, ano en que Cuatro está a pleno funcionamento e La Sexta acaba de se introducir no mercado, o incremento na cota de pantalla destas dúas canles, que xuntas suman o 7,9% do *share* medio, coincide cunha caída xeneralizada de audiencia de todos os operadores, salvo TVE1, con respecto a 2005. Aínda que é certo que a TVG cae máis que as súas competidoras, non é menos certo que a conxuntura do mercado coincidiu co gran cambio das grellas de programación da nosa canle pública ao que xa fixemos referencia.

Esta nova situación, na que se prevé un crecemento paulatino da audiencia das novas canles en detrimento das xa asentadas, dificultará sen dúbida, cada vez máis, que tanto a TVG como os outros operadores presentes no mercado galego manteñan os índices de audiencia aos que ata o de agora nos tiñan acostumados. A esta evolución futura do sector cómpre engadirlle as novas concesións de televisión dixital terrestre estatal, autonómica e local, que abordaremos posteriormente, e que contribuirán a fragmentar aínda máis o mercado nos próximos anos.

En último lugar, é necesario tamén facer referencia á perda dos dereitos da liga de fútbol española por parte da FORTA como condicionante clave para os resultados de audiencia de 2006, posto que, como xa vimos anteriormente, os deportes supuxeron nos dous últimos anos arredor do 12% da audiencia total da TVG. Deste xeito, a nova TVG conta cunha importante desvantaxe de partida con respecto a anos anteriores: a perda dun valor seguro en canto á captación de audiencia como é o fútbol, que se vén a sumar ás dúas anteriormente citadas nunha confluencia de circunstancias que impiden a comparación en igualdade con anos precedentes.

2.4. OS ÉXITOS DAS TEMPADAS NA TVG

Atendendo aos datos de Sofres relativos ás tres últimas tempadas (2003/04, 2004/05, 2005/06) no tocante ás 25 emisións más vistas, se distinguimos entre o ránking de emisións máis vistas e o ránking de emisións únicas máis vistas, podemos apreciar pequenas diferenzas entre cada período que de seguro na vindeira tempada serán moito máis acusadas.

Na tempada 2003/04 atopamos 15 emisións de fútbol entre as 25 emisións únicas máis vistas; copan os postos do 1º ao 13º coa excepción das badaladas de fin de ano, que se sitúan no 8º posto. Os demais postos están distribuídos entre os restantes partidos de fútbol, oito emisións de *Luar* e unha de *Pratos combinados* no posto 17º.

Se atendemos a estes mesmos datos, descartando as emisións únicas, e tomamos en conta os programas, deportivos ou non, con polo menos tres emisións, figuraría como líder de audiencia a retransmisión da liga española de fútbol, con 8,9 puntos de *rating* e unha cota de pantalla media do 32,4%; no segundo posto estaría *Luar*, con 8,5 puntos de *rating* e un 29,7% de *share*; no terceiro posto *Rías Baixas*, cun *rating* de 7,3 puntos e un *share* do 18,8%; no cuarto lugar *Galicia noticias*, con 6,7 puntos de *rating* e 33,6% de *share*; e no quinto posto *Pratos combinados*, con 6,7 puntos de *rating* e un *share* do 20,6%.

cap_04_v2.qxd 25/6/07 18:01 Página 101

Na tempada 2004-2005 o fútbol continúa a dominar o ránking das emisión únicas máis vistas: sitúa 14 partidos entre as 25 primeiras e copa os catro primeiros postos. Porén, nesta tempada *Libro de familia* planta cara e consegue situar na lista seis capítulos, tres deles nos postos do 5º ao 7º. *Os Tonechos* ocupan o posto 12º, *Pratos combinados* aparece no 16º e no 22º e *Luar*, pola súa banda, aparece nos postos 18º e 24º.

